

MEMORIA

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA

2010



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA

2010



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



INDICE

Proibido consumir alimentos e bebidas na biblioteca

- 8** **Compromiso e responsabilidade: Carta do Reitor da UDC.**
- 10** **Unha universidade con compromiso social: Carta do Presidente do Consello Social da UDC.**
- 12** **Como é a Memoria RSU da Universidade da Coruña?**

16 **Bloque I. Que somos? Como somos?**

18 **A. Que somos? Natureza da UDC**

19 **B. Como somos? O compromiso social da UDC**

- 20** 1. Que compromisos asume a UDC en materia de RSU?
A misión da UDC
- 21** 2. Que estratexia segue a UDC en materia de RSU?
A visión da UDC
- 23** 3. Como se aplica a estratexia da UDC en materia de RSU?
Os valores da UDC
- 24** 4. Como se despregan os compromisos da UDC en materia de RSU?
 - a. No ámbito da docencia
 - b. No ámbito da I+D+i
 - c. No ámbito da relación universidade-sociedade

25 **C. A estrutura da UDC**

- 25** 1. Campus territorial.
A UDC integrada no territorio
- 26** 2. Campus participativo.
A estrutura de representación da UDC
- 26** 3. Campus docente.
A estrutura académica da UDC

30 **Bloque II. Os grupos de interese da UDC**

34 **Por que os grupos de interese?**

35 **Estudantado**

- 36** 1. Formación complementaria
- 41** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 45** 3. Internacionalización
- 48** 4. Medio
- 50** 5. TIC
- 52** 6. Normalización lingüística
- 53** 7. Comunicación
- 54** 8. Cultura
- 55** 9. Deporte
- 57** 10. Compromiso social
- 59** 11. Actuación social
- 65** 12. Xestión eficiente

66 **Persoal docente e investigador (PDI)**

- 67** 1. Formación complementaria
- 70** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 78** 3. Internacionalización
- 79** 4. Medio
- 80** 5. TIC
- 81** 6. Normalización lingüística
- 82** 7. Comunicación
- 82** 8. Cultura
- 82** 9. Deporte
- 83** 10. Compromiso social
- 85** 11. Actuación social
- 86** 12. Xestión eficiente

91 **Persoal de administración e servizos (PAS)**

- 92** 1. Formación complementaria
- 92** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 93** 3. Internacionalización
- 93** 4. Medio
- 93** 5. TIC
- 95** 6. Normalización lingüística
- 95** 7. Comunicación
- 95** 8. Cultura
- 95** 9. Deporte
- 96** 10. Compromiso social
- 97** 11. Actuación social
- 98** 12. Xestión eficiente

99 **Cidadanía**

- 100** 1. Formación complementaria
- 101** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 102** 3. Internacionalización
- 103** 4. Medio
- 131** 5. TIC
- 132** 6. Normalización lingüística
- 133** 7. Comunicación
- 134** 8. Cultura
- 135** 9. Deporte
- 136** 10. Compromiso social
- 138** 11. Actuación social
- 138** 12. Xestión eficiente

I39 Empresa

- I40** 1. Formación complementaria
- I40** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- I49** 3. Internacionalización
- I49** 4. Medio
- I49** 5. TIC
- I49** 6. Normalización lingüística
- I50** 7. Comunicación
- I50** 8. Cultura
- I50** 9. Deporte
- I51** 10. Compromiso social
- I51** 11. Actuación social
- I51** 12. Xestión eficiente

I52 Administracións públicas

- I53** 1. Formación complementaria
- I53** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- I54** 3. Internacionalización
- I54** 4. Medio
- I54** 5. TIC
- I54** 6. Normalización lingüística
- I55** 7. Comunicación
- I55** 8. Cultura
- I55** 9. Deporte
- I55** 10. Compromiso e actuación social
- I56** 11. Xestión eficiente

I59 Bloque III. Indicadores de Responsabilidade Social Universitaria



COMPROMISO E RESPONSABILIDADE

D. José María Barja, Reitor

A Universidade da Coruña é unha institución nova, innovadora e sensible ao noso contorno social e territorial. Somos unha universidade cun dos mellores niveis de eficiencia na xestión dos recursos públicos, cun alto interese na protección do noso contorno e dos nosos recursos naturais e cun planificado esforzo de integración e de vertebración do territorio.

Estas preocupacións vímolas desenvolvendo desde a nosa creación, pero quixemos facer un esforzo para avaliar as inquietudes dos nosos grupos de interese, internos e externos: estudantado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, provedores, empresas, outras administracións públicas e cidadanía galega en xeral. A todos eles, pensamos que lles debiamos achegar o noso traballo, ao tempo que abrimos unha nova vía de comunicación con esta Memoria de Responsabilidade Social Universitaria.

A presente Memoria pretende ser un exercicio de transparencia e boa gobernanza, que mostre non só algúns aspectos e resultados da nosa xestión, senón que, indo máis alá, reflicta os nosos compromisos voluntarios e actuacións nos ámbitos social, medioambiental e económico, así como o esforzo de achegamento e atención a todos os nosos grupos de interese. É neste sentido no que esta Memoria de Responsabilidade Social Universitaria, complementa e reforza o informe do reitor, pois trátase de moito máis que un documento de rendición de contas.

O noso labor no campo da responsabilidade social está estreitamente vinculado ao noso ámbito propio de actuación. A docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento, o asesoramento científico e profesional e a sensibilización da comunidade universitaria son cuestións esenciais tanto para a formación integral dos nosos grupos de interese, como para a mellor comprensión dos proble-

mas que atrancan o desenvolvemento sostible na nosa organización e no noso contorno.

O novo modelo económico esíxenos unha formación profesional adecuada ás necesidades da economía sustentable e ao mercado laboral, para o que cómpre potenciar sectores innovadores e estimular unha maior colaboración cos sistemas de formación profesional e cos axentes sociais e económicos, sempre co obxectivo de promover un sistema máis flexible, en continua adaptación aos cambios sociais e económicos. Un traballo que na nosa universidade vén da man da responsabilidade social, como o comportamento responsable co que afrontamos o impacto das nosas decisións e actuacións no noso contorno social, económico e medioambiental, así como os seus efectos nos nosos grupos de interese.

Por primeira vez, a Universidade da Coruña publica a súa Memoria de Responsabilidade Social Universitaria, como parte dun proxecto de coincidencia entre as súas accións e a súa política de goberno e estratexia de xestión, implicando non só a comunidade universitaria (o estudantado, o persoal docente e investigador e o persoal da administración e servizos) senón tamén a cidadanía, a Administración pública e as empresas do contorno, como principais grupos do noso interese.

O enfoque da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria xira arredor dos grupos de interese, o que permite chegar a eles de forma máis directa e próxima e facilitar a comunicación.

A Memoria reflicte moitas accións, pero quixera destacar algunha delas, como mostra do noso exercicio de responsabilidade social universitaria. Por exemplo, o pulo da nosa formación curricular, a través da Oficina de Relacións Internacionais, do Centro de Linguas, do Servizo de Normalización Lingüística, da Aula de Formación Informática, da Universidade Sénior ou dos programas de mobilidade.

Tamén o fomento da formación cultural, mediante actividades relacionadas coa literatura, co teatro e coa danza contemporánea, co cinema e a imaxe, coa música clásica ou moderna... Exposicións, obradoiros de fotografía, arte, audicións comentadas, radio, cociña...

Ou a aposta polo deporte, as ligas internas e externas, o deporte individual e colectivo, o deporte federado e as escolas deportivas de formación ou o programa de préstamo de bicicletas.

Na mesma liña vai o compromiso cos proxectos de cooperación ao desenvolvemento, o asociacionismo, o voluntariado (tamén medioambiental) e a igualdade de xénero, a través da Oficina de Cooperación ao Desenvolvemento, da Oficina de Igualdade de Xénero e da Oficina de Medio Ambiente.

A preocupación pola inserción laboral do noso estudantado canalízase a través do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, o Servizo de Orientación Laboral, o Servizo de Autoemprego, o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado, o Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica, o Portal de Emprego, o Observatorio Ocupacional ou a organización da III Feira Europea de Emprego 2.0.

Apoiamos a actividade da nosa comunidade científica e da empresa pública e privada en materia de investigación, desenvolvemento e innovación mediante ferramentas como a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), a Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de Mercados Laborais na UE, os Servizos de Apoio á Investigación, o Parque Tecnolóxico, a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) o Viveiro de Empresas, os institutos universitarios de Investigación, as cátedras empresariais e a Comisión de Publicacións.

Todas estas cuestións e moitas máis aquí recollidas, avalan os nosos compromisos, mantidos no tempo e simbolizados na nosa adhesión, hai xa oito anos, aos Dez Principios do Pacto Mundial da Organización das Nacións Unidas e a nosa incorporación á súa Rede Española.

Por último, quero agradecer o traballo de toda a comunidade universitaria, que é a que permite, co seu traballo diario, poñer en valor as accións que aquí resumimos. Estou seguro de que a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria será valorada e avaliada polos nosos grupos de interese e entendida como o elemento de apoio ao desenvolvemento socioeconómico do noso contorno que pretende ser.



UNHA UNIVERSIDADE CON COMPROMISO SOCIAL

D. Antonio Abril, Presidente do Consello Social

A diferenza da responsabilidade social corporativa ou empresarial, presente na práctica totalidade das empresas, a responsabilidade social das administracións e institucións públicas é unha inquedanza relativamente recente, porque a súa natureza de servizo público e a ausencia de ánimo de lucro, supoñen como primeira derivada que é innecesario calquera compromiso social engadido. Iso explica que, no concreto caso das universidades, a última conferencia mundial de Global Compact – iniciativa de Nacións Unidas para a responsabilidade social – chegase á conclusión de que, fronte á xeralizada implantación da preocupación pola responsabilidade social no ámbito empresarial, as universidades están lonxe aínda de sentir ese compromiso.

Con todo, a evolución natural da demanda social está levando a que se pida rendición de contas do exercicio responsable da súa actividade non só ás organizacións privadas, senón tamén e con absoluta lexitimidade social, ás organizacións públicas.

Limitándonos ás universidades, iso significaría entender que o seu exercicio responsable vai máis aló do desenvolvemento excelente das súas funcións de docencia, investigación e transferencia de resultados. Unha universidade pública, ademais das súas funcións inherentes, ten a responsabilidade de render contas dun uso e xestión eficiente dos recursos dos que se nutre, tanto económicos como ambientais, de escoitar a sociedade e de se adaptar ás súas tendencias e demandas, de se comprometer cos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión, de se entender e cooperar con outros axentes sociais motores do cambio, por exemplo as empresas, de educar en valores, aptitudes e competencias, e non só en coñecementos, aos futuros profesionais e investigadores. En definitiva, ten un importante espazo de desenvolvemento para ir máis aló do puro cumprimento das súas funcións, mantendo a súa esencia e identidade, pero adaptándose ás novas demandas, e, consecuentemente, modernizándose en todos os

aspectos tradicionais e abrindo novos ámbitos de compromiso e cooperación.

Aparece así unha idea de universidade como conxunto de principios e valores éticos, sociais e medioambientais, que asume o reto de os impartir e defender entre todos os seus grupos de interese, poñendo en práctica políticas de busca da calidade e da excelencia, xestión eficiente e participativa, mérito e capacidade, igualdade de oportunidades e non discriminación inxusta, atención ás persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais, equidade de xénero, transparencia e rendición de contas que permita a avaliación de resultados, conciliación da vida laboral e familiar, respecto ao medio ambiente e un longo etcétera na mesma liña, pondo en marcha, ademais, os pertinentes instrumentos formais de responsabilidade social, entre outros: definición de obxectivos de responsabilidade social en plans estratéxicos, plans de cooperación e desenvolvemento, adhesión a iniciativas colectivas de compromiso e defensa da responsabilidade social, promoción de voluntariado social, códigos éticos de conduta e formación transversal en responsabilidade social corporativa e universitaria. Entre estes instrumentos, ocupará un lugar de honra o seu reporte ou memoria de responsabilidade social.

En definitiva, integración voluntaria, ante os seus grupos de interese, do seu compromiso de bo goberno, social e medioambiental, nas tres misións de ensinanza, investigación e transferencia de resultados á sociedade, e ese compromiso, se quere ser verdadeira responsabilidade social, debe xestionarse co mesmo afán de calidade e excelencia que se aplica as súas funcións básicas. A universidade logrará, así, pechar un círculo virtuoso porque a RSU, na medida en que reforza o seu bo goberno, a transparencia, a rendición das súas contas e o seu compromiso social e medioambiental, contribúe a aumentar a lexitimación social das universidades, porque fortalece o seu obxectivo esencial de formación integral do estudante como ser humano comprometido cos principios e valores éticos e sociais, e xustifica o seu financiamento, porque non pode existir investimento máis rendible que o que persegue non só a difusión do coñecemento, da investigación e do desenvolvemento económico, senón ademais o compromiso do ser humano co seu contorno social, cultural e medioambiental.

O Consello Social da UDC, consciente de que a sociedade reclama *“o compromiso das universidades coa RSU e o desenvolvemento sostible, a súa aplicación transversal en todas as súas misións e capacidades, no conxunto da comunidade que a conforma e na súa relación co seu contorno”* en termos do documento Estrategia universidad 2.015 do Ministerio de Educación, vén incluíndo en todos os seus plans operativos anuais, o apoio ao posicionamento en responsabilidade social da UDC. Un convenio asinado entre a UDC e INDITEX SA permitiulle coordinar e financiar un traballo cos principais responsables da UDC en áreas vinculadas á responsabilidade social, e a elaboración da primeira Memoria de Responsabilidade Social da UDC.

O traballo conxunto entre UDC e Consello Social, supuxo un importante labor de análise sobre a actividade da universidade e sobre as súas implicacións, máis alá das simples obrigas formais, centrando o traballo nos distintos Grupos de Interese que a configuran e apoian, enfoque pioneiro e innovador na universidade española. Fixémolo así, porque entendemos que unha Memoria é o instrumento axeitado para facer chegar aos nosos Grupos de Interese información sobre os nosos obxectivos, actuacións e resultados, para que poidan ser xulgados e avaliados, e consecuentemente, para poder escoitar as súas opinións e valoracións. Esperamos que esta crítica construtiva dos axentes sociais nos axude a construír unha universidade máis moderna e con maior capacidade de resposta aos cambiantes retos sociais.

É evidente que todo isto non sería posible sen o traballo e o compromiso social da UDC e por iso, o seu Consello Social quere deixar constancia da súa felicitación a comunidade académica, que con esta Memoria consegue colocar a súa universidade entre as primeiras de España no reto da sustentabilidade que é obxectivo común da sociedade mundial do século XXI.

A photograph of a modern interior space, likely a library or study area. The room features wide, light-colored wooden stairs with glass railings. The walls are also clad in wood, and the ceiling has recessed lighting. The overall atmosphere is clean and contemporary.

COMO É A MEMORIA DE RSU DA UDC

COMO É A MEMORIA RSU DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA?

A Memoria de responsabilidade social universitaria (en diante, Memoria RSU) da Universidade da Coruña (en diante, UDC) constitúese como unha ferramenta da posta en valor das nosas actuacións, e como unha canle de comunicación cos nosos grupos de interese: a) estudantado, b) persoal docente e investigador, c) persoal de administración e servizos, d) cidadanía, e) empresa e f) administracións públicas.

Este é o obxectivo fundamental co cal foi formulada, abrir un espazo de comunicación e colaboración con todos estes grupos para poder trasladarlles as estratexias e actuacións con que desenvolvemos as nosas responsabilidades e obrigas; ao tempo, agardamos recoller as súas inquiredanzas, expecta-

tivas e opinións, para reformularmos e mellorarmos o noso traballo diario a prol dunha sociedade máis xusta e mellor formada.

A Memoria RSU non é un catálogo de servizos nin unha memoria de xestión, senón o resultado dun novo enfoque de transparencia, rendición de contas e desenvolvemento dos compromisos non só coa comunidade universitaria, mais coa sociedade en xeral.

O Comité de Traballo RSU

Como reflexo do compromiso da UDC coa RSU, en marzo do ano 2010 creouse un comité de traballo específico nesta materia, promovido polo Consello Social e polo equipo de goberno, que asumiu a responsabilidade de establecer unha folla de ruta en materia de RSU que levase a UDC desde a reflexión do que é até o que supón a responsabilidade social nesta universidade, a análise das actuacións e estratexias e, por último, a elaboración dunha ferramenta de posta en valor e comunicación cos grupos de interese que constitúe esta Memoria RSU.

O labor do Comité de Traballo RSU, plasmado na Memoria RSU, foi o seguinte:

- Examinar as boas prácticas e as actuacións que desenvolveu a UDC.
- Identificar os puntos fortes e febles da UDC, para converter estes últimos en oportunidades de mellora con base nos principios de adaptación, innovación e competitividade.
- Mellorar os mecanismos con que a UDC responde ás expectativas dos seus grupos de interese.
- Pór en valor ante os seus grupos de interese aquelas actuacións que, no marco da misión da UDC, apoian o desenvolvemento socioeconómico e cultural de Galicia.



A estrutura e os contidos da Memoria RSU

A Memoria RSU está estruturada en tres grandes bloques que atenden ás motivacións que a seguir se recollen.

BLOQUE I. QUE SOMOS? COMO SOMOS?

Preséntase a UDC de acordo cos seguintes parámetros:

A. A súa natureza

B. A súa estratexia de responsabilidade social, baseada nestes elementos:

1. Misión
2. Visión
3. Valores
4. Compromisos en materia de RSU

C. A súa estrutura:

1. Territorial
2. Participativa
3. Docente

- a) Estudantado
- b) Persoal docente e investigador
- c) Persoal de administración e servizos
- d) Cidadanía
- e) Empresa
- f) Administracións Públicas


Cada ámbito estrutúrase en doce áreas, nas cales se manifesta a acción responsable da UDC para cos seus grupos de interese. Por medio delas preséntanse as actuacións (feitos relevantes e indicadores) que se desenvolven ao seu servizo, como son:

1. Formación complementaria
2. Transferencia do coñecemento e investigación
3. Internacionalización
4. Medio
5. TIC
6. Normalización lingüística
7. Comunicación
8. Cultura
9. Deporte
10. Compromiso social
11. Actuación social
12. Xestión eficiente

BLOQUE II. OS GRUPOS DE INTERESE DA UDC

Seis grandes ámbitos, un por cada grupo de interese da UDC:

Un todo que reflicte a capacidade de xestión da UDC e o seu potencial de desenvolvemento, e que ofrece información sobre os impactos económicos, ambientais e sociais.





BLOQUE III. OS INDICADORES GRI

Unha vez identificados os aspectos máis relevantes para os grupos de interese da UDC, así como os que axudan a definir o perfil da entidade, avaliarase o seu estado mediante os indicadores cuantitativos e cualitativos da Global Reporting Initiative (GRI)-G3, aínda que coa adaptación necesaria ao ámbito de ensino superior por non existiren referencias específicas a este. Isto, por un lado, permitirá mostrar o estado actual da UDC; e, polo outro, servirá de base para futuras avaliacións das melloras realizadas na UDC.

A Memoria RSU abrangue as actuacións da UDC do ano 2010 e establece unha relación comparativa dos seus resultados cos do ano 2009. Así mesmo, complementase co Informe anual do reitor 2010 e coa información publicada pola UDC no seu web (www.udc.es). A Memoria RSU está á disposición de todas as persoas interesadas neste sitio web. Para solicitar máis información sobre o proxecto, expresar as súas opinións, realizar consultas ou suxestións, poden dirixirse á UDC.



QUE SOMOS?
COMO SOMOS?

18 A. Que somos? Natureza da UDC

19 B. Como somos? O compromiso social da UDC

20 1. Que compromisos asume a UDC en materia de RSU?
A misión da UDC

21 2. Que estratexia segue a UDC en materia de RSU?
A visión da UDC

23 3. Como se aplica a estratexia da UDC en materia de RSU?
Os valores da UDC

24 4. Como se despregan os compromisos da UDC en materia de RSU?

- a. No ámbito da docencia
- b. No ámbito da I+D+i
- c. No ámbito da relación universidade-sociedade

25 C. A estrutura da UDC

25 1. Campus territorial.
A UDC integrada no territorio

26 2. Campus participativo.
A estrutura de representación da UDC

26 3. Campus docente.
A estrutura académica da UDC

I.- QUE SOMOS? COMO SOMOS?

A.- QUE SOMOS? Natureza da UDC

A Universidade da Coruña (UDC) aséntase no noroeste de España e configúrase como o equipamento que vertebra a rexión urbana da Coruña e Ferrol mediante as actividades da docencia, a investigación, a cultura e o compromiso socioeconómico.

Trátase de dous grandes núcleos urbanos que, abrazando as rías de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña (golfo Ártabro), se consolidaron como **un dos maiores espazos de concentración da poboación galega con 650.000 habitantes** (case o 25% da poboación total de Galicia), **dos cales un 40% está en idade de iniciar os seus estudos superiores**. Unha rexión urbana que o arquitecto coruñés Fernández-Albalat definía hai moitos anos como “a cidade das rías”.

A UDC é unha institución de carácter público moi nova, xa que foi creada no ano 1989 con motivo da ordenación do sistema universitario de Galicia. Contamos, xa que logo, con dúas décadas de traballo que axudan a definir a UDC como unha institución moderna, innovadora, de calidade e cunha clara vocación de servizo público, cun labor social baseado na atención ao maior número de estudantes, sen límite de prazas.

Ao mesmo tempo temos visión de futuro e internacionalización. A UDC está plenamente integrada no Espazo Europeo de Ensino Superior e ten unha am-

pla proxección nos países lusófonos e latinoamericanos, baixo o compromiso do desenvolvemento da identidade social, cultural e lingüística de Galicia. Neste sentido, a nosa lingua propia é o galego, vehículo normal de expresión e relación dos membros da comunidade universitaria, xunto co español.

As nosas instalacións, centros e servizos, situados nos campus universitarios da Coruña e Ferrol como ámbitos físico-espaciais, están dotados dunha grande accesibilidade para a poboación que habita o territorio a que esta universidade ofrece o seu servizo.

Destacamos non só porque a nosa situación produce un impacto que xera a mellora do nivel educativo da poboación, mais tamén porque axudamos a desenvolver novas dinámicas espaciais que poden apreciarse tanto na escala urbana como na escala territorial.

A UDC é unha institución que se desenvolve en espazos integrados harmonicamente nos seus contornos urbanos e territoriais e que actúa como polo de cohesión territorial, social e económico.

Así, o ensino de carácter técnico (enxeñarías e arquitectura), o cal concentra unha boa parte das actuacións relacionadas co ámbito temático da I+D+i, motor do desenvolvemento da sociedade do coñecemento, están concentradas na UDC, co 45,9% do total do Sistema Universitario de Galicia.



Apostamos forte pola sustentabilidade, presente na nosa política de xestión e en todas as actuacións, o que se reflicte no Plan estratéxico.

Para a adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior, alén das reformas legais pertinentes, cabe resaltarmos o compromiso que adquiren a UDC, o PDI e o estudantado.

Neste sentido, ambos os colectivos necesitan modificar os seus procesos de ensino-aprendizaxe mediante o desenvolvemento de novos plans de estudo e o uso de novas metodoloxías docentes. Nestas reformas xogan un papel fundamental as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso didáctico, como elemento de comunicación e como instrumento para a organización, a xestión e a administración docente e investigadora. Na actualidade, ás tradicionais modalidades de ensino presencial e a distancia súmase a modalidade en liña, a través de redes telemáticas.

A UDC non opera só nun proxecto universitario, senón que formamos parte do proxecto en común do conxunto da sociedade galega para o desenvolvemento económico e social de Galicia, cumprindo así coa nosa misión e a nosa visión.

A UDC conseguiu atraer neste último curso a 24.881 alumnos.



B. COMO SOMOS? O compromiso social da UDC

O compromiso da UDC coa Responsabilidade Social iniciábase, no ano 2003, coa adhesión aos Dez Principios da Rede Española do Pacto Mundial.

Un conxunto de principios baseados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Declaración da Organización Internacional do Traballo relativa aos Principios e Dereitos Fundamentais no traballo, e na Declaración de Río sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento.

Os Dez Principios son os seguintes:

Principio 1.- As empresas deben apoiar e respectar a **protección dos dereitos humanos** fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia.

Principio 2.- As empresas deben asegurarse de que as súas empresas non son cómplices na **vulneración dos dereitos humanos**.

Principio 3.- As empresas deben apoiar a **liberdade de asociación** e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva.

Principio 4.- As empresas deben apoiar a eliminación de toda forma de **traballo forzoso ou realización baixo coacción**.

Principio 5.- As empresas deben apoiar a **erradicación do traballo infantil**.

Principio 6.- As empresas deben apoiar a **abolición** das prácticas de **discriminación no emprego** e a ocupación.

Principio 7.- As empresas deberán manter un enfoque preventivo que favoreza o **medio ambiente**.

Principio 8.- As empresas deben fomentar as iniciativas que promovan unha maior **responsabilidade ambiental**.

Principio 9.- As empresas deben favorecer o desenvolvemento e a difusión das **tecnoloxías respectuosas co medio ambiente**.

Principio 10.- As empresas deben traballar **contra a corrupción** en todas as súas formas, incluídas a **extorsión e o suborno**.

No ano 2004, aprobábase na sesión do Consello de Goberno, celebrada o 20 de outubro, o **Plano Estra-téxico** da UDC 2005/2010. O obxectivo era a concreción da Misión, Visión e Valores da UDC, os cales foron fixados en función da situación do contorno e das capacidades e competencias, actuais e potenciais, propias desta.

A **Misión** é o punto de partida da nosa estratexia de Responsabilidade Social.

A Misión constitúe o obxecto dela, a finalidade que lle dá razón de ser, a súa declaración de intencións e de compromisos para cos nosos grupos de interese.

Xa que logo, a estratexia de Responsabilidade Social defínese a través da nosa **Visión** e intégrase nos nosos obxectivos, baixo a orientación dos nosos **Valores** en todas e en cada unha das súas actuacións, de presente e de futuro.

1. QUE COMPROMISOS ASUME A UDC EN MATERIA DE RSU? A MISIÓN DA UDC

A UDC é unha institución pública que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión de cultura e de coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento da investigación e da docencia.

A UDC concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais,

científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados.

Forma parte da misión da UDC a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

A UDC manifesta explicitamente o seu compromiso co estudo e o desenvolvemento integral de Galicia, singularmente da súa identidade social, cultural e lingüística, e asemade promoverá a súa plena integración no Espazo Europeo de Ensino Superior e a súa proxección nos países lusófonos e na América Latina.

Por tanto, consonte o artigo 1 dos seus Estatutos, son funcións da UDC ao servizo da sociedade:

- a. A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, a técnica e a cultura.
- b. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos, e para a creación artística.
- c. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, a calidade da vida e o desenvolvemento económico.
- d. A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria, así como a formación ao longo de toda a vida.



2. QUE ESTRATEXIA SEGUE A UDC EN MATERIA DE RSU?

A visión da UDC

O modelo de institución da UDC caracterízase, fronte a outras institucións de ensino superior, polos seguintes trazos diferenciais:

- a. Unha universidade pública con **funcionamento participativo e democrático** por medio dos seus órganos de goberno tanto colexiados como unipersoais.
- b. Unha universidade pública que actúa con **independencia** de poderes ou grupos de tipo económico, político, ideolóxico, relixioso ou social.
- c. Unha universidade pública que, en colaboración co sector privado, dispón dun **sistema de financiamento público suficiente e estable**, correctamente axeitado ás súas necesidades e que permite a consecución dos seus obxectivos tanto presentes como futuros.
- d. Unha universidade pública que actúa con **transparencia** e informa cumpridamente da xestión e dos resultados tanxibles e intanxibles que se derivan da súa actuación á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade que a financia e á cal serve.
- e. Un servizo público que conta cuns medios persoais, materiais, financeiros e de todo tipo xestionados con **eficiencia e eficacia** con vistas a atinxir a súa misión e os obxectivos que lle son propios. Xa que logo, e de acordo co seu carácter de servizo público, as prestacións achegadas pola UDC tenderán a favorecer:
 1. O **acceso** máis **amplo** posible aos seus servizos por parte de todas as persoas interesadas, sen prexuízo dos requirimentos de formación e dos coñecementos que se determinaren nas correspondentes disposicións académicas e legais.
 2. O **alto nivel de calidade** que deben posuír os servizos e as prestacións uni-

versitarias nunha sociedade baseada no coñecemento.

3. Un acaído equilibrio entre un **financiamento suficiente** para a provisión de equipamentos e servizos de calidade e unha estrutura de taxas e prezos públicos que for equitativa e/ou asumible polas persoas interesados.
- f. Unha universidade que se desenvolve en **espazos integrados harmonicamente nos seus contornos urbanos e territoriais** e que actúan como polos de cohesión tanto territorial como social e económica.

En consecuencia, cómprelle á UDC pór en valor todo o seu potencial humano, científico e tecnolóxico para acadar un maior e mellor desenvolvemento económico e cultural neses contornos.
- g. Unha universidade que, con **espírito libre e crítico**, procura a extensión, o afondamento e a renovación do legado cultural herdado.
- h. Unha universidade que se fai presente na sociedade grazas á **extensión universitaria** que se materializa na oferta tanto de actividades culturais e deportivas como de formación continuada.
- i. Unha universidade que busca a **excelencia na investigación e no proceso de ensino-aprendizaxe** e que concreta a calidade nos seguintes aspectos:
 1. O deseño dunha **oferta de titulacións** que sexa **de interese** para o conxunto da sociedade e, por tanto, con capacidade de atracción de estudantes procedentes tanto do noso contorno próximo (o sistema universitario galego e español) como do Espazo Europeo de Ensino Superior, os países de fala portuguesa e América Latina.
 2. O **deseño e implantación de metodoloxías docentes modernas**, innovadoras e eficaces que posibiliten o proceso de adquisición de destrezas e capacidades

por parte dos discentes nos diferentes ámbitos do coñecemento.

3. A dotación dunhas **infraestruturas e espazos ben acaídos** para o traballo nun contorno profesional nos eidos da docencia, a investigación, a transferencia e a xestión, e singularmente a dispoñibilidade de sistemas de información e comunicación efectivos.

4. A implicación na **inserción dos titulados no mercado laboral**.

5. O incremento e a cualificación crecente do seu propio capital intelectual por medio da **formación permanente do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos** (capital humano), da intensificación das relacións cos axentes sociais e económicos (capital relacional) e da innovación e mellora continua dos procesos e estruturas (capital estrutural).

6. A procura da formación integral da persoa a través dunha **docencia de calidade** en que o proceso de ensino se adapte ás necesidades da aprendizaxe individual do estudiantado, facilitando, a través da tutoría e dos mecanismos de avaliación máis axeitados, as características das titulacións e a consecución dos obxectivos formativos formulados de xeito explícito.

7. A **creación e desenvolvemento de grupos de investigación** básicos e aplicados, así como o fomento da xeración de redes con vínculos entre investigadores propios da UDC ou alleos a ela que contribúan activamente ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.

8. O funcionamento de grupos de investigación capaces de captaren en convocatorias competitivas financiamento público ou privado a través da prestación de servizos por medio de **convenios e contratos**.





3. COMO SE APLICA A ESTRATEXIA DA UDC EN MATERIA DE RSU? OS VALORES DA UDC

A UDC, no cumprimento das súas finalidades propias e como institución pública, civil, autónoma e laica, réxese polos seguintes valores e principios:

- a. A afirmación dos **dereitos humanos** e a consecuente loita contra calquera discriminación por razóns sociais, ideolóxicas, económicas, relixiosas, de nacemento, de discapacidade, de xénero ou de orientación sexual.
- b. A **formación** de profesionais, vinculada á formación dunha cidadanía libre e crítica que contribúa, desde os seus destinos laborais e desde os seus saberes, á extensión e ao asentamento na sociedade dos principios democráticos de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo.
- c. O principio da liberdade de cátedra no ámbito dos dereitos académicos, e a **transparencia e a participación** dos diferentes sectores da comunidade universitaria, a través dos órganos colexiados de goberno, no ámbito da xestión universitaria.
- d. O **traballo en equipo**, que representa en si mesmo un valor social estimable e contribúe á mellor formación dos estudantes e dos novos investigadores, así como ao fortalecemento da investigación no seu conxunto.
- e. A procura do **desenvolvemento sustentável** como compoñente esencial da súa responsabilidade social corporativa, para o cal orientará o labor docente e investigador cara á integración harmónica do progreso económico, a conservación do medio e o progreso social.
- f. A paz, o fortalecemento do diálogo e da intermediación entre as diferentes culturas, e a **cooperación internacional** entre os pobos, como medio para erradicar a violencia e a explotación das persoas por seren incompatibles co desenvolvemento das sociedades e co coñecemento libre e desinteresado.
- g. A procura da **calidade e excelencia** na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, coa súa conseguinte avaliación, que teñen como última meta acadar maiores cotas de benestar social.
- h. O compromiso da UDC coa transformación e o **desenvolvemento da sociedade galega** responsabilízaa especialmente do cultivo, a protección e a transmisión dos valores patrimoniais e culturais máis inmediatos, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
- i. Á **vocación europeísta** da UDC súmase natural e indisolublemente a proxección nos países lusófonos e latinoamericanos, aos cales nos unen fortes lazos históricos e familiares.

4. COMO SE DESPREGAN OS COMPROMISOS DA UDC EN MATERIA DE RSU?

A política de responsabilidade social da UDC está baseada na súa misión, defínese a través da súa visión e intégrase na institución baixo a orientación dos seus valores. A UDC entende esta política como **unha vantaxe competitiva ante outras universidades e non como unha moda pasaxeira no estilo de xestión**, dado o importante papel que xoga o diálogo da UDC coa sociedade. Trátase dunha política que permite configurar as actuacións que debe levar a cabo a UDC de cara á consecución dos seus obxectivos xerais en tres eixes:

A. No ámbito da docencia

1. Ter unha oferta docente que responda ás demandas da sociedade e aos retos do s. XXI.
2. Potenciar a cultura da calidade e a innovación.
3. Facilitar a transición no proceso de integración no Espazo Europeo de Ensino Superior.
4. Desenvolver un mapa de titulacións competitivo.
5. Fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
6. Captar estudantado e coordinarse con outros niveis educativos.
7. Fomentar as prácticas en empresas e institucións.
8. Axilizar e simplificar os procedementos de xestión.
9. Reforzar o papel da biblioteca para a integración no Espazo Europeo de Ensino Superior.

B. No ámbito da I+D+i

1. Incrementar a investigación de calidade.
2. Traballar a prol da colaboración entre as empresas e os grupos de investigación para a mellora da competitividade.

3. Desenvolver o Parque Tecnolóxico.
4. Fomentar a relación con outros grupos de investigación nos ámbitos estatal e internacional.
5. Ampliar, mellorar e optimizar as infraestruturas, os equipamentos e os servizos de apoio á investigación.
6. Mellorar os procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores.
7. Promover a transferencia dos resultados da investigación á sociedade e o papel da UDC como axente de desenvolvemento rexional.

C. No ámbito da relación universidade-sociedade


1. Impulsar as actividades culturais da UDC e a apertura á sociedade en xeral.
2. Fomentar a cultura crítica, solidaria e participativa.
3. Potenciar as relacións internacionais.
4. Incrementar o aproveitamento das instalacións deportivas.
5. Potenciar a proxección da imaxe da UDC.
6. Normalizar a lingua galega.
7. Facilitar a relación dos campus cos contornos metropolitanos.
8. Adaptar os campus de Ferrol e A Coruña aos principios do urbanismo sustentable e da arquitectura ecolóxica.
9. Desenvolver o planeamento urbanístico dos campus de Ferrol e A Coruña.
10. Realizar unha oferta residencial universitaria en Ferrol e A Coruña.

C. A ESTRUTURA DA UDC

1. CAMPUS TERRITORIAL

A UDC integrada no territorio


A Reitoría e os principais servizos administrativos da UDC están localizados na rúa da Maestranza, situación maxestosa por se atopar entre a Cidade Vella e o Paseo Marítimo da Coruña, ao carón do xardín da Real Maestranza e do xardín de San Carlos.



2. CAMPUS PARTICIPATIVO

A estrutura de representación da UDC


A UDC é unha universidade pública cun funcionamento participativo e democrático a través dos seus órganos, tanto colexiados como unipersoais. A elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria nestes órganos realízase mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto en cada un deles. Os Estatutos establecen as normas electorais aplicables, as cales deben propiciar unha presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos colexiados.





3. CAMPUS DOCENTE

A estrutura académica da UDC

A estrutura académica da UDC está integrada por facultades, escolas, departamentos, institucións universitarias e outros centros, incluídos os que organizan ensinanzas na modalidade non-presencial.




Se tivéssemos que debuxar o perfil da UDC resaltando os datos máis significativos, relativos ao número de estudos e de estudantes matriculados e titulados, así como da súa procedencia, sería este:




Para ver con máis detalle o estudantado desagregado por sexo pódese consultar o **Informe do reitor 2010**.



Se tivéssemos que debuxar o perfil do persoal UDC resaltando os datos máis significativos, desagregados por sexo, sería este:



O esquema orzamentario do ano 2010 na UDC é esta:



A photograph of a modern library or study hall with long wooden tables and chairs. Students are seated at the tables, some working on laptops. In the foreground, a student with dark hair and a beard, wearing a black and white striped shirt, is seen from the back, holding a blue pen over an open notebook. A calculator is visible on the table next to him. The background shows other students working at similar tables under bright, modern lighting. The text 'OS GRUPOS DE INTERESE' is overlaid in large white letters on the bottom right, with a pink and grey geometric graphic element behind it.

OS GRUPOS DE INTERESE

34 Por que os grupos de interese?

35 Estudantado

- 36** 1. Formación complementaria
- 41** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 45** 3. Internacionalización
- 48** 4. Medio
- 50** 5. TIC
- 52** 6. Normalización lingüística
- 53** 7. Comunicación
- 54** 8. Cultura
- 55** 9. Deporte
- 57** 10. Compromiso social
- 59** 11. Actuación social
- 65** 12. Xestión eficiente

66 Persoal docente e investigador (PDI)

- 67** 1. Formación complementaria
- 70** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 78** 3. Internacionalización
- 79** 4. Medio
- 80** 5. TIC
- 81** 6. Normalización lingüística
- 82** 7. Comunicación
- 82** 8. Cultura
- 82** 9. Deporte
- 83** 10. Compromiso social
- 85** 11. Actuación social
- 86** 12. Xestión eficiente

91 **Persoal de administración e servizos (PAS)**

- 92** 1. Formación complementaria
- 92** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 93** 3. Internacionalización
- 93** 4. Medio
- 93** 5. TIC
- 95** 6. Normalización lingüística
- 95** 7. Comunicación
- 95** 8. Cultura
- 95** 9. Deporte
- 96** 10. Compromiso social
- 97** 11. Actuación social
- 98** 12. Xestión eficiente

99 **Cidadanía**

- 100** 1. Formación complementaria
- 101** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- 102** 3. Internacionalización
- 103** 4. Medio
- 131** 5. TIC
- 132** 6. Normalización lingüística
- 133** 7. Comunicación
- 134** 8. Cultura
- 135** 9. Deporte
- 136** 10. Compromiso social
- 138** 11. Actuación social
- 138** 12. Xestión eficiente

I39

Empresa

- I40** 1. Formación complementaria
- I40** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- I49** 3. Internacionalización
- I49** 4. Medio
- I49** 5. TIC
- I49** 6. Normalización lingüística
- I50** 7. Comunicación
- I50** 8. Cultura
- I50** 9. Deporte
- I51** 10. Compromiso social
- I51** 11. Actuación social
- I51** 12. Xestión eficiente

I52

Administracións públicas

- I53** 1. Formación complementaria
- I53** 2. Transferencia do coñecemento e investigación
- I54** 3. Internacionalización
- I54** 4. Medio
- I54** 5. TIC
- I54** 6. Normalización lingüística
- I55** 7. Comunicación
- I55** 8. Cultura
- I55** 9. Deporte
- I55** 10. Compromiso e actuación social
- I56** 11. Xestión eficiente

POR QUE OS GRUPOS DE INTERESE?

Como primeiro exercicio de elaboración dunha memoria RSU, na UDC optamos por un enfoque estruturado directamente nos grupos de interese mellor que un enfoque centrado nos tres grandes ámbitos de desempeño da RSU, o económico, o ambiental e o social.

Este enfoque por grupos de interese supón un traballo máis complexo; porén, pensamos que nos permite chegar a eles de forma máis directa e próxima, o que facilita a comunicación.

Tal decisión obríganos a repetir algunhas cuestións en diferentes grupos de interese, e tamén a establecer un maior ou menor desenvolvemento de certos aspectos nalgúns deles. Agardamos que todos os grupos sexan comprensivos con este esforzo, así como que nos axuden a mellorar os contidos referidos a cada un deles.

A información que se quere trasladar a cada grupo de interese estrutúrase en 12 aspectos clave ou áreas de traballo para simplificarmos a súa comprensión.

Cando falamos de grupos de interese (en inglés *stakeholders*) estamos a referirnos a individuos ou colectivos que poden verse afectados polas políticas, os obxectivos, as decisións ou as accións da UDC. Así, establecemos seis amplos grupos de interese, que son estes:


- a) Estudantado
- b) Persoal docente e investigador

- c) Persoal de administración e servizos
- d) Cidadanía
- e) Empresa
- f) Administracións públicas

Os familiares dos membros da comunidade universitaria, os colexios profesionais, as novas xeracións... o seu benestar depende tamén do que se ensine e investigue hoxe nas universidades.

A UDC responde ante os seus grupos de interese, e mantén con eles unha relación transparente e democrática, baseada na súa actuación con independencia de poderes ou intereses de tipo económico, político, ideolóxico, relixioso ou social. A UDC, consciente das consecuencias e os efectos que os seus procesos e actuacións provocan no ámbito persoal, social e ambiental, prevé que o funcionamento normal da institución non xere impactos negativos, e se o fai, garante que poida mitígalos para levalos a niveis legais e socialmente aceptables. Ademais, garante o cumprimento das leis e os máis exixentes estándares internacionais, asegura un bo clima laboral, loita contra a desigualdade e comprométese a render as súas contas de forma puntual.

Reflexo desta relación transparente e democrática, a UDC informa cumpridamente da súa xestión socialmente responsable, dos resultados tanxibles e intanxibles que se derivan da súa actuación, a todos os grupos de interese.



ESTUDANTADO



O estudiantado representa a base da UDC e a súa prioridade, constitúe o centro da nosa actividade e do noso proxecto. Tradicionalmente é un grupo transitorio que acode á universidade para se beneficiar da súa función docente, mais no novo enfoque pretendemos que a universidade poida acompañar o estudiantado ao longo da súa carreira profesional.

A UDC, no seu cometido de formar non só excelentes profesionais senón tamén excepcionais cidadáns, mantén un contacto continuo co estudiantado, traballa con eles para que desenvolvan unha preocupación no presente e un compromiso social futuro, tanto no mundo profesional como na vida cotiá.

O estudiantado que se incorpora á UDC confórmano persoas informadas e críticas, preocupadas polas inxustizas sociais e con vontade e capacidade de compromiso solidario. Son estudantes que escoitan, que reflexionan, que falan e teñen empatía cos outros. Uns estudantes que viven experiencias sociais tanto formativas como emocionais. Uns estudantes que se forman na ética do diálogo e que participan en democracia a través de iniciativas estudiantís. En definitiva, uns estudantes que son cidadanía.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A raíz da implantación do Espazo Europeo de Ensino Superior, as titulacións universitarias da UDC foron estruturadas segundo os requisitos marcados polo espazo europeo de ensino superior. O proceso de configuración dos novos estudos oficiais foi complicado, mais levouse a cabo con éxito e a bo ritmo, tendo presentes as fases de transformación estipuladas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Así, a implantación dos primeiros mestrados comezou no ano 2006 e a conversión aos estudos de grao iniciouse no ano 2008, para completar no ano 2010 a adaptación das últimas titulacións, pertencentes aos ámbitos da arquitectura e a enxeñaría.

Para potenciarmos os obxectivos establecidos polo Espazo Europeo de Ensino Superior, marcámonos as nosas propias liñas estratéxicas. Foi unha estruturación baseada na orientación profesional e na especialización das titulacións, así como na colaboración e na internacionalización á hora de as configurar.

Orientación profesional e especialización porque pensamos na preparación do estudiantado para o mercado laboral por medio de prácticas externas

de carácter obrigatorio, na formación continua das persoas que queren seguir a formarse e nos profesionais que volven ás aulas para avanzaren na súa carreira. Así, o obxectivo dos mestrados é permitir completar a formación dos egresados, para o que se lles ofrecen mestrados de carácter profesional, que lles permitan unha determinada especialización, e mestrados de carácter académico ou de iniciación á investigación.

Colaboración e internacionalización, no sentido de se crearen titulacións interuniversitarias, un labor en que se cooperou con universidades galegas e españolas, mais tamén europeas. O fin é optimizar os recursos humanos e as infraestruturas existentes das institucións de ensino superior.

Dous bos exemplos son os graos da Facultade de Filoloxía, cuxa dirección colabora no establecemento de titulacións interuniversitarias cos países francés e xermano; e o grao en Arquitectura, de que a dirección organiza xornadas de formación para o PDI no ámbito da calidade e da internacionalización, co fin de fomentar e priorizar estes criterios á hora de impartir as materias do grao.

A UDC comprométese a desenvolver un mapa de titulacións competitivo.





As enquisas feitas aos estudantes son clave para avaliarmos o noso modelo. A continuación presentamos os principais resultados do ano 2009:

O 72,10% do estudiantado da UDC está satisfeito coa titulación escollida. Isto supón 11 puntos máis que a media das universidades públicas españolas, segundo o Informe do Observatorio Ocupacional presentado no ano 2009.

O 95% do estudiantado da UDC volvería estudar na UDC, por motivación e interese. Isto é, 6 puntos máis que a media das universidades públicas españolas, segundo o Informe do Observatorio Ocupacional presentado no ano 2009.

O 60,11% do estudiantado da UDC elixiu a titulación por vocación. Pola contra, a porcentaxe do estudiantado que escolleu a titulación polas saídas profesionais baixou ao 24,34%, segundo o Informe do Observatorio Ocupacional presentado no ano 2009.

As titulacións escollidas por vocación son Humanidades, Ciencias da Actividade Física e do De-

porte, Bioloxía e Filoloxía Inglesa. As titulacións escollidas polas saídas profesionais son as enxeñarías técnicas en Obras Públicas e en Electricidade (Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electricidade), e a Enxeñaría Informática.

A taxa de éxito académico do estudiantado da UDC superou o 82%. A UDC é unha das 5 mellores universidades españolas, cunha taxa de rendemento académico superior ao 70%, segundo o Informe da Fundación CyD presentado no ano 2007.


A UDC é a terceira universidade pública de España no tocante á atracción de novos estudantes, segundo o Informe da Fundación CyD presentado no ano 2008. A UDC ten este curso 2010/2011 23.395 estudantes, un 4,1% máis que o curso pasado, cifra que xa subira a respecto do curso anterior un 2%.

A UDC forma parte dun sistema europeo formado por 46 países con titulacións compatibles. Ofrece 38 titulacións de grao con validez no espazo europeo de ensino superior e 46 mestrados oficiais en todas as áreas do coñecemento.


Co fin de acreditar a calidade e a eficiencia das titulacións, a ANECA está a elaborar un protocolo que permita avaliar os indicadores polos que as titulacións foron creadas. Neste sentido, a UDC toma vantaxe, ao controlar a calidade das súas titulacións a través das guías docentes publicadas ao inicio de curso e dispoñibles no seu web.

En termos porcentuais e divididos por ramas de coñecemento, esta sería a estrutura dos estudos que se imparten na UDC.

RELACIÓN PORCENTUAL DOS GRAOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO:




RELACIÓN PORCENTUAL DOS GRAOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO QUE SON ÚNICOS NO SUG:




Os graos impartidos na UDC únicos no SUG son os seguintes:

- a. **Ciencias da Saúde:** (2) grao en Podoloxía, grao en Logopedia e grao en Terapia Ocupacional.
- b. **Artes e Humanidades:** (2) grao en Humanidades e grao en Información e Documentación.
- c. **Enxeñaría e Arquitectura:** (9) grao en Arquitectura; grao en Arquitectura Naval; grao en Enxeñaría da Edificación; grao en Enxeñaría de Obras Públicas; grao en Enxeñaría de Propulsión e Servizos do Buque; grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto; grao en Enxeñaría Mariña; grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo; e grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil.
- d. **Ciencias Sociais e Xurídicas:** (3) grao en Ciencias Empresariais e grao en Socioloxía.

RELACIÓN PORCENTUAL DOS MESTRADOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO:



E RELACIÓN PORCENTUAL DOS MESTRADOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO QUE SON ÚNICOS NO SUG:




Os mestrados impartidos na UDC únicos no SUG son os seguintes:


- a. **Ciencias da Saúde:** [4] Xestión e Investigación da Discapacidade e Dependencia; Intervención na Discapacidade e na Dependencia; Asistencia e Investigación Sanitaria; e Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia.
- b. **Ciencias:** [4] Láseres e Aplicacións en Química; Bioloxía Molecular, Celular e Xenética; Ciencia e Tecnoloxía Ambiental; e Química Ambiental e Fundamental.
- c. **Artes e Humanidades:** [2] Lingua e Usos Profesionais; e Patrimonio Cultural: a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.
- d. **Enxeñaría e Arquitectura:** [10] Computación; Dirección Integrada de Proxectos; Enxeñaría de Sistemas Informáticos; Enxeñaría da Auga; Enxeñaría Marítima; Enxeñaría e Tecnoloxía Industrial; Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Redes Móviles; Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade; Rehabilitación Arquitectónica; e Investigación en Tecnoloxías Navais e Oceánicas.
- e. **Ciencias Sociais e Xurídicas:** [13] Asesoramento Xurídico Empresarial; Banca e Fi-

nanzas; Ciencias Documentais no Contorno Dixital; Dereito: Especialidade en Estudos da UE; Xestión e Políticas Públicas; Innovación, Orientación e Avaliación Educativa; Metodoloxía da Investigación en Ciencias Sociais; Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural; Psicoloxía Aplicada; Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas: Especialidade en Ciencias Experimentais (Educación Física); Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas: Especialidade en Ciencias Experimentais (Tecnoloxía); Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas: Especialidade en Formación Profesional (Sector Servizos); e Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas: Especialidade en Linguas e Literatura (Linguas Estranxeiras).

RELACIÓN PORCENTUAL DOS ESTUDOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO:



RELACIÓN PORCENTUAL DOS ESTUDOS IMPARTIDOS NA UDC POR RAMAS DE COÑECEMENTO QUE SON ÚNICOS NO SUG:



Nesta liña, en España contamos con 78 universidades públicas e privadas, e con case 2.300 graos. A UDC, pola súa situación, é referente no norte da península. Pode salientarse así, por exemplo, que as escolas técnicas superiores máis próximas a Galicia en materia de arquitectura están no Porto ou Valladolid; en materia naval está en Madrid; en materia de náutica e máquinas están en Oviedo ou Santander; e en materia de enxeñaría de camiños, portos e canais están en Santander ou Burgos.

Canto á oferta de programas de doutoramento, mestrados, cursos de posgrao e cursos de especialización, e de actividade investigadora, científica e técnica, contamos con **6 institutos universitarios de investigación** e con **4 cátedras empresariais**.

Son o Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, o Instituto de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, o Instituto de Medio Ambiente, o Instituto de Ciencias da Saúde, o Instituto de Estudos Irlandeses Amergin e o Instituto de Estudos Marítimos. *Para ver con máis detalle a actividade de cada un, pódese consultar a sección "PDI".*

E son a Cátedra BIOIBÉRICA SA, a Cátedra INDITEX RSC, a Cátedra FUNDACIÓN CAIXA GALICIA e a Cátedra da Empresa Familiar. *Para ver con máis detalle a súa actividade, pódese consultar a sección "Empresa".*

Así mesmo, dentro das **accións Jean Monnet** creadas pola Comisión Europea, impártese un curso permanente e 2 cátedras docentes, Institucións de Dereito Comunitario e Dereito Comunitario do Mar. O seu obxectivo é reforzar a docencia e a investigación sobre a integración europea nas universidades, tanto dos estados membros da UE como doutros países.

Por outro lado, a nova configuración dos plans de estudo establece a extinción das materias denominadas de **libre elección**, termo con que se denomina aquelas materias ou actividades académicas de contido diferente ao das materias das propias titulacións. A UDC, co afán de lle ofrecer ao estudantado unha ampla oferta de materias de contido interdisciplinario e de achegarse ao proceso de converxencia europea a través da posibilidade de obter créditos de libre elección por actividades formativas tuteladas, presenta ao comezo de cada curso a relación de materias obxecto de libre elección.

A oferta de libre elección pode estar constituída por materias optativas dos plans de estudo vixentes ou por seminarios e actividades académicas, tales como xornadas organizadas por centros, servizos ou unidades da UDC; a presentación de comunicacións e relatorios en congresos; a participación en competicións deportivas; cursos da Aula de Informática (AFI), do Centro de Linguas, da Escola Oficial de Idiomas (EOI) ou de arte dramática; e a realización de prácticas tuteladas en empresas ou institucións para titulacións en que estas non se atopen reguladas no plan de estudos correspondente.

A UDC comprométese a fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Desde a **Unidade de Formación e Asesoramento** (UFA) do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) facilitámoslle ao estudantado a formación e o asesoramento necesario nos diversos aspectos do proceso de aprendizaxe, co fin de mellorar a súa calidade. No ano 2010 presentouse por sexto ano consecutivo o Plan de apoio á aprendizaxe (PAA), en que figura a súa oferta de cursos e obradoiros. Estes teñen como finalidade proporcionarlle ao estudantado os recursos necesarios para afrontar nas mellores condicións os

retos do ensino universitario e a aprendizaxe, atendendo aos cambios do sistema educativo resultado da adaptación ao espazo europeo de ensino superior: a) competencias interpersoais; b) coñecemento da UDC e c) destrezas metodolóxicas e cognitivas. Participaron un total de 1.285 estudantes, 847 mulleres e 438 homes.

2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

A calidade da formación impartida comporta a inserción profesional: a media de inserción laboral da UDC é un 4% superior á das universidades públicas españolas.

Malia ser a universidade co menor financiamento recibido de todo o conxunto universitario, a taxa de actividade dos egresados que cada ano a UDC coloca no mercado segue a superar a media das universidades españolas.

A media da taxa de actividade da UDC é do 86,33%. As titulacións con maior taxa de actividade son Enfermaría e Fisioterapia, Enxeñaría Naval e Oceánica, Enxeñaría Técnica en Propulsión (Enxeñaría Técnica Naval, especialidade en Propulsión e Servizos do Buque), Náutica e Transporte Marítimo e Arquitectura.

A media da taxa de ocupación da UDC é do 66,23%. As titulacións con maior taxa de actividade son Enfermaría, Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Camións, Canais e Portos, Enxeñaría Naval e Oceánica, e Enxeñaría Técnica en Obras Públicas.

Os egresados da UDC encontran traballo en menos de 1 ano. Isto débese, en parte, aos servizos vinculados co emprendemento e coa busca activa de emprego.

O 12% do estudantado da UDC compaxina traballo e estudos.

A taxa de emprendemento da UDC é do 6,81%. Isto supón 2 puntos máis que a media das universidades públicas españolas.

O 74,64% dos egresados da UDC traballa na provincia da Coruña. Só un 1,60% traballa fóra de España.

O 44,81% dos egresados da UDC ocupa postos técnicos. Só un 6,96% ocupa mandos intermedios.

O 38,74% dos egresados da UDC ocupa postos directivos. Salienta a proporción de mulleres en postos directivos, superior á dos homes en case 3 puntos.

O salario medio dos egresados da UDC é de 1.116 €. Destaca que os homes no mesmo posto gañan 167 € máis ao mes que as mulleres.

A UDC comprométese a fomentar as prácticas en empresas e institucións.

Os estudantes que teñen dúbidas, obteñen solucións. Os estudantes que teñen preguntas, obteñen respostas. E todo no **Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego** (SAEE). Nunha man, o **Servizo de Orientación Laboral**, a que acode o estudantado para se orientar e informar sobre as posibles saídas profesionais e as ofertas de emprego e prácticas profesionais; e na outra man, o **Servizo de Autoemprego**, a que o estudantado recorre para conseguir axuda á hora de pór en marcha o seu proxecto emprendedor. Todo isto plásmase no desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) Formación para a creación de empresas e a busca activa de emprego por medio de seminarios e obradoiros.
- b) Asesoramento sobre o plan de empresa, as formas xurídicas das empresas...
- c) Información sobre axudas e subvencións, técnicas de autoemprego...

XESTIÓNS DO SERVIZO DE AUTOEMPREGO	2009	2010
Número de consultas	575	945
– Número de mulleres (%)	265 (46)	–
– Número de homes (%)	310 (54)	–
Número de proxectos xestionados	52	–
Número de empresas creadas (emprendemento)	13	16

XESTIÓNS DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL	2009	2010
Número de usuarios atendidos en orientacións, información e consultas	5.256	3.349
Número de ofertas de emprego xestionadas	193	114
Número de convenios de colaboración asinados	37	41

O Servizo de Orientación Laboral recibiu e atendeu **549** usuarios da súa axenda, **1.699** titulados universitarios, **514** estudantes universitarios e **891** estudantes non-universitarios; e recibiu **734** CV para as súas ofertas de emprego.

O **Portal de Emprego** é a ferramenta web para a consulta das ofertas de emprego e os postos de prácticas nas empresas que teñen un convenio asinado coa UDC. A través deste portal, actuamos como axente mediador entre o estudiantado e a empresa, e facilitamos o tránsito dos egresados das súas aulas e laboratorios ao mercado laboral. A Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) tamén fai uso desta ferramenta, aínda que dispón doutras aplicacións para o fomento do emprego. No ano 2010 o total de prácticas e ofertas de emprego xestionadas aumentou nun **22,13%**. Incrementouse igualmente o número de empresas inscritas ao longo deste exercicio, **69** novas empresas, un total de **416**.

Ademais, colaboramos co portal de emprego Recruiting Erasmus. O devandito portal xurdiu co obxectivo de facilitar o contacto entre as empresas socias deste proxecto e o estudiantado que está a gozar ou gozou dunha bolsa Erasmus ou dun programa de carácter internacional similar, ben estudantes nacionais no estranxeiro, ben estudantes estranxeiros en España.

Unha das nosas accións máis salientables neste contexto é a Feira Europea de Emprego, que por primeira vez tivo carácter virtual (2.0). Aínda que

naceu no seo do SAAE, a súa difusión é xestionada pola FUAC. O seu fin é servir como foro de reunión cun claro obxectivo: o inicio dunha relación laboral entre as empresas ou as institucións relacionadas coa empregabilidade e o estudiantado e os egresados da UDC. No ano 2010 tivo lugar a súa III edición, de novo coa colaboración da Deputación da Coruña. Recibiu **178.882** visitas e desenvolvéronse actividades como a presentación de empresas, mesas redondas, talleres EURES... no marco dunha dimensión europea do mercado laboral nos ámbitos local, nacional e europeo. Dúas son as ideas que presiden a organización desta feira:

- Ofrecer información útil sobre a busca de emprego, a inserción laboral e as necesidades futuras de formación do mercado laboral.
- Fomentar e impulsar a cultura do emprendemento entre os participantes a través da formación e a difusión de boas prácticas.

Nun momento en que é fundamental aumentar a inserción laboral dos egresados no tecido produtivo, os datos obtidos tanto no Portal de Emprego como na Feira Europea de Emprego son máis que satisfactorios.

PORTAL DE EMPREGO	2009	2010
Número de usuarios (candidatos)	5.180	6.349
Número de usuarios activos	3.724	4.491
Número de empresas colaboradoras	347	416
Número de prácticas de emprego xestionadas	223	257
Número de ofertas de traballo	170	223

FEIRA EUROPEA DE EMPREGO	2009	2010
Número de participantes	5.000	4.940
Número de empresas colaboradoras	31	–

A **FUAC** fomenta, en colaboración coa Deputación da Coruña e por medio da organización da Aula Universitaria de Promoción Económica, as políticas de emprego e inserción laboral dos egresados da UDC, facilitándolles ferramentas para melloraren a súa empregabilidade. Organiza seminarios de motivación emprendedora, de xeración, maduración e avaliación de ideas empresariais e de creación de novos proxectos empresariais.

Así mesmo, deseñou o Plan experimental de emprego UNINSERT, un programa creado co fin de mellorar a empregabilidade do estudantado. O programa é moi completo, xa que combina accións de información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

No campo do emprendemento, a FUAC apoia esta tarefa a través dos seus axentes de emprego, aos cales pode acudir o estudantado para ser asesorado á hora de levar a cabo unha idea de negocio. Axúdaselle a definir os puntos máis complicados da posta en marcha desta: financiamento, elaboración dun plan de empresa...

Emprender é doado na UDC a través do **Viveiro de Empresas** de Base Tecnolóxica, que se atopa no Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI). O Viveiro ten como fin que as ideas empresariais xurdidas entre o estudantado teñan unha base física de apoio ao seu desenvolvemento, para preparar así a súa entrada no mundo empresarial.

E por ende, grazas á **Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de Mercados Labo-**

rais na UE, dependente da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), o estudantado ten unha porta máis que aberta ao mercado empresarial europeo. Esta unidade encárgase da análise, a busca e a captación de nichos de mercado e creación de empresas nos países membros da UE, co fin de promover a integración do estudantado da UDC a través da información e a orientación prestada.

Se para o estudantado é importante o asesoramento en cuestións de empregabilidade e emprendemento, tamén o é coñecer as condicións do mercado laboral de que vai a formar parte. Unha visión que a UDC ofrece ao estudantado por medio dos estudos de investigación realizados polo **Observatorio Ocupacional**, presentados co fin de abordar con garantías de éxito e calidade a inserción laboral dos egresados da UDC e a realidade dos posibles desaxustes existentes entre as titulacións cursadas polo estudantado e as necesidades da economía.

Alén disto, o Observatorio presenta periodicamente un estudo sobre as competencias profesionais dos universitarios, grazas ao cal o estudantado vai coñecer as diferenzas máis significativas entre a oferta da UDC en competencias transversais aplicadas ao seu perfil curricular e a demanda destas pola empresa. Recolléronse por primeira vez dous novos ítems, a valoración da empresa do dominio da lingua inglesa polo estudantado e a relevancia que lle confire á ética profesional.

Neste campo, un dos nosos obxectivos principais é completar a formación do estudantado a través de prácticas profesionais, para ampliar a súa empregabilidade e facilitar a súa futura incorporación ao mercado laboral. Por iso, o cometido da UDC é aumentar tanto os **programas de prácticas profesionais** como os convenios de colaboración, ben externos, con entidades privadas, institucións públicas ou administracións, ben internos, cos servizos da propia UDC.

Neste labor, a **FUAC** persegue o mesmo fin que a UDC, que non é outro que a captación, a formación e a adecuación ao posto de traballo dos futuros profesionais. A FUAC conta cun programa de prácticas anual para o estudantado e os egresados da UDC; así mesmo, para os meses de verán, conta co programa de prácticas TEMPUS. Os programas quedan regulados a través do correspondente convenio de cooperación educativa entre a empresa que acolle os estudantes e a FUAC, en calidade de xestora.

No ámbito internacional, a FUAC promove o programa Tompkins Cortland Community College–Walt Disney World (EUA) e o programa Erasmus for

Young Entrepreneurs (UE). Este último ten grande interese: o seu obxectivo é estimular o espírito emprendedor, a competitividade, a internacionalización e o crecemento de pequenas e medianas empresas por medio do intercambio de coñecementos técnicos entre empresarios experimentados e emprendedores noveis, a través de estadias formativas no país de orixe do empresario.

No campo das **prácticas profesionais en empresas internacionais**, ofrecemos numerosas opcións nun marco de calidade e excelencia, tanto para o estudantado de 1.º e 2.º ciclo, grao, mestrado e doutoramento como para os egresados, tanto para a UE como para países como EUA, Canadá e os da zona asiática.

Para o estudantado que queira realizar prácticas en empresas no ámbito da UE, o programa Erasmus. E para os que se acaban de titular, no marco da UE, o programa Leonardo Da Vinci, financiado pola Deputación da Coruña, coa achega da UDC e coa colaboración do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE); e as bolsas Cogmos. Na zona asiática, EUA e Canadá, as bolsas Faro e Argo.

PROGRAMAS DE PRÁCTICAS	2009	2010
Número de participantes no programa Erasmus Mundus:	–	–
– Número de participantes saíntes	–	–
– Número de participantes entrantes	5	3
Número de participantes no programa Leonardo Da Vinci:	–	–
– Número de participantes saíntes	90	95
– Número de participantes entrantes	–	–

A UDC é unha das universidades públicas españolas que máis inviste na formación do estudantado; prioriza, ademais, a modalidade de bolsas competitivas. Para iso, o capítulo de axudas viuse aumen-

tado de novo no último exercicio nun 13%, o que resulta ben relevante se temos en conta a situación económica da UDC.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

Contamos cunha ampla oferta en políticas de mobilidade internacional. Neste sentido, a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, mediante a **Oficina de Relacións Internacionais (ORI)**, dá a coñecer a existencia das bolsas dispoñibles para que cheguen ao maior número de estudantes posible. Ao tempo, procura o máximo beneficio da participación en programas internacionais de intercambio, para o que asesora o estudantado sobre as condicións de cada tipo de programa, e favorece a captación de fondos de axuda á mobilidade.

Exemplos deste labor de internacionalización poden ser o convenio de colaboración coa Universidade de Adelaida (Australia), de carácter científico-técnico: transferencia de coñecemento naval; e no ámbito cultural a Cátedra INDITEX de Lingua e Cultura Española en Dhaka (Bangladesh) en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, co fin de potenciar a lingua española.

Levamos a cabo unha modificación parcial do Réxime de xestión da mobilidade do estudantado na UE, co obxecto de o adaptarmos ás normas xerais do Programa de aprendizaxe permanente que rexe na actualidade e até o ano 2013.

Por outra banda, organizamos todos os anos un **programa de acollida** que ten como fin procurar a adaptación do estudantado estranxeiro á súa nova casa, e facilitarlle a integración na vida académica e social galega. No ano 2010 participaron un total de **42** estudantes.

O **programa** de aprendizaxe permanente **Erasmus** é o máis demandado polo estudantado. Ademais, o estudantado a que se lle outorga unha bolsa Erasmus pode solicitar as axudas complementarias convocadas tanto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Programa de acción da UE de mobilidade do estudantado Erasmus e Suíza) como polo Ministerio de Educación.

A UDC facilita, a través das bolsas para a mobilidade bilateral, estadías nas universidades ou institucións pertencentes a países distintos aos da UE coas cales existe un **convenio bilateral de mobilidade**. Destaca o convenio do programa de intercambio da UDC co College of the Holly Cross (EUA).



Tamén se encarga da xestión doutras bolsas como as do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (bolsas MAEC-AECID), con que se financia o custo que implica a formación de titulados superiores españois no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, como elemento estratéxico e sectorial da axuda oficial española ao desenvolvemento, así como parte da política cultural española co exterior.

Cabe así mesmo mencionarmos as bolsas Santander-CRUE de Mobilidade Iberoamericana e as bolsas ANUES-CRUE. As primeiras, organizadas pola Conferencia de Reitores das Universidades Española (CRUE) coa colaboración do Banco Santander; e coa colaboración da Asociación Nacional de Universidades e Institucións de Ensino Superior de México (ANUES), as segundas, para o intercambio de estudantes españois con estudantes dos países iberoamericanos. As bolsas EU Articulation Scheme coa University of Abertay Dundee (Reino Unido). E as bolsas da Fundación Carolina, para seguir estudos de mestrado.

Outras bolsas e programas de mobilidade son as bolsas Fullbright; as bolsas Fundación Canon; as bolsas Ramón Areces; as bolsas La Caixa; o programa da Cámara Oficial de Comercio de España no Reino Unido “Novo Emprendedor Europeo”; o programa UE-Xapón “Vulcanus”; o programa coa Universidade de Talca para doutoramentos en dereito; as bolsas Fórmula Santander e as bolsas Universia-Fernando Alonso.

PROGRAMAS DE MOBILIDADE	2009	2010
Número de participantes en programas de mobilidade:	961	–
– Número de participantes saíntes	526	–
– Número de participantes entrantes	435	–
Número de participantes no programa Séneca:	71	124
– Número de participantes saíntes	–	85
– Número de participantes entrantes	–	39
Número de participantes no programa Erasmus:	748	716
– Número de participantes saíntes	405	410
– Número de participantes entrantes	343	306
Número de convenios bilaterais:	63	73
– Número de participantes saíntes	17	32
– Número de participantes entrantes	66	41
Outros programas		
– MAEC-AECID:	2	12
– Número de participantes saíntes	0	0
– Número de participantes entrantes	2	12
– ANUES-CRUE:	18	16
– Número de participantes saíntes	7	3
– Número de participantes entrantes	11	13
– Santander-CRUE de mobilidade:	9	–
– Número de participantes saíntes	9	–
– Número de participantes entrantes	0	–
– EU Articulation Écheme:	2	8
– Número de participantes saíntes	2	8
– Número de participantes entrantes	0	0
– Fundación Carolina:	6	6
– Número de participantes saíntes	0	0
– Número de participantes entrantes	6	6

Dada a importancia do manexo dunha segunda ou terceira lingua de cara á empregabilidade, ofrecémoslle ao estudantado a posibilidade de aprender novas linguas sen saír do campus. A través do **Centro de Linguas** pretendemos consolidar e mellorar o coñecemento de linguas como o inglés, o francés, o alemán, o italiano e o portugués do estudantado que asiste ás súas aulas, grazas á multitude de cursos organizados cada ano. O fin é mellorar a

preparación lingüística do estudantado como paso previo para un mellor aproveitamento académico durante a súa estadía nunha universidade diferente á de orixe.

Ademais, e por primeira vez no SUG, organizamos os Erasmus Intensive Language Courses (EILC) de galego. Son cursos destinados ao estudantado Erasmus, especializados e intensivos, das linguas

menos empregadas na UE mais de países participantes no programa Erasmus, como é o caso do galego. Neste marco, coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), formáronse un total de **41** estudantes de intercambio das tres universidades galegas. Realizáronse dous cursos de inmersión lingüística e cultural, co obxecto de atender a totalidade da demanda.

Igualmente, estamos acreditados como institución en que poder realizar o exame do International English Language Testing System (IELTS), froito da colaboración entre Cambridge ESOL, British Council e IDP-Education/IELTS Australia. No ano 2010 presentáronse 23 persoas ao dito exame. O Centro de Linguas colabora, ademais, con frecuencia na impartición de cursos de formación de ensino de linguas co Instituto Cervantes.

CENTRO DE LINGUAS	2009	2010
Número de estudantes matriculados	1.846	2.064
Número de estudantes matriculados en cursos de linguas estranxeiras	1.386	1.709
Número de estudantes matriculados en cursos de segundas linguas	30	31
Número de estudantes matriculados en cursos de lingua galega	39	17
Número de estudantes matriculados en cursos de lingua española	293	307

Por outra banda, a administración ofrece diversas axudas para a realización de cursos no estranxeiro: o Ministerio de Educación, por un lado, para efectuar cursos de lingua inglesa, alemá ou francesa; e

a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo outro, para o financiamento de estadias en estados da UE, co fin de favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma.



4. MEDIO

As actuacións relacionadas co medio na UDC son coordinadas pola **Oficina de Medio Ambiente (OMA)**. Entre todas elas existen tres que, en concreto, son de especial interese para o estudantado.

En primeiro lugar, o **programa de préstamo de bicicletas**, que ten como fin fomentar o sentido da responsabilidade canto á conservación e mellora do medio. Os obxectivos específicos son promover o emprego da bicicleta como vehículo sustentable, avaliar o interese xerado pola iniciativa na comunidade universitaria e estudar as particularidades do uso da bicicleta no contorno dos campus e das cidades da Coruña e Ferrol, para posteriormente poder indicar novas medidas que faciliten o seu uso. É un proxecto que está a ter unha grande acollida, dado que a presentación de solicitudes medra cada ano. Para levalo a cabo, cóntase coa colaboración da Asociación por unha Mobilidade Responsable MOBI-LIZA, encargada do asesoramento especializado á OMA e aos usuarios deste servizo.

Cos datos recollidos nas solicitudes realizadas polos estudantes para entrar a formar parte deste programa e nas enquisas realizadas entre os usuarios, podemos analizar o funcionamento do servizo, tanto a súa efectividade a respecto dos obxectivos formulados como o grao de satisfacción acadado polos usuarios.



Como seguinte actuación relevante temos o **programa de voluntariado ambiental**, que busca avaliar a situación ambiental do espazo dos campus e do contorno asociado a eles a través de diversas actividades. Salienta o Proxecto Ríos, actividade relacionada coa custodia do territorio, e constituída como unha nova ferramenta en ensino ambiental para a conservación da biodiversidade. A través desta iniciativa, o estudantado coñece e avalía o estado ambiental dos ríos que atravesan a UDC, e das hortas urbanas, así como tamén axuda á súa conservación con criterios ecolóxicos. O fin é promover a sensibilidade ambiental da comunidade universitaria e manter áreas de cultivo de gran riqueza paisaxística, ecolóxica e urbana no contorno da UDC.



Tamén inclúe a posibilidade de lles outorgar a colectivos da comunidade universitaria a xestión de determinados aspectos dos recursos naturais e espazos concretos do contorno (parcelas de monte, seccións de ríos ou pozas) para levar a cabo un seguimento ambiental, coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). Destaca a participación de grupos de estudantes matriculados en materias relacionadas coa xestión da auga, dos ríos e, en xeral, do medio.

A OMA concede, así mesmo, bolsas de colaboración que son adxudicadas por cada un dos centros da UDC. Estas bolsas permiten a formación teórica e práctica dun ou dunha estudante na monitorización de indicadores de impacto ambiental nos centros, e a coordinación e participación en actividades ambientais da OMA no respectivo centro, para promover un labor de información e concienciación entre a comunidade universitaria.

No tocante aos programas formativos: cursos, xornadas, conferencias... vinculados ao medio, é o **Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)**, con sede no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), o responsable da impar-

tición de formación de carácter específico sobre a problemática ambiental do noso patrimonio natural, histórico e cultural, a conservación do medio mariño, o cambio climático... co fin de proporcionar os medios máis axeitados para o ensino ambiental. Unha contribución moi activa cuxo obxecto é concienciar o estudantado, da forma máis eficiente posible, de forma individual e colectiva, da necesidade dun cambio de actitude ante o medio.

E como actividades puntuais, cabe resaltarmos a celebración do Día Mundial do Medio Ambien-

te, acto de carácter público con que se pretende transmitirle á cidadanía a preocupación de comprometerse co coidado do medio. Para esta celebración organizamos diferentes actividades, como foron a visita guiada ao Monte da Fraga (campus da Zapateira), a participación na eliminación manual de especies invasoras (eucalipto e outras) e a saída en bicicleta desde Elviña até a praza da Palloza (A Coruña).

Para ver con máis detalle a política ambiental, pódese consultar a sección "Cidadanía".

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE 2010

Venres 4 de xuño, ás 12:00 h:

Visita guiada ao **Monte da Fraga** (A Zapateira) e participación na eliminación manual de especies invasoras (eucalipto e outras)

LUGAR: cita ás **12.00 h** ao pé do invernadoiro no lateral da **Facultade de Ciencias**. Posibilidade de incorporación posterior aos traballos de eliminación da flora invasora, ata as 13:30 h.



Luns 7 de xuño, ás 13:00 h:

Saída en bicicleta desde **Elviña** ata a **Praza da Palloza** (A Coruña)

LUGAR: Edificio **Xoana Capdeville** (Elviña), ás **13:00 h**; Rotonda **pistas polideportivas** ás **13:15 h**, e chegada á praza da Palloza ás **14 h**.

Non é preciso inscrición.

+info: <http://www.udc.es/vxa/medioambiente/>

Organiza:  **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE (OMA-UDC)
COORDINADORAS DE MEDIO AMBIENTE: ROSA FERNÁNDEZ

5. TIC

Dada a importancia das novas tecnoloxías, dispoñemos da Aula de Formación Informática (AFI), en que teñen lugar cursos destinados a completar o coñecemento académico dos estudantes neste ámbito, co fin de acadar un maior grao de especialización en informática: Autocad, deseño e desenvolvemento de páxinas web, sistema operativo Linux, bases de datos, fotografía dixital...

Na vida ordinaria do estudantado nos centros, son moitas as aplicacións tecnolóxicas que emprega: a páxina web do centro ou a páxina web corporativa, que no ano 2010 recibiu un total de **4.581.037** visitas; o servizo de correo electrónico baseado no programa ZIMBRA, empregado por **3.649** estudantes; a aplicación do Campus Virtual, en que se ofreceron **4.005** materias para un total de **20.868** estudantes; a aplicación da Secretaría Virtual; o emprego das contas de correo electrónico da UDC, usadas por **85.412** estudantes; e as numerosas wikis a disposición daqueles que desexaren usalas.

Dentro do ámbito da aplicación das TIC, foron iniciativas de particular importancia as relacionadas coa dotación de infraestruturas tecnolóxicas que permitisen desenvolver, en mellores condicións, a docencia. Entre as máis importantes sinalamos as seguintes:

- a) A UCV. Nun primeiro momento a rede ATM da UDC daba un servizo de calidade que permitía o desenvolvemento da UDC Virtual, a UCV, tanto no relativo á e-administración, como en todo o relacionado co uso das TIC na docencia universitaria. A creación da facultade virtual, como plataforma de teleformación, deu servizo ao estudantado e ao PDI en todos os títulos impartidos na UDC.
- b) As Aulas Net. A crecente necesidade de facilitar o acceso do estudantado á plataforma e aos servizos de automatrícula traducíronse na dotación de Aulas Net (aulas de informática dependentes dos servizos centrais) en todos os centros, de modo que as TIC puidesen formar parte da vida cotiá das aulas e do traballo universitario.



- c) A adquisición de portátiles. Como non é posible que o estudantado empregue os devanditos recursos sen dispor dos dispositivos necesarios para o facer, a UDC asinou un convenio coa Xunta de Galicia para apoiar a campaña de adquisición de portátiles.

Outros servizos tecnolóxicos serían a posibilidade de se matricular pola internet, servizo que tivo como novidade a implantación do módulo de 3.º ciclo en Xescampus, o que posibilitou a integración da unidade de estudos oficiais de posgrao nesta

ferramenta; a remisión das cualificacións dos exames por telefonía móbil vía sms; as novas para a xestión das solicitudes do bonobús e das prazas para as residencias universitarias e o servizo de atención telefónica. Ademais, o acceso á Biblioteca Virtual Galega (BVG) e á rede wifi a través do portal cativo UDCPortal ou eduRoam desde calquera centro da UDC, xa que a UDC ten cobertura wifi no 100% dos seus espazos.

Doutra parte, cómpre salientarmos tamén a Guía de harmonización da docencia universitaria (GADU). A GADU é un contorno web que proporciona o modelo de guía docente para favorecer a harmonización da programación da docencia universitaria de acordo coas directivas do proceso de integración no espazo europeo de ensino superior. A ferramenta fornece a información necesaria sobre o contido dos programas para a organización, orientación e facilitación da súa aprendizaxe ao longo do proceso formativo que se desenvolve no transcurso dun determinado programa de estudos universitarios.


De igual maneira, non debemos esquecer a Oficina de Software Libre (OSL), proxecto que se puxo en marcha mediante un convenio coa Secretaría de Innovación e Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia. O obxectivo é a implantación e difusión

deste tipo de software en todos os ámbitos da institución e, neste sentido, permítelle á UDC ter a iniciativa da difusión do software de código aberto e do sistema operativo GNU/Linux no marco da Comunidade Autónoma de Galicia.

No último exercicio apostouse polos encerados dixitais, repartidos por todos os centros da UDC, entre 2 e 8 por escola. Son ferramentas que favorecen a participación dos estudantes nas aulas e o seu rol na docencia no que respecta aos créditos ECTS.

Outras iniciativas destacables son as aulas informáticas dinámicas, carros móbiles que conteñen até un máximo de 30 portátiles. O carro pode levarse a calquera espazo que se solicite, sempre e cando se sitúe no mesmo edificio. Este espazo pode ser unha aula de docencia, un seminario, un salón de graos, un despacho... Dado que nas metodoloxías docentes acordes coas novas titulacións a tarefa do estudiantado é cada vez máis colaborativa, esta fórmula resulta moi apropiada para que se reúnan para realizar os seus traballos en grupo. Isto significa un aforro importante de custos por parte da UDC, pois o espazo en que se dispoñían os portátiles xa non é necesario.





6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O vehículo oficial de diálogo da UDC é o galego. Porén, aínda que unha alta porcentaxe do estudantado domina á perfección a lingua galega, son moitos os alumnos que ben teñen dúbidas á hora de empregaren a lingua correctamente, ben non son de Galicia e creen óptimo aprenderen a lingua galega.

Desde o **Servizo de Normalización Lingüística** (SNL) informamos o estudantado tanto dos seus dereitos lingüísticos e promovemos a súa participación activa na comisión de normalización do centro en que está a estudar. O asesoramento lingüístico requirido polo estudantado adoita estar vinculado á revisión dos seus traballos de investigación, canalizados a través das axudas previstas para se redactaren e defenderen en lingua galega. A isto hai que lle engadir o labor de responder con-

sultas lingüísticas e/ou terminolóxicas puntuais ou as solicitudes de información recibidas por diferentes vías (teléfono, correo electrónico...).

O SNL, en colaboración cos SNL das universidades de Vigo e Santiago de Compostela, así como da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocou a VII edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras, en dúas modalidades: a) campaña normalizadora; e b) idea para a promoción do galego. Trátase dun premio dirixido ao conxunto do SUG, ben a título individual, ben á constitución de equipos, como as comisións de normalización lingüística ou as asociacións estudantís.

Así mesmo, mantivemos a liña de axudas á investigación en lingua galega, que incentiva a realización e defensa das teses e traballos de investigación en galego. Concedéronse as **70** solicitudes presentadas.

O novo sitio web, dotado de soporte metodolóxico pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías e deseñado e fornecido de contidos pola Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, permítelle ao estudantado estar permanentemente informando da actualidade do sistema educativo galego e nacional. Malia estarmos aínda en período de adaptación, contamos agora cun sitio organizado de modo máis racional, pois abandónase a anterior estrutura, baseada no organigrama de goberno, para nos adaptar de modo flexible e multilateral ás necesidades de información e de xestión dos usuarios.

teleformación, e permite a transmisión e o almacenamento de todo tipo de contidos audiovisuais.

De igual forma, publicamos a **revista U+S Blogspaper**, de carácter periódico, con que o estudante pode coñecer de primeira man a nosa relación coa sociedade que o rodea e o mundo da empresa.



8. CULTURA

A UDC concibe a educación como a transmisión de coñecementos dentro dun proceso de formación integral en actitudes e valores. Entendemos así a universidade como algo máis que un lugar onde se reciben ou imparten materias. As mellores tradicións universitarias souberon ver a formación do estudantado como un proceso integral que cobre por igual aquilo que os clásicos chamaban o lecer creativo, sexa mediante o deporte ou a cultura no sentido máis amplo.

As actividades culturais, como as deportivas ou as solidarias, son tamén lugar de encontro nun sentido máis amplo, pois abranguen non só a comunidade universitaria, mais tamén o conxunto da cidadanía, para a que como servizo público traballamos, ensinamos e investigamos. Con este obxecto, as actividades culturais que organizamos son sempre de portas abertas á cidadanía. A inauguración en 2011 de Normal. Espazo de Intervención Cultural no campus de Riazor, no centro da cidade da Coruña, virá fortalecer esta aposta. Algo semellante sucederá coa posta en marcha do novo espazo de Extensión Universitaria no campus de Esteiro, Ferrol.

A UDC ofrece un amplísimo programa de actividades culturais en campos diversos:

Letras, poetas, narradores e ensaístas que len e comentan a súa obra en obradoiros de reflexión e de debate literario. E a **Aula de Prensa**, espazo de debate con conferencias e mesas redondas sobre temas de actualidade ou de divulgación, onde se colabora con Radio Coruña.

Teatro e danza contemporánea, con varios niveis formativos, produción propia de obras e un festival anual, o Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC), a que asisten mostras doutras universidades. E **cinema e imaxe**, con proxeccións comentadas de filmes en ciclos temáticos, conferencias e cursos, videoteca, atención ás novas tecnoloxías da imaxe ou videocreación.

Música clásica, con cursos formativos, os concertos didácticos de periodicidade anual, o Ciclo de Novos Intérpretes ou o renovado Coro Universitario da UDC. E **outras músicas**, nomeadamente músicas contemporáneas ou de cantautor, co fes-

tival anual Campus Rock, a colaboración co pub Filloa para concertos de jazz ou o concerto de cantautores.

Exposicións, que van encontrar o seu marco estable no centro cultural Normal, dentro dunha liña alternativa e de vangarda moi ligada ás novas linguaxes urbanas e aos contidos audiovisuais, ben de produción propia, ben en colaboración. E **obradoiros** de fotografía, arte, audicións comentadas, radio, cociña...

Para alén disto, cóntase cunha ampla programación de cursos de verán, **17** no ano 2010, ligada sobre todo aos concellos do ámbito xeográfico da UDC, a cal vai crescendo de ano en ano. Destaca, desde fai tres anos, o Curso de Verán de Divulgación Científica na Sociedade, dirixido ao estudantado e ao PDI. Xunto con isto, non podemos esquecer a **Cátedra Jorge Juan**, mercé á cal UDC organiza, en colaboración coa Armada, ciclos de conferencias de diversa índole.

Para ver con máis detalle todas as actividades culturais levadas a cabo no ano 2010, pódese consultar o Informe do reitor 2010.



9. DEPORTE

Pomos nun primeiro plano o deporte como complemento á formación académica. O noso compromiso neste sentido é sentar as bases dun modelo de actividade física e deportiva feito desde a UDC para toda a comunidade universitaria e, asemade, aberto á cidadanía e vinculado con todos os axentes con responsabilidades en materia deportiva.

Contamos coa **Unidade de Exercicio e Saúde (UES)** como servizo de asesoramento e promoción da actividade física e a saúde entre membros da comunidade universitaria.

Con esta oferta procuramos mellorar a práctica deportiva a través de diferentes modalidades, axeitándoas aos distintos niveis dos usuarios. Así, a nivel de competición, organizamos ligas internas en que equipos de estudantes participan durante o curso en competicións de baloncesto, fútbol 7, fútbol sala, rugby, voleibol, torneos de pádel, tenis,

bádminton, tenis de mesa, tiro con arco e xadrez. Falamos dun total de 2.300 estudantes, pertencentes a máis de **212** equipos.

Está, así mesmo, a asistencia a competicións externas como os Xogos Galaico-Durienses ou o campionato de copa que se organiza polo Trofeo do Reitor. Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da UDC superou os **380** participantes, repartidos en distintas modalidades de competición. A UDC acadou resultados importantes que deron a posibilidade de participarmos nos Campionatos de España Universitarios. Nestes últimos participaron un total de **120** deportistas cun alto nivel de rendemento da nosa universidade.

No ámbito internacional cabe salientarmos a participación e o resultado do equipo de rugby feminino no Campionato de Europa Universitario que se realizou en Granada. O equipo da UDC acadou un meritorio segundo posto despois de participar no Campionato de España Universitario e gañalo.



Contamos con equipos federados nos seguintes campos: rugby feminino e masculino, fútbol feminino e masculino, voleibol feminino e tiro con arco. Algúns deles son propios e outros existen mediante convenios de colaboración con outros clubs.

Nas modalidades deportivas individuais, o Consello Superior de Deportes organizou un total de **25** campionatos. A UDC competiu en **19** deles, unha das maiores participacións do Estado español. O total de participantes en deportes individuais foi de **73** usuarios, e conseguíronse **10** medallas: **2** ouro, **3** pratas e **5** bronce.

Dispoñemos tamén dunha ampla oferta en materia de **formación**, con **36** escolas deportivas: xadrez, rugby, bádminton, tiro con arco, taekwondo, tai-chi, voleibol, e fútbol sala feminino. E cursos puntuais: tenis, escalada, e carreiras de orientación, así como outras actividades: cursos para adestradores de baloncesto e fútbol, monitores de tempo libre, mergulladores ou patróns de embarcación de recreo.

Por outra banda, é de resaltar que o enclave xeográfico da UDC facilita o contacto co contorno natural para a práctica de **deportes tanto en terra como en mar**: camiñada, pontismo, balsismo, rutas a cabalo, rutas en canoa, excursións e saídas para a práctica de esquí no inverno, cunha participación de preto de 550 usuarios. E actividades náuticas e cursos de deportes de vela co material axeitado e o equipamento propio para o mar e para o coñecemento do mundo marítimo. Estas últimas actividades son organizadas nas dependencias náuticas do Club Universitario da UDC, situado no Dique Barrié de la Maza.

Tanto no campus da Coruña como no campus de Ferrol temos **numerosos servizos e unha ampla infraestrutura** que mellora o acceso ás instalacións. Así, cóntase con máis de **5.000** usuarios, dos que **3.000** son estudantes.

No campus da Coruña: as instalacións náuticas do Club Universitario, o Pavillón de Deportes do campus de Elviña e o campus de Riazor. E no campus de Elviña, ademais, o complexo deportivo, o Estadio Universitario, a Sala Multiusos, a Sala Muscular de 300 m² con máquinas de última xeración, o tatami de 150 m², a pista de tenis, a pista de atletismo, a

pista polideportiva exterior e o campo de fútbol e rugby de herba natural.

No campus de Ferrol: a sala da área de deportes.



Por segundo ano organizamos o Día do Deporte no campus de Elviña, con diferentes actividades deportivas: campionatos de fútbol e de baloncesto, actividades de tiro con arco e tirolina, así como avaliacións da condición física tanto no campus de Ferrol como no da Coruña. Para o acto da entrega de premios contamos coa participación de case 200 persoeiros e deportistas reunidos nunha cea. O Premio UDC Deportes foi outorgado este ano ao equipo feminino de rugby pola súa traxectoria e polos importantes éxitos acadados.

Para ver con máis detalle todas as actividades deportivas levadas a cabo no ano 2010, pódese consultar o Informe do reitor 2010.

10. COMPROMISO SOCIAL

O compromiso social da UDC reflíctese en tres liñas estratéxicas: a igualdade de xénero; a cooperación para o desenvolvemento e o voluntariado social; e a atención á diversidade.

Co obxectivo de eliminarmos calquera mostra de sexismo dentro da comunidade universitaria, creouse a **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX). A OIX imparte formación ao estudantado na procura de conciencialo e sensibilizalo a respecto do papel que exerce a muller tanto nas aulas como na sociedade: conferencias, mesas redondas, cursos de verán... E é que o **50,1%** do estudantado da UDC son mulleres. Desde esta perspectiva, a OIX realiza unha intensa tarefa formativa plenamente aberta ao estudantado, co duplo obxectivo de contribuír a que a sensibilidade en materia de igualdade de

xénero medre entre este colectivo, así como de que se xere un maior interese por esta temática que poida ser satisfeito no cadro da oferta formativa impulsada desde a OIX.

Asemade, ten entre as súas tarefas a de cumprir o papel de observatorio de posibles situacións de discriminación en materia de xénero, apto para contribuír á súa superación, e neste eido o estudantado é seguramente o colectivo prioritario. Dito doutro xeito, a OIX é unha porta permanentemente aberta ao asesoramento e á resolución de problemas do estudantado en materia de discriminación de xénero. Sen prexuízo diso, o obxectivo a curto prazo da OIX é ampliarmos as tarefas cara ás materias de sexualidade e opción sexual, co obxectivo de sensibilizar do estudantado en relación con tales vectores de discriminación, así como de evitar situacións desa caste.



O impulso de campañas de sensibilización e denuncia social, o establecemento de estruturas solidarias para axudar as persoas en risco de exclusión social... son só algúns dos nosos obxectivos relacionados coa forma de entender a cooperación para o desenvolvemento e o voluntariado social, como segunda liña de acción. Para acadarmos estes fins contamos coa **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV), desde a que se pretende responder ás inxerencias sociais e solidarias do estudantado; trabállase, ademais, en programas de formación. *Para ver con máis detalle estas actividades, pódese consultar a sección "Cidadanía".*

Os **proxectos de cooperación ao desenvolvemento** son xestionados pola OCV mediante diferentes campañas de sensibilización e as convocatorias específicas para o estudantado. No ano 2010 o número de voluntarios aumentou até un total de **162**, estudantes de Ciencias da Educación na súa maioría (no ano 2009 colaboraban connosco **114** estudantes).

No Proxecto de coñecemento da realidade (PCR), o estudantado da UDC desprázase a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación dun a tres meses. Neste tempo fórmase como profesional, no seu ámbito de estudo, mediante a aplicación práctica dos seus coñecementos; logra o desenvolvemento destes países a través da mellora da súa calidade de vida.

O traballo que desenvolvan os estudantes pode ser validado por proxectos, por traballos obrigatorios de fin de carreira ou por prácticas de materias académicas. Ademais, este proxecto constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, para os propios participantes e para os seus compañeiros, xa que tras o regreso da estadía se realizan charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia. No ano 2010, presentouse a cuarta convocatoria, en que se financiaron os gastos da viaxe ao país de destino e o seguro, así como os gastos de xestión e coordinación da dita actuación. Seleccionáronse **6** proxectos.

Non podemos esquecer un movemento de grande interese para a comunidade universitaria, o **asociacionismo**. Neste sentido, creouse a Rede de Asociacións e Colectivos Universitarios (RACU), formada por asociacións e delegacións de estudan-

tes. O obxectivo da RACU é facilitar e axilizar a comunicación das actividades dos diferentes grupos que existen na UDC. A OCV exerce como centro de difusión da información aos diferentes colectivos universitarios.

E como terceira liña de acción, a promoción da plena integración do sector do estudantado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais experimenta dificultades externas a un acceso igualitario á UDC. A través da **Unidade Universitaria de Atención á Diversidade** (ADI) do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), tramitamos as cuestións relacionadas coas necesidades específicas deste sector: transporte adaptado, interpretación da lingua de signos... No ano 2010 foron solicitudes **128** exencións de matriculas, repartidas por igual entre mulleres e homes.

Tamén asumimos nunha convocatoria propia as axudas ao estudantado con necesidades educativas especiais, logo da ruptura unilateral do convenio de colaboración que existía por parte da Fundación María José Jove.

11. ACTUACIÓN SOCIAL

Fomentamos a nosa propia política de bolsas e axudas, sen prexuízo da acción do Estado, da Xunta de Galicia e doutras administracións, co fin de establecer un marco efectivo de igualdade para o acceso, a permanencia e o desenvolvemento dos estudos universitarios. Seguimos a filosofía de que ningunha persoa deixe de estudar nas nosas aulas por falta de recursos económicos.

A **Sección de Bolsas**, en concreto, informa o estudantado e xestiona para cada curso as bolsas ante organismos públicos e entidades privadas, co obxecto de ampliar e reforzar as fontes de financiamento como paso previo a dar un impulso a un maior número de axudas dispoñibles.

As **bolsas e axudas propias da UDC** son numerosas, e unidas ás axudas ben da Xunta de Galicia, ben do Ministerio de Educación, conforman un amplo abano de posibilidades para o estudantado. As bolsas da UDC son estas:

- a) De carácter xeral: axudas para o transporte urbano e para o aloxamento en residencias universitarias concertadas.

- b) Bolsas de mobilidade, recollidas na sección "Internacionalización".

- c) Bolsas de colaboración, a través da sinatura do correspondente convenio cos estudantes, que poden ser de cooperación nos departamentos universitarios, nas tarefas bibliográficas, nas Aulas Net e nos servizos da UDC.

- d) Bolsas ao estudo: de nova adxudicación e prórroga para estudos de doutoramento, mestrados universitarios oficiais, estudos de posgrao propios (mestrado ou curso de especialización) e contratos predoutorais.

- e) Bolsas de axuda económica á discapacidade, cuxo fin é que os estudantes a que se lles conceden poidan afrontar mellor os problemas cotiáns con que se atopan desde o inicio do curso académico.

Outras bolsas serían as da Fundación Pedro Barrié de la Maza para a ampliación de estudos de mestrado, doutoramento ou investigación posdoutoral en países da UE, os EUA e a zona asiática; e as da Fundación Caixa Galicia para realizar estudos de mestrado e doutoramento en universidades de recoñecido prestixio, preferentemente no estranxeiro.

BOLSAS E AXUDAS DA UDC	2009	2010
Número de bolsas e axudas de carácter xeral:	2.728	2.586
– Número de bolsas ao transporte urbano	2.526	2.382
Importe económico (€)	–	–
– Número de bolsas ao aloxamento	175	191
Importe económico (€)	–	–
– Número de bolsas para a atención á diversidade	27	13
Importe económico (€)	29.160	14.001
Número de bolsas por convenios de colaboración da UDC:	238	230
Importe económico (€)	416.134	362.600
– Número de bolsas nos departamentos universitarios	110	110
Importe económico (€)	158.400	166.100
– Número de bolsas nas tarefas bibliográficas	82	76
Importe económico (€)	104.140	101.460
– Número de bolsas nas Aulas Net	46	44
Importe económico (€)	153.594	95.040

As **bolsas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** son as seguintes:

- a) Bolsas de mobilidade, recollidas na sección “Internacionalización”.
- b) Bolsas para a colaboración nos departamentos universitarios.
- c) Bolsas ao estudo: de nova adxudicación e prórroga para estudos de doutoramento e mestrados universitarios oficiais; o programa María Barbeito de axudas para contratos predoutorais de formación de doutores; créditos e bolsas para os galegos residentes no exterior, para os galegos que queiran cursar estudos oficiais fóra de Galicia e para os galegos que, por causa sobrevida ou imprevista, teñan dificultades económicas para continuaren os seus estudos.

As **bolsas do Ministerio de Educación** son estas:

- a) De carácter xeral: axudas para o transporte urbano, para desprazamentos interurbanos segundo unha escala de quilometraxe e para o aloxamento en residencias universitarias, así como suplementos por residir en cidades de máis de 100.000 e 500.000 habitantes.
- b) Bolsas de mobilidade, recollidas na sección de “Internacionalización”.
- c) Bolsas para a colaboración nos departamentos universitarios.
- d) Bolsas-salario compensatorias e préstamos renda universidade para cursar mestrados oficiais.
- e) Bolsas para o estudo dun mestrado.

Canto aos premios académicos, a UDC reconece cada curso o labor do estudantado que se incorpora á UDC na súa etapa de bacharelato, por un lado, e do estudantado que desenvolve os seus estudos superiores na UDC, polo outro.

O **Premio UDC á Excelencia Académica no Bacharelato**, cuxo obxecto é recoñecer o esforzo e a dedicación do estudantado que alcance resultados académicos excelentes no seus estudos de bacharelato, premia aqueles alumnos cos mellores expedientes que formalicen a súa matrícula en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios no curso académico en que se convoca. No ano 2010 convocouse a súa VI edición, e cómpre lembrarmos que a UDC foi a primeira das tres universidades do SUG en concedelo.

Por outra banda, os **premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro**, os cales teñen como cometido recoñecer o bo facer do estudantado que obtivese unha nota media de sobresaliente no expediente académico. Son outorgados anualmente pola Xunta de Goberno, por proposta da xunta de centro correspondente, após a valoración do tribunal constituído para tal efecto. A UDC conta cun total de **37** premios extraordinarios de doutoramento, a **24** mulleres e a **13** homes.

De forma paralela, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca os Premios de Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que reconece a excelencia académica do estudantado do SUG.

Así mesmo, axudamos economicamente os gañadores das **olimpíadas científicas**, co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medio de promoción do coñecemento e de incentivar a calidade na formación do estudantado que accede por primeira vez aos estudos universitarios. Convocamos estas axudas para as persoas clasificadas no primeiro, segundo ou terceiro posto nas olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas e Química, nas súas fases local, autonómica ou nacional, para recoñecer o seu labor. No ano 2010 convocouse a V edición.

AXUDAS E PREMIOS DA UDC

	2009	2010
Número de bolsas nos premios á excelencia no bacharelato	15	18
Importe económico (€)	11.535	13.842
Número de axudas aos gañadores das olimpíadas científicas	12	12
– Número de axudas concedidas	–	4
Importe económico (€)	5.200	5.200

Ao longo do camiño universitario, poden xurdir distintas necesidades de información e asesoramento derivadas daquelas situacións persoais que precisen dunha atención diferenciada. A UDC toma como referencia o **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado** (SAPE), con sedes tanto na Coruña como en Ferrol.

O SAPE, a través das diferentes unidades administrativas, cobre todas as inquiredanzas que se lle poidan presentar ao estudantado, ora de carácter académico ou xuvenil, ora psicolóxico ou educativo. Desde o SAPE informamos, asesoramos e capacitamos sobre un amplo abano de aspectos da vida universitaria. Ademais, e coa finalidade de achegarmos información actualizada, elaboramos e difundimos periodicamente dous boletíns: un deles recolle as últimas convocatorias de bolsas e cursos, e o outro achega información sobre actividades deportivas, culturais, de voluntariado, premios e concursos...

A UDC comprométese a captar estudantado, coordinándose con outros niveis educativos.

No tocante á **orientación académica**, o estudantado pode obter información sobre as características dos estudos e as saídas profesionais: acceso aos estudos universitarios, bolsas e axudas, normativa académica, premios, bolsas e axudas, titulacións, centros e servizos da UDC, estudos de grao e pos-grao, cursos, xornadas e congresos, programas de intercambio... E no que ten a ver coa orientación xuvenil, pode facer consultas sobre residencias, asociacionismo, actividades culturais, deportivas e de voluntariado, carnés xuvenís, programas antitabaco, viaxes...

No ano 2010 participamos nas seguintes actividades:

- a) O programa “Visita o teu campus, o teu futuro”, centrado na promoción do campus de Ferrol e desenvolvido en colaboración co Concello de Ferrol, que reuniu **460** estudantes e **25** mestres procedentes de diferentes institucións de ensino secundario da comarca.
- b) A organización das XVIII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional en colaboración co Concello da Coruña.
- c) O programa “O teu futuro en boas mans” orientado a difundir o coñecemento da UDC en todos os niveis do sistema educativo desde os propios centros, co apoio do SAPE.
- d) A participación por terceira vez consecutiva no UNITUR.
- e) A organización das VII Xornadas sobre o Espazo Europeo de Ensino Superior, en cola-



boración co Concello da Coruña, destinadas aos responsables de ensino secundario de Galicia e, en especial, aos orientadores dos centros.

- f) A organización das visitas aos diferentes centros de ensino medio, tanto das comarcas limítrofes dos campus como das máis afastadas, en que se contactou cun total de **3.500** estudantes.

Toda a información que o estudantado necesite para se desenvolver plenamente na UDC está recollida na **Guía do estudante**, á súa disposición ao inicio de cada curso no sitio web da UDC.

Ao longo do curso escolar, o estudante pode encontrarse con novas situacións, nun principio difíciles de levar, causadas pola falta de motivación ante os estudos, a ansiedade, o estrés, a mala concentración ante os exames, a falta de habilidades comunicativas e de relación social... En definitiva, situacións que poden influír negativamente no rendemento académico e no benestar persoal do estudantado. No SAPE, a través do **Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica** (SOEP), realizamos unha ampla oferta de obradoiros destinados a mellorar e a afrontar estes e outros problemas. Ensinamos a aprender.

A través de varios dos nosos servizos, vimos desenvolvendo unha serie de accións encamiñadas á promoción da saúde: os programas de seguimento individualizado de control de peso ou de control da ansiedade, a progresiva eliminación das barreiras arquitectónicas, a retirada selectiva de material reciclable...

Estas accións realízanse actualmente de xeito illado e non teñen polo de agora un marco xeral que lles dea maior identidade e maior visibilidade. No entanto, todas elas están relacionadas cos obxectivos marcados pola Rede de Universidades Saudables e coa promoción da saúde, xa que realizan propostas para modificar estilos de vida e adaptar os contornos físicos, por exemplo. Neste ámbito, a UDC ten como proxecto dotarse dun plan de universidade saudable que terá por finalidade impulsar programas e actividades que permitan que o conxunto da comunidade universitaria gañe en saúde.

A UDC comprométese a reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no espazo europeo de ensino superior.

Contamos cunha ampla **Biblioteca**, entendida como unha unidade funcional de apoio ao estudo, á docencia e á investigación en que se organizan, procesan, custodian e poñen á disposición dos usuarios todos os fondos bibliográficos documentais da UDC, así como un catálogo automatizado da bibliografía e de todo o material de investigación. A Biblioteca da UDC está constituída polos seguintes centros:

- a) A Biblioteca Central, no Edificio Xoana Capdevielle, campus de Elviña.
- b) A Biblioteca da Casa do Patín, no campus de Esteiro.
- c) As bibliotecas das facultades e escolas.

O seu servizo préstase en horario ininterrompido de 8:30 a 21:30 h durante o curso, e co seguinte horario no verán: no mes de xuño e na primeira quincena de setembro, de 9:00 a 21:00 h; no mes de xullo, de 9:00 a 14:00 h e de 15:00 a 20:00 h; no mes de agosto, de 9:00 a 14:00 h. No período de exames o horario amplíase até as 2:00 h da mañá.

Todas as bibliotecas dispoñen de salas de lectura con manuais e obras básicas de libre acceso, así como dos seguintes servizos: salas de lectura, catálogos automatizados, préstamo de libros e préstamo interbibliotecario, bases de datos, propostas de adquisición e caixa de correo de usuarios. A Biblioteca da UDC conta cun número de usuarios potenciais de **24.965**, dos cales son usuarios externos **2.538**. Ten unha superficie de **13.470 m²**, con **0,54 m²** por usuario. No tocante ao material, conta con **3.464** postos de lectura (**7** estudantes por cada posto), **97** ordenadores de uso público e **54** lectores e reprodutores.

Asemade, e como ferramentas de apoio ao estudo, contamos, por un lado, con **3 aulas** de estudo cunha capacidade total de **1.546** postos; e polo outro, con **22 Aulas Net** xestionadas polo Servizo de Informática e Comunicacions (SIC), cunha capacidade total de **565** postos dispoñibles e **1.800** ordenadores nas aulas de informática. As aulas de estudo están, na

Coruña, no Centro Universitario de Riazor (campus de Riazor), cunha capacidade de **444** postos; e no Edificio Xoana Capdevielle (campus de Elviña), cunha capacidade de **678** postos. E en Ferrol, no Edificio de Apoio ao Estudo (campus de Esteiro), cunha capacidade de **424** postos.

Ao se matricular nunha titulación oficial, o estudante conta coa prestación de tres **seguros de asistencia**: o seguro escolar obrigatorio; o seguro Hac Luce de carácter exclusivo e o seguro Hac Luce voluntario.

A UDC comprométese a realizar unha oferta residencial universitaria en Ferrol e A Coruña.

Política residencial universitaria integrada na política urbanística e de vivenda, que fortalece o modelo de cidade compacta.

Integración das residencias universitarias no tecido urbano e do colectivo estudantil na cidadanía.

Tamén lle ofrecemos ao estudantado un servizo público que ten como ámbito de actuación preferente a Comunidade Autónoma de Galicia. Un dos

aspectos fundamentais é a necesidade de lle dar unha resposta axeitada ao problema do aloxamento. O noso atractivo e as posibilidades de que os nosos centros universitarios compitan con éxito na captación do estudantado no espazo europeo de ensino superior están condicionados, entre outros aspectos, pola capacidade que teñamos de lles fornecer aos nosos potenciais usuarios uns servizos universitarios que resolvan de xeito eficaz as súas necesidades cotiás, e unha das máis importantes é a do aloxamento.

Por un lado, as residencias. A UDC ten un convenio de colaboración con tres residencias para o abaratamento dos custos do aloxamento do estudantado. Para optar ás prazas destas residencias concertadas establécese unha convocatoria única de bolsas, que O SAPE convoca, xestiona e adxudica. E polo outro lado, o aluguer. Así, a través do SAPE, pomos á disposición do estudantado un servizo de vivenda que ofrece a posibilidade ben de atopar unha relación actualizada de pisos e cuartos dispoñibles especificamente para o estudantado, ou ben de deixar o propio anuncio tanto para ofrecer como para demandar piso.





En todos os centros da UDC ofrécese un **servizo de comedor** a prezos reducidos. Cómpre destacarmos que no comedor da Escola Técnica Superior de Arquitectura as persoas alérxicas ao glute teñen un menú (ou cando menos un prato) adaptado á súa dieta. Ademais, contamos con varios comedores universitarios fóra dos centros: na Coruña, un comedor xeral no Pavillón de Estudiantes, no campus de Elviña; e en Ferrol, un comedor xeral no campus de Esteiro e outro na Escola Universitaria Politécnica, no campus de Serantes.

Na Coruña, en colaboración coa Compañía de Tranvías, establecemos un servizo especial de **transporte urbano** que achega o estudantado aos diferentes campus. En Ferrol hai varias compañías que realizan as rutas urbanas e que unen varios puntos do concello entre si e dos concellos limítrofes cos campus.

A este respecto, concedemos axudas destinadas ao estudantado matriculado na UDC. Ademais, na Coruña pode solicitarse a tarxeta Milenium na estación de autobuses, no Fórum Metropolitano ou na Oficina do Concello na praza de María Pita; con ela a tarifa será só o 20% da estipulada. En Ferrol, coa tarxeta de transporte metropolitano o prezo do billete é máis barato.

Asemade, somos unha das poucas universidades que teñen a oportunidade de contar a pé do seu campus principal (campus de Elviña) cun apeadoiro de ferrocarril que a conecta con áreas significativas do territorio a que ofrece de forma preferente os seus servizos de ensino superior. Así, a liña do

ferrocarril A Coruña-Ferrol corre ao longo de 500 metros para fixar o seu límite no norte.

Para alén disto, contamos cunha extensa rede de caixeiros automáticos, repartidos por todos os centros. O estudantado emprega como carné universitario a **tarxeta universitaria intelixente** (TIU).

No ano 2010 foron emitidas **7.789** destas tarxetas. Ademais, e como tarxeta do sistema de medios de pagamento 4B, pois foi realizada en colaboración co Banco Santander, presta os seguintes servizos:

- a) Descontos en comercios.
- b) Tarxeta de débito e moedeiro electrónico.
- c) Uso nos préstamos bibliotecarios e nas instalacións deportivas.
- d) Consulta do expediente académico en calquera caixeiro da rede 4B.



12. XESTIÓN EFICIENTE

A UDC salienta polos lazos de comunicación directa entre o estudantado, a dirección dos centros e a propia dirección da UDC. O estudantado participa nos diversos órganos de goberno da UDC para levar a voz do colectivo aos oídos de toda a comunidade universitaria: representantes de estudantes, delegados de clase... E existe un alto número de asociacións de estudantes, ben dedicadas á representación estudantil, ben ao deporte, á cultura ou á investigación.

No **Estatuto do estudantado** recóllense os dereitos e deberes de cada estudante como membro da comunidade universitaria. Os Estatutos da UDC recoñécenlle o dereito a participar activa e democraticamente, mediante a elección dos seus representantes, nos **órganos colexiados de goberno** durante un mandato de 2 anos, para promover e defender os seus intereses como colectivo universitario, e colaborar así nos procesos de progresión e mellora da institución.

Como novidade, cómpre resaltarmos neste campo o desenvolvemento do e-voto, o voto electrónico, nas eleccións universitarias, grazas a un convenio coa Secretaría de Innovación e Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia. Na busca dunha maior transparencia, seguridade, eficacia e eficiencia nos procesos de elección de representantes nos diferentes ámbitos da comunidade universitaria, des-


envolveuse esta aplicación, coa perspectiva do seu emprego nas eleccións á Reitoría do ano 2011.

O Estatuto do estudantado proporciónalle o marco de desenvolvemento do dereito de asociación, e recoñécelle o dereito de reunión, manifestación e folga, co fin de potenciar a participación do estudantado na vida ordinaria da UDC. Son consideradas **asociacións de estudantes** da UDC, e como tales poden solicitar o seu recoñecemento, aquelas asociacións que se constituíren validamente.

No SAPE proporcionamos información e asesoramento para a creación dunha asociación. Cada ano ofrecemos programas de axudas para o desenvolvemento dos fins sociais das asociacións de estudantes, así como programas para a asistencia dos membros das asociacións a congresos, simposios, seminarios ou actividades semellantes. E, e cos mesmos conceptos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ofrece bolsas. Ademais, organizamos anualmente a Feira de Asociacións, co fin de as asociacións daren a coñecer á comunidade universitaria os seus obxectivos e as súas accións.

Así mesmo, non podemos deixar de mencionar o **Tribunal de Compensación** e o **Valedor Universitario**. Este é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e as liberdades do estudantado, xunto co servizo de **Asesoría Xurídica**.

Para ver con máis detalle a política de xestión pódese consultar a sección "Administración".



PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)



O persoal docente e investigador (PDI) é o grupo que traballa nas áreas académicas de formación e/ou investigación.

O PDI ten como principais funcións a prestación de servizos en labores docentes, investigadores, de tutoría ou asistencia ao estudantado e de atención ás necesidades de xestión do departamento ou centro, na xornada laboral establecida.

Por un lado, as actividades docentes comprenden a preparación e a realización de actividades acade-

micamente dirixidas, recollidas nos plans de estudos; o deseño de materiais docentes; a elaboración e corrección de exames; as titorías ao estudantado e calquera outra actividade relacionada coa aprendizaxe. Polo outro, a actividade investigadora comprende o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística, así como a formación de investigadores atendendo tanto á investigación básica como á aplicada.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A UDC é unha universidade nova, creouse fai 21 anos, en 1989. O 57% do PDI da UDC está entre os 30 e os 49 anos.

A investigación é a forma que ten o PDI de fornecer de coñecemento a cidadanía e de achegar innova-

ción ao desenvolvemento do contorno da UDC. O PDI establece a súa máxima en manter e reforzar a excelencia en materia de ensino e investigación, sen rebaixar o nivel de calidade ofrecido.

A estrutura do PDI da UDC é a que segue:

ESTRUTURA DO PDI	2009	2010
Número de PDI	1.516	1.513
Número de PDI doutor (%)	866 (57,12)	902 (59,62)
– Número de mulleres (%)	282 (32,56)	317 (35,14)
– Número de homes (%)	584 (67,44)	585 (64,86)
Número de PDI que non é doutor (%)	650 (42,87)	611 (40,38)
Número de PDI a tempo completo (%)	1.225 (80,80)	1.213 (80,17)
– Número de mulleres (%)	436 (35,59)	444 (26,6)
– Número de homes (%)	789 (64,41)	769 (63,4)
Número de PDI a tempo parcial (%)	291 (19,19)	300 (19,83)
– Número de mulleres (%)	74 (25,42)	84 (28)
– Número de homes (%)	217 (74,58)	216 (72)
Concursos convocados por categorías	214	208
Ratio estudantado/PDI (%)	13,14	13,01

A UDC comprométese a facilitar a transición no proceso de integración no Espazo Europeo de Ensino Superior.

O PDI é o responsable da correcta planificación, organización e supervisión da oferta anual das titulacións da UDC. Coa nova organización docente dos títulos de grao, establécense tres tipos de actividades cos grupos de estudantes:

- a) Docencia expositiva en grupos de 60 a 80 estudantes.
- b) Seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudantes.
- c) Tutorización en grupos reducidos de 10 estudantes, así como actividades de tutoría individuais para o seguimento do traballo personalizado do estudantado.

O ensino personalizado mediante a utilización de grupos reducidos de estudantes permite ao PDI cumprir cun dos seus principais cometidos, como é mellorar a aprendizaxe e conseguir os obxectivos que cada centro incluíu na súa memoria docente.

Da mesma forma, reestruturáronse as áreas de especialización e de coñecemento das 140 existentes ás 5 actuais, co problema que comporta no campo da organización do PDI e a consecuente perda de calidade. A UDC buscou unha solución intermedia que minguase a dita problemática: agrupou o PDI en máis dunha rama de coñecemento para dotalo desta forma de maior flexibilidade, o que resulta óptimo para os grupos de traballo interdisciplinares.

Nesta mesma liña, cómpre salientarmos tamén o cambio nos criterios de elaboración do cadro de persoal. No Espazo Europeo de Ensino Superior

non se cuantifican apenas as horas de docencia, por iso se introduce a investigación na elaboración da relación de postos de traballo (RPT) a través dos seguintes parámetros obxectivos:

- a) Obter o sexenio por avaliación, de carácter voluntario na UDC.
- b) Ser o/a investigador/a principal dun proxecto competitivo (IP).

c) Dirixir teses de doutoramento.

d) Participar en proxectos de concorrência competitiva.

e) E a partir do ano 2011, participar en proxectos de transferencia do coñecemento, criterio de avaliación que será introducido polo Ministerio de Educación.



A estrutura do cadro de PDI configúrase a través da xestión do talento mediante o Plan de organización docente (POD), de carácter aberto e anual. O POD achega transparencia, pois permite comprobar o cumprimento das regras de organización e control das titulacións. Na UDC, unha alta porcentaxe do PDI é titular de escola universitaria, dado o número de escolas universitarias desta universidade. Trátase de postos que deben ser extinguidos e substituídos por PDI doutor permanente. A plena capacidade docente, é dicir, a titulación universitaria, non é suficiente; agora o PDI debe acadar a plena capacidade investigadora, isto é, o título de doutoramento.

Para iso, a través dos programas de promoción mediante a cualificación regulados polos organismos externos, a ANECA e a ACSUG, a UDC concede licenzas de 6 meses ao PDI que o solicitar para o remate da súa tese. Neste sentido, a nosa política baséase na cualificación por obxectivos, que

garante a cátedra e a seguridade necesaria para o PDI desenvolver a súa carreira profesional: estabilidade e promoción. Así mesmo, presentamos ao PDI, na etapa de prexubilación, un plan de xubilación voluntario con vantaxosas condicións económicas a partir dos 60 anos, o que implica á súa vez a consecuente renovación do noso cadro.

No ano 2010 puxemos en marcha a II convocatoria do **Programa DOCENTIA**, levado a cabo pola Unidade Técnica de Calidade (UTC), como procedemento para a avaliación da actividade docente. Este programa é a ferramenta que a UDC emprega para garantir a calidade do PDI e favorecer os principios de calidade das novas titulacións. Aínda que o proceso é complicado porque non pode avaliarse todo o PDI a un tempo, o fin é que en 5-6 anos se consiga avaliar na súa totalidade. Na UDC a avaliación é voluntaria, mentres que xa noutras universidades ben tomou carácter de obrigatoriedade, ben é requisito para recibir o complemento retributivo.

PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA AVALIEMOS	2009	2010
Número de PDI (%)	657 (41,4)	778 (53,17)
Número de estudantes (%)	3.954 (19,4)	3.897 (19,28)

A través deste programa, o estudantado participa activa e criticamente na avaliación institucional da calidade das titulacións e do ensino, e pode facer propostas de mellora e formular reclamacións e queixas acerca do seu funcionamento perante as direccións dos centros encargados da impartición dos diferentes títulos. Tanto as propostas como as queixas deben ser consideradas nas decisións futuras, e cómpre pór os resultados en coñecemento destes.

Por medio da **Unidade de Ensino Non-Universitario** do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), desenvolvéronse os seguintes procesos:

a) Plan de formación para o ensino secundario (PFES), moi demandado tras a desaparición do CAP (certificado de aptitude pedagóxica). No ano 2010 organizáronse un total de **10** cursos, con dispoñibilidade de **40** prazas, de **12** horas cada un. Asistiron un total de **355** persoas e contabilizáronse un total de **118** horas de curso.

b) Plan de apoio ao ensino (PAE).

c) Plan de formación do programa DOCENTIA (PFPD).

d) Obradoiro Campus Virtual Moodle.

O obxectivo do CUFIE é impulsar o desenvolvemento dos programas de innovación educativa e favorecer a mellora do ensino por parte do PDI, para o que elabora materiais multimedia e experiencias educativas que incorporen novas tecnoloxías docentes.

Neste sentido, o Servizo de **Soporte á docencia** presta apoio metodolóxico e técnico ao PDI a través da realización de recursos e materiais de carácter pedagóxico en diferentes soportes, así como de programas de formación continua para a mellora da súa capacidade docente. Tamén fornece soporte metodolóxico á docencia no proceso de adaptación das titulacións e implantación das novas ensinanzas, en consonancia coa aplicación das TIC ao ensino.

PROCESOS DO CUFIE	2009	2010
Número de cursos	31	28
Número de programas	5	5
Número de horas	316	306
Número de prazas	735	655

O CUFIE é un centro de formación continua que conta cun alto grao de participación nas súas actividades, tanto do PDI da UDC como do profesorado de secundaria, ben polos méritos que se obteñen no caso dos primeiros, ben polos puntos que se ob-

teñen para as oposicións no caso dos segundos. A demanda é moi superior á oferta, polo que as prazas para os cursos de carácter semipresencial van ampliándose consecutivamente.

2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

A UDC dispón dun alto potencial investigador.

A UDC comprométese a fomentar a relación con outros grupos de investigación.

A UDC conta cos seguintes **recursos humanos para a investigación**:



RECURSOS HUMANOS PARA A INVESTIGACIÓN	2009	2010
Número de investigadores individuais	105	105
Número de grupos de investigación:	118	118
– Número total membros	1.442	1.442
– Número de PDI	849	849
– Número de profesionais	593	593
Núm. unidades de investigación competitivas:	36	36
– Número total membros	198	198
– Número de PDI	115	115
– Número de profesionais	83	83
Número de axudas para a consolidación e estruturación das unidades de investigación competitivas:	60	52
Importe (€)	2.564.228	2.007.440
– Número de axudas para a mobilidade de grupos	54	46
Importe (€)	2.014.228	1.610.940
– Número de axudas para a mobilidade de redes de investigación	5	5
Importe (€)	300.000	146.500
– Número de axudas para a mobilidade de agrupacións estratéxicas	1	1
Importe (€)	250.000	250.000

No tocante aos **estudos de doutoramento**, estes son os indicadores da UDC:

ESTUDOS DE DOUTORAMENTO	2009	2010
Número de diplomas de estudos avanzados (DEA) presentados:	285	325
– Número de mulleres (%)	141 (49,47)	172 (52,92)
– Número de homes (%)	144 (50,53)	153 (47,07)
Número de teses presentadas:	99	92
– Número de mulleres (%)	35 (35,35)	45 (48,91)
– Número de homes (%)	64 (64,65)	47 (51,08)

Canto ás **bolsas concedidas ao PDI**, esta é a relación:

BOLSAS CONCEDIDAS AO PDI (NÚM.)	INSTITUCIÓN	2009	2010
Predoutorais	UDC	30	30
María Barbeiro	Xunta de Galicia	49	56
FPI	MICINN	23	26
FPU	MICINN	14	31
Ángeles Alvareño	Xunta de Galicia	15	24
Lucas Labrada	Xunta de Galicia	10	8
Isabel Barreto	Xunta de Galicia	11	15
Parga Pondal	Xunta de Galicia	22	22
Juan de la Cierva	MICINN	4	3
Ramón y Cajal	MICINN	2	2

Así mesmo, cada dous anos son convocados pola UDC, coa colaboración do Concello de Ferrol, **premios á investigación** co fin de apoiar e impulsar o labor realizado polos investigadores e equipos de investigación de toda España no ámbito universitario e no mundo empresarial.

No ano 2010 os premiados foron os seguintes:

- a) Premio González-Llanos, no campo da enxeñaría naval, ao traballo titulado “Un método para la generación paramétrica de formas del casco de un buque mediante superficies B-spline” de Francisco Pérez Arribas e José Antonio Suárez Suárez.
- b) Premio Concepción Arenal, no campo das humanidades, ao traballo titulado “Soldados sin historia. Los prisioneros de guerra en España y Francia a finales del Antiguo Régimen. Estudio de la Guerra de la Convención y fuentes para el periodo 1793-1815” de Manuel-Reyes García Hurtado.
- c) Premio Antonio Usero, no campo das ciencias da saúde e das relacións laborais.
- d) Premio Enxeñeiro Comerma, no campo da enxeñaría industrial.

A UDC comprométese a incrementar a investigación de calidade.

A UDC conta con **6 institutos universitarios de investigación** destinados tanto á actividade inves-

tigadora, científica e técnica, como docente, programas de terceiro ciclo, mestrados, cursos de posgrao e cursos de especialización.

Son os seguintes:

- a) Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga. Persegue favorecer a promoción e o desenvolvemento do coñecemento, da investigación científica e do ensino dos estudos internacionais e europeos, co obxectivo fundamental de acercar todas estas cuestións á realidade social galega. Recentemente conseguiu, por segunda vez, a distinción de Centro de Excelencia Jean Monnet. Só dous centros europeos contan con esta distinción, o que os converte en puntos de referencia no ámbito xurídico no ámbito estatal e internacional.
- b) Instituto de Xeoloxía Isidro Parga Pondal. Resultado da colaboración entre a UDC e o Laboratorio Xeolóxico de Laxe (Fundación Isidro Parga Pondal), o seu obxecto é desenvolver proxectos de investigación teórica e aplicada, coeditar publicacións científicas e organizar cursos monográficos, conferencias e congresos científicos sobre materias directamente relacionadas coa xeoloxía e outras materias que, intensamente relacionadas con ela, permiten unha utilización máis racional dos recursos da UDC e do Laboratorio Xeolóxico de Laxe.

c) Instituto de Medio Ambiente. Ten como finalidade realizar proxectos e programas de investigación nos moi diversos campos de traballo relacionados co medio, así como achegar interdisciplinariedade e alta especialización científica neste ámbito.

d) Instituto de Ciencias da Saúde. O seu fin é desenvolver a investigación e a docencia con singular proxección e especialización na área das ciencias da saúde. Este instituto facilita os esforzos investigadores interdisciplinares, xa que a investigación que nel se desenvolve require unha experiencia multidisciplinar en todo o espectro das ciencias biomédicas.

e) Instituto de Estudos Irlandeses Amergin. Ten por obxecto favorecer o acceso ao coñecemento especializado no ámbito do desenvolvemento cultural de Irlanda e Galicia dentro da UE.

f) Instituto de Estudos Marítimos. Froito da colaboración entre a UDC e a Autoridade Portuaria da Coruña, ten como finalidade acceder ao coñecemento especializado no

ámbito das ciencias e técnicas do mar, así como que estas teñan unha incidencia directa no desenvolvemento social, político e cultural de Galicia.

Na realización de estudos e investigacións, a UDC conta con **4 cátedras empresariais**: a Cátedra BIOIBÉRICA SA, a Cátedra INDITEX RSC, a Cátedra FUNDACIÓN CAIXA GALICIA e a Cátedra da Empresa Familiar. A través delas desenvólense investigacións no campo de interese da empresa que as patrocina, co fin de que os resultados redunden directamente en beneficio de ambas. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección "Empresa".*

Inserida na Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), destaca a **Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de Mercados Laborais na UE**. A súa función é fomentar a participación do PDI en programas europeos de I+D como socio ou coordinador por medio de actividades formativas, para o que apoia a preparación e a xestión económica dos proxectos. Ademais, e mediante actividades informativas, xestiona a posible creación de empresas nos países pertencentes á UE.



Dentro das súas actividades podemos salientar as seguintes:

- a) Información e asesoramento sistemático sobre convocatorias, bolsas e premios á investigación para os grupos de investigación.
- b) Asesoramento e apoio nas xustificacións periódicas e finais dos proxectos en marcha. No ano 2010, 11 proxectos de investigación e 9 proxectos a que lle foron concedidas axudas polos programas Interreg IV, o VII Programa Marco e outros programas europeos.
- c) Redacción mensual de boletíns sobre investigación e innovación na UE.
- d) Organización de xornadas e obradoiros sobre o mercado laboral europeo. No ano 2010 organizamos a xornada “Queres investigar? Móvete! Axudas Marie Curie de Mobilidade e Formación” dirixida a toda a comunidade universitaria. Así mesmo, elaboramos e distribuímos a Guía das axudas de mobilidade Marie Curie orientada ao PDI.

No tocante á **Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación** (OTRI), durante o ano 2010 desenvolveu o II Programa de estruturación comercial dos grupos de investigación e puxo en marcha o I Panel de innovacións tecnolóxicas da UDC, co obxectivo de detectar as tecnoloxías innovadoras cunha aplicación práctica e de interese para o mercado e presentárllelas ás empresas, organismos públicos e privados. Tamén participou no programa Empresa-concepto, desenvolvido polas tres universidades galegas e o CSIC para o apoio e fomento das empresas derivadas (spin-off) académicas, e no Comité de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica da Xunta de Galicia, programa encamiñado a fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica (EBT). Elaborou o Regulamento das empresas da UDC e organizou xornadas e cursos de formación sobre innovación, conferencias e feiras científicas.

Así mesmo, a OTRI conseguiu financiamento para os seguintes proxectos:

- a) Un convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria para executar

os compromisos establecidos no Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (INCITE) 2006-2010, en relación coa función das OTRI no sistema galego de investigación e innovación.

- b) O Programa INNCIDE de apoio ás OTRI. A través desta convocatoria foi concedido un proxecto para o impulso de diferentes áreas da OTRI, o Plan estratéxico de transferencia da UDC, con vixencia até o ano 2014.
- c) O Proxecto Incuba.t.net, financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para crear unha rede galega de incubadoras de base tecnolóxica.
- d) O Convenio de unidades de investigación intensivas, financiado pola Xunta de Galicia, para a valorización de tecnoloxías de grupos de investigación.
- e) O Programa INNCIDE do Ministerio de Ciencia e Innovación, para reforzar os recursos humanos da OTRI.

Ante a necesidade de garantir o respecto dos principios éticos e a normativa xurídica aplicable, e tras o aumento da complexidade do labor investigador e a crecente importancia da dimensión ética da investigación, xorde o **Comité de Ética**.

O seu cometido é velar polo cumprimento das boas prácticas de investigación en relación cos dereitos fundamentais das persoas, o benestar dos animais e os intereses vinculados coa defensa e a protección do medio, así como emitir informes por pedido tanto dos equipos investigadores como dos órganos de goberno sobre problemas éticos relacionados coas actividades docentes e investigadoras da comunidade universitaria.

A UDC comprométese a ampliar, mellorar e optimizar as infraestruturas, os equipamentos e os servizos de apoio á investigación.

Desde a súa fundación, a actividade da UDC foi incrementándose de xeito paralelo á relación que mantén coa cidadanía a través das súas empresas e institucións. Tal incremento ten como punta do seu vértice o desenvolvemento do **Parque Tecnolóxico**.



O papel do Parque Tecnolóxico é fundamental para o PDI por estas razóns:

- a) Reforza a actividade investigadora.
- b) Ofrece saídas profesionais aos doutores formados na UDC.
- c) Proxecta a institución de ensino superior na sociedade.
- d) É un punto de apoio básico para o desenvolvemento das propias empresas de base tecnolóxica da UDC.

Os centros de innovación tecnolóxica impulsados pola UDC e nela situados facilitan, alén de oportunidades de investigación, a conexión da empresa co sector público. Os centros principais son:

- a) Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).
- b) Centro de Innovacións Tecnolóxicas (CIT).
- c) Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC).

Para ver con máis detalle a súa composición pódese consultar a sección “Empresa”.

A UDC comprométese a mellorar os procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores.

Como ferramenta de apoio á comunidade científica contamos cos **Servizos de Apoio á Investigación**

(SAI). Os SAI realizan tarefas de análise e procesos analíticos e estrutúranse en **7** unidades:

- a) Unidade de Análise Estrutural, dedicada á investigación básica e aplicada no campo da industria da construción. Estudos sobre enerxías renovables e xeolóxicos, e deseño de novos materiais.
- b) Unidade de Bioloxía Molecular, encargada da investigación básica e aplicada relacionada cos métodos de diagnóstico clínico. Estudos filoxenéticos de poboacións e ecosistemas.
- c) Unidade de Espectrometría de Plasma-Masa, relacionada coa investigación básica e aplicada relacionada coa análise de metais en diferentes matrices alimentarias e co desenvolvemento de fármacos. Estudos xeolóxicos e de metais en matrices acuosas.
- d) Unidade de Espectroscopía Molecular, dedicada á investigación básica relacionada coa industria dos medicamentos e co desenvolvemento de fármacos. A unidade forma parte de PROTEORED.
- e) Unidade de Microscopía, encargada da investigación básica e o estudo de materiais da construción e da industria naval, así como de materiais para ortodoncias.
- f) Unidade de Técnicas Cromatográficas, relacionada coa investigación básica e a análise de produtos tóxicos na industria alimentaria e coa detección de alertas alimentarias. Análise de todo tipo de matrices ambientais.
- g) Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise, dedicada á investigación básica relacionada coa análise fisicoquímica de matrices acuosas. Estudo de cadeas tróficas mediante a análise isotópica e perfís alimentarios de produtos procedentes do mar. Análise da composición de intermedios e potenciais fármacos.

Para ver con máis detalle a evolución dos medios tecnolóxicos dos SAI no ano 2010 pódese consultar o Informe do reitor 2010.

SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN	2009	2010
Número de mostrás	69.675	39.577
– Número de mostrás para a UDC (%)	37.624 (54)	27.308,13 (69)
– Número de mostrás para o sector privado (%)	16.722 (24)	11.081,56 (28)
– Número de mostrás para o sector público (%)	15.328 (22)	1.187,31 (3)
Facturación (€)	507.538,58	459.921,21
– UDC (%)	223.316,97 (44)	197.760,12 (43)
– Sector privado (%)	152.261,57 (30)	170.170,84 (37)
– Sector público (%)	131.960,03 (26)	91.990,24 (20)

Unha das ferramentas básicas de traballo do PDI é a **Biblioteca Universitaria**: coleccións bibliográficas, monografías, publicacións periódicas en papel, mapas, fotografías e diapositivas, microformas, rexistros sonoros, vídeos e DVD, unidades de CD-ROM e recursos electrónicos. Cada ano a UDC fai un importante investimento nestes e noutros recursos bibliográficos e documentais.

Para ver con máis detalle a evolución dos indicadores da biblioteca no ano 2010 pódese consultar o Informe do reitor 2010.

Hai que salientar o crecemento de actividades desenvolvidas nas bibliotecas dos distintos centros, como exposicións bibliográficas ou mostrás de cinema, ou a súa presenza nas redes sociais. Manteñen un contido informativo e actualizado dirixido ao interese do seu colectivo de usuarios.

INVESTIMENTO NA BIBLIOTECA	2009	2010
Fondos bibliográficos e documentais (€)	2.890.483	2.567.500
– Monografías (%)	1.153.817 (39,91)	962.144 (35,05)
– Revistas e bases de datos (%)	1.685.165 (58,26)	1.567.975 (63,59)
– Outros materiais (%)	52.501 (1,81)	37.381 (1,36)
Recursos electrónicos (€)	983.941	821.600

Na cantidade correspondente a revistas e bases de datos inclúense os 634.369 € transferidos mediante convenio a Bugalicia para a adquisición de recursos consorciados, e os 6.960 € transferidos á Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) para a licenza nacional da Web of Knowledge (WOK), contratada en réxime de copagamento para o período 2010-2013.

Así mesmo, asinamos un acordo para contratarmos a licenza nacional 2011-2013 que dá acceso a Scopus, base de datos de referencias bibliográficas

e citas, con dúas métricas do factor de impacto na investigación, Scimago Journal Rank (SCR) e Source-normalized Impact Paper (SNIP); participamos no grupo de traballo RECOLECTA, promovido pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) e na *Guía para la evaluación de repositorios institucionales de investigación*; e seguimos a colaborar, xunto con outras 50 bibliotecas, en Dialnet, portal convertido nunha importante base de datos de literatura científica de libre acceso. Igual que en anos precedentes, continuouse a cooperar con Rebiun no Catálogo de biblio-

tecas universitarias, en que poden consultarse os fondos de 74 bibliotecas.

Cómpre destacarmos que o último ránking web de repositorios mundiais coloca o Repositorio Institucional da UDC (RUC) no posto **326** dos 1.120 repositorios institucionais do mundo. Para apoiar as iniciativas de acceso aberto, os repositorios aparecen ordenados segundo un índice que combina indicadores de actividade (tamaño, ficheiros ricos e Scholar) e de impacto (visibilidade dos enlaces).

Como cada ano, a **Comisión de Publicacións** editou numerosos libros e revistas, alén de publicar as actas dos congresos e reunións de carácter científico desenvolvidas na UDC, e diversas monografías e manuais. Neste sentido, notouse unha diminución do número de monografías xestionadas pola editorial da UDC, pois cada vez dáselles un maior grao de importancia aos traballos publicados en revistas de calidade. A chegada das TIC tamén está a influír, dado que se está a vivir o paso do libro tradicional aos repositorios de acceso aberto e ao libro electrónico, polo que pasa o futuro máis inmediato. A UDC adáptase ás novas esixencias de accesibilidade, flexibilidade e carácter multimedia dos novos medios, para non deixar pasar a oportunidade de mellora.

De igual maneira, no ano 2010 asinouse un acordo coa plataforma Meubook (www.meubook.com) para desembarcarmos no mundo da edición dixital e baixo demanda. O acceso á información e á oferta editorial da UDC faise así máis doado. Déronse ademais os primeiros pasos para incrementar a colaboración con outras plataformas institucionais, como Dialnet ou Unebooks.

No que ten a ver co material docente, a UDC non conta aínda con materiais didácticos adaptados aos novos plans de estudo que fosen publicados. No entanto, as TIC ofrecen os medios alternativos oportunos para o apoio á docencia como, por exemplo, a plataforma de teleformación baseada en Moodle, máis cómoda e flexible que os manuais impresos e que a Facultade Virtual, que era a ferramenta de teleformación que se manexaba até o momento.

A **captación de recursos externos da UDC** para a investigación ascendeu a un total de **13.378.961 €** no ano 2010, dos cales o **50,57%** corresponde á recadación por concorrência competitiva, e o **49,43%** á contratación directa. No ano 2009, porén, a captación foi maior, **12.057.858 €**, polo maior número de contratos asinados coa empresa e coa administración, de que un **44,78%** veu da recadación por concorrência competitiva e un **55,22%** veu da contratación directa.



CAPTACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS DA UDC	2009	2010
Número de proxectos de investigación competitivos	80	103
Importe (€)	5.400.129	6.765.812
(%)	[44,78]	[50,57]
– Número de proxectos autonómicos	29	51
Importe (€)	1.776.514	2.706.934
– Número de proxectos estatais	48	43
Importe (€)	3.127.546	2.977.373
– Número de proxectos europeos	3	9
Importe (€)	496.169	1.081.505
Número de contratos de investigación coa empresa e coa administración	248	278
Importe (€)	6.657.629	6.613.149
(%)	[55,22]	[49,43]
– UDC	43	57
Importe (€)	2.208.340	1.871.832
– Sociedade Xestora do CIT	26	18
Importe (€)	103.386	104.132
– Sociedade Xestora do CITEEC	8	18
Importe (€)	61.290	45.373
– Sociedade Xestora do CITIC	14	22
Importe (€)	588.414	1.177.125
– Fundación Enxeñaría Civil	25	36
Importe (€)	867.716	1.012.451
– Fundación Río do Pozo	4	0
Importe (€)	76.685	0
– FEUGA	16	23
Importe (€)	423.925	361.212
– FUAC	112	104
Importe (€)	2.327.873	1.041.024

Entre os traballos elaborados polo PDI poden xurdir proxectos empresarias. Cando a base destes é tecnolóxica, contan co apoio do **Viveiro de Empresas** de Base Tecnolóxica para os levar a cabo. O Viveiro fornece un espazo físico cedido pola UDC como

sede da nova empresa, ademais do uso e goce das salas de presentación, as salas de reunións e outros servizos comúns. Está situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI).

3. INTERNACIONALIZACIÓN

Actualmente están a levarse a cabo numerosas iniciativas para fomentar e facilitar a mobilidade do PDI na UE. Dentro do proxecto relativo ao espazo europeo de investigación deseñouse unha estratexia a prol da mobilidade do PDI que se aplica a través dunha serie de medidas concretas:

- a) O programa ERASMUS, que conta con dúas especialidades:
 - O STA, para a impartición de docencia no estranxeiro.
 - O STT, con fins de formación para os propios docentes.
- b) O programa PDI autonómico.
- c) O programa PDI visitante en mestrados do Ministerio de Educación.
- d) O programa de cooperación universitaria da Axencia Española de Cooperación Inter-

nacional ao Desenvolvemento (AECID) en América Latina, na África Subsahariana e no Mediterráneo.

Cómpre, ademais, resaltarmos a presenza da UDC nas feiras de posgrao organizadas na Arxentina, Chile e México.

Na liña de fortalecemento iniciada no ano 2009, consolidouse o programa propio de internacionalización, en que se fixaron tres accións.

- a) Facilitar acordos e intercambios académicos con institucións de ensino superior e favorecer a nosa presenza por medio da sinatura de convenios.
- b) Situar a UDC en foros internacionais para alén do marco europeo, e participar en redes estables de cooperación.
- c) Establecer titulacións conxuntas, duplas ou múltiples.

PROGRAMAS DE MOBILIDADE	2009	2010
Número de participantes no programa Erasmus	39	75
– Número de participantes saíntes	21	40
– Número de participantes entrantes	18	35
Número de participantes no programa de PDI visitante en mestrados do MEC	40	61
– Número de participantes no programa nacional	12	40
– Número de participantes no programa internacional	28	21

Tamén se adoptaron outras medidas, como a de recoller no plano de organización docente (POD) a posibilidade de reducir a carga lectiva para os coordinadores académicos que participen nestas actividades ou que impartan por primeira vez a materia en inglés.

Como medida para fomentar a mellora dos coñecementos de idiomas como o inglés, o francés, o alemán, o italiano e o portugués do PDI da UDC, o **Centro de Linguas** organiza unha multitude de cursos para eles cada ano. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección “Estudantado”.*

4. MEDIO

A sustentabilidade ambiental non é xa unha opción, senón unha necesidade para calquera profesional competitivo ou para calquera membro do PDI. Incluír a cultura ambiental en todas as disciplinas e áreas de coñecemento da UDC é, sen dúbida, a súa principal preocupación.

A **Oficina de Medio Ambiente (OMA)** é a responsable da realización das diferentes actuacións de tipo ambiental. O PDI, como membro da comunidade universitaria, tamén acode ao programa de préstamo de bicicletas e ao programa de voluntariado ambiental como participante, da mesma forma que o fai o estudantado. *Para ver con máis detalle a política ambiental, pódese consultar a sección "Cidadanía".*

Destaca o Instituto de Medio Ambiente, que destaca a achega ao medio, co apoio do PDI.

O cambio da mentalidade social e a transformación actitudinal da cidadanía comeza pola formación dun mesmo e pola formación do colectivo ao que pertence. O PDI como responsable da formación e da investigación da UDC, apoia a súa función neste sentido no **Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)**, impartindo programas de formación como cursos, xornadas ou conferencias, en temas como a conservación, o medio mariño ou o cambio climático, co fin de proporcionar os medios máis axeitados para a educación ambiental.



5. TIC

Estar ao día tanto nas materias que abrangue o seu campo académico como noutras competencias é fundamental para o PDI. No ámbito das novas tecnoloxías, a **Aula de Formación Informática** (AFI) encárgase da realización de cursos destinados a formar ou completar os coñecementos do PDI. Os cursos están orientados ao PDI de todas as titulacións, e abranguen desde temarios de iniciación até outros máis específicos e complexos.

Os servizos proporcionados polas TIC permiten unha administración electrónica máis eficiente e serven como axuda no uso e a construción duns procedementos de xestión á altura dos estándares de calidade. No día a día do PDI as **aplicacións tecnolóxicas** que emprega son moitas: a páxina web do seu centro ou o sitio web corporativo, en que no ano 2010 aloxaron a súa páxina **18** grupos de investigación e **38** departamentos; a aplicación UDCVirtual e o servizo de correo electrónico baseado no programa ZIMBRA, que incorpora novas facilidades para potenciar o traballo en grupo e a seguridade; a aplicación Campus Virtual, en que no ano **2010** se ofreceron **4.557** materias, empregadas por un total de **1.469** membros do PDI; e a aplicación da Secretaría Virtual.

Outros servizos tecnolóxicos serían a Oficina de Software Libre (OSL), a Biblioteca Virtual Galega (BVG) e o acceso á rede wifi a través do portal cativo UDCPortal ou eduRoam desde calquera centro, xa que a UDC ten cobertura wifi no 100% dos seus espazos.

A Guía de harmonización da docencia universitaria (GADU), dirixida ao uso das tecnoloxías da información e as comunicacións como recursos de axuda e soporte á docencia. Este proxecto concrétese mediante a elaboración dunha ferramenta de soporte informático, que constituirá un estándar de guía que oriente e facilite a planificación, o desenvolvemento e a xestión da actuación docente tanto para o PDI como para o estudantado. Tal ferramenta permite construír un modelo de guía docente como referente común que favoreza a harmonización da programación da docencia universitaria. Proporcionáanse tamén as orientacións e axudas pedagóxicas necesarias a través dun soporte que toma

The screenshot shows the UDC website interface. At the top right is the UDC logo and the text 'UNIVERSIDADE DA CORUÑA'. Below the header is a search bar and a navigation menu. The main content area is titled 'CURSOS DE VERÁN 2011' and features a large graphic with the text 'CURSOS DE VERÁN 2011'. Below the graphic, there are three columns of content: 'accesos directos' (direct access), 'actualidade' (news), and 'agenda' (calendar). The 'actualidade' section lists several news items with dates and titles. The 'agenda' section lists upcoming events with dates and titles. The page is numbered '1 2 3 4' at the bottom right.

como base as potencialidades que nos brindan as TIC.

O obxectivo é reforzar a planificación da docencia, ao constituír esta unha competencia de primeira orde para o PDI, e favorecer a coordinación e colaboración entre o PDI nos procesos de planificación para que haxa un equilibrio entre os programas docentes das diferentes materias. Desta forma, fávórecese a visibilidade e a comparabilidade dos programas, de acordo coas exigencias marcadas polo proceso de converxencia, e contribúese á mellora das experiencias docentes para o ensino universitario de calidade.

Así mesmo, podemos resaltar o desenvolvemento do sistema unificado de xestión da investigación (SUXI). É unha aplicación multilingüe baseada nunha arquitectura cliente-servidor accesible a través

da web, baseada na linguaxe JAVA, que emprega ferramentas de código aberto e constitúe a aposta das tres universidades galegas para apoiar os procesos de investigación que se desenvolven nelas.

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir coa posta en marcha do SUXI son os seguintes:

- a) Eliminar a duplicidade de información existente nos diferentes sistemas empregados até o momento na xestión dos proxectos de investigación.
- b) Garantir que se comparta a información entre todas as áreas e persoas implicadas.
- c) Garantir a integración cos sistemas de xestión de persoal, económica e académica da universidade.

Desta forma, o SUXI dará resposta ás seguintes necesidades no tocante á xestión da investigación:

- a) Rexistro unificado e xestión do PDI.
- b) Xestión da comercialización e a transferencia.
- c) Xestión de contratos e proxectos de investigación.
- d) Xestión de patentes e propiedade industrial.
- e) Xestión de solicitudes de axudas á investigación.
- f) Apoio nas actividades de difusión.

A UDC obterá con esta aplicación un enfoque completo e integral de todas as actividades necesarias para xestionar a investigación, co fin de traspasar os límites da universidade.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O PDI emprega a lingua galega e a española indistintamente para impartir docencia. A UDC, a través do **Servizo de Normalización Lingüística (SNL)** dota de soporte técnico o proceso de extensión do uso da lingua galega, tanto no ámbito da formación, apoiando a docencia en galego, como no da elaboración de traballos de investigación en galego. Destaca o ñ.

A función do PDI neste sentido é imprescindible para que sexa posible que o estudiantado da UDC, como profesional, poida desenvolver con habilidade o seu discurso na lingua propia de Galicia. Para iso, o PDI conta coa publicación de glosarios terminolóxicos baixo unha serie denominada “Profesionaliza a túa lingua”, e co SNL, como servizo que dá resposta ás dúbidas e ás consultas terminolóxicas que lle poidan xurdir. No ano 2010, o SNL organizou cursos de formación lingüística destinados a toda a comunidade universitaria e, preferentemente, ao PDI, cun total de **32** asistentes.

O PDI é membro da comisión de normalización do centro en que desenvolve o seu labor docente.





7. COMUNICACIÓN

No ámbito do PDI, cómpre salientarmos que o Gabinete de Comunicación organiza desde fai tres anos o Curso de Verán de Divulgación Científica na Sociedade, dirixido ao PDI e ao estudiantado. E publica a revista **U+S Blogspaper**, coa cal o PDI pode dar a coñecer as tarefas que está a levar a cabo no campo da investigación, a través das entrevistas realizadas, así como coñecer as últimas novidades no campo da empresa do contorno da UDC. A revista é remitida puntualmente ao PDI por correo electrónico, en formato dixital, após a súa publicación. *Para ver con máis detalle a actividade de comunicación pódese consultar a sección "Estudiantado".*

8. CULTURA

A UDC, por medio da súa ampla oferta de actividades sociais e culturais, permite descubrir ao PDI todas as posibles manifestacións da súa vea artís-

tica. Como membro da comunidade universitaria pode gozar, da mesma forma que o fai o estudiantado, das actividades de música, cinema, imaxe, teatro, danza, literatura... e dos múltiples obradoiros organizados pola UDC. *Para ver con máis detalle a actividade cultural pódese consultar a sección "Estudiantado".*

9. DEPORTE

Convivencia e exercicio físico é o binomio que propoñemos desde a Área de Deportes como vía para a interrelación do PDI e a súa implicación e integración na comunidade universitaria. O PDI conta coas canles adecuadas para lle sacar o maior partido posible ás actividades e instalacións deportivas da UDC, sexa cal for a súa preferencia: competición, formación, natureza, náutica... *Para ver con máis detalle a actividade deportiva, pódese consultar a sección "Estudiantado".*

10. COMPROMISO SOCIAL

Tres son as liñas estratéxicas en que se basea o noso compromiso social: a igualdade de xénero; a cooperación para o desenvolvemento e o voluntariado social; e a atención á diversidade.

Coñecer os posibles conflitos por discriminación de xénero na actividade académica e laboral da UDC, así como solucionalos ou mediar neles, son os principais cometidos da **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX). Fomenta a participación das mulleres en traballos de investigación, co fin de detectar os obstáculos que dificultan a súa participación, e promove consecuentemente a adopción das medidas máis eficaces para eliminar os ditos obstáculos e evitar a aparición de calquera manifestación de discriminación sexista. Neste segundo sentido, desenvolvemos unha tarefa de difusión das temáticas de xénero entre as tarefas docentes e investigadoras do PDI, en particular, e incentivamos esas preocupacións mediante a organización de cursos, seminarios e conferencias en colaboración constante co profesorado e os grupos de investigación

da UDC. Para alén, realizamos unha intensa tarefa formativa orientada ao PDI, co duplo obxectivo de contribuírmos a que a sensibilidade en materia de igualdade de xénero medre entre este colectivo, e de que se fortaleza un maior interese por esta temática nas tarefas docentes e investigadoras.

Xunto a iso, a OIX ten entre as súas tarefas a de cumprir o papel de observatorio de posibles situacións de discriminación en materia de xénero, apto para contribuír á súa superación, o cal obviamente tamén alcanza o PDI da institución. Sen prexuízo disto, o noso obxectivo a curto prazo é ampliar estas tarefas cara ás materias de sexualidade e opción sexual, co obxectivo de sensibilizar a comunidade universitaria, tamén do PDI, en relación con tales vectores de discriminación, así como de evitar situacións desa caste.

No ano 2010, o Consello de Goberno da UDC aprobou unha modificación do Regulamento electoral xeral co obxecto de incorporar medidas para camiñar cara á igualdade de xénero no ámbito da representación, seguindo os cambios introducidos polas



leis orgánicas de universidades e de igualdade. A UDC convértese así na primeira universidade galega en incorporar estas medidas paritarias. O Regulamento aplícase para a elección de representantes no Claustro, as xuntas de centro e os consellos de departamento, para a elección de decanos e directores de centro, directores de departamento e membros do Consello de Goberno elixidos entre os decanos e directores de centro e directores de departamento e institutos universitarios.

As medidas de paridade refírense tanto á presentación de candidaturas, en que se recomenda unha composición equilibrada por razón de xénero,

como aos parámetros de votación, ao se establecer a posibilidade de votar como máximo a un número determinado de homes e mulleres dentro da circunscrición correspondente que se axuste aos obxectivos da paridade (60%-40%).

A través da **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV), canalizamos as nosas inxerencias relacionadas co voluntariado social e cos programas de formación nesta e noutras materias. *Para ver con máis detalle esta actividade pódese consultar a sección "Cidadanía".*

A cooperación para o desenvolvemento canalízase a través das diferentes campañas de sensibilización ou das convocatorias específicas para o PDI, como a V edición da convocatoria **Fondo 0,7%** para axudas á investigación que teñan como obxecto de estudo a cooperación para o desenvolvemento, é dicir, a consecución dunha sociedade máis xusta e a axuda aos colectivos sociais máis desfavorecidos e excluídos da sociedade. No ano 2010, a iniciativa estivo dotada de **90.000 €** con achegas desde a UDC e a Xunta de Galicia. *Para ver con máis detalle esta actividade pódese consultar a sección "Cidadanía".*

En materia de **asociacionismo**, a OCV creou a Rede de Educación para o Desenvolvemento (RED), formada polo PDI interesado no ámbito da cooperación para o desenvolvemento (voluntariado social, sustentabilidade ou ética científica). A RED conta cunha base de datos actualizada periodicamente da que forman parte investigadores e grupos de investigación, e unha relación da situación dos proxectos de investigación que se están a desenvolver. Destaca a campaña de sensibilización sobre o cambio climático iniciada por un dos seus membros.

No campo da diversidade, e debido ás necesidades educativas especiais dalgúns dos membros da comunidade universitaria, xorde a **Unidade Universitaria de Atención á Diversidade** (ADI) do Centro Universitario de Formación de Innovación Educativa (CUFIE), co cometido de lles facer fronte ás diferenzas funcionais que poidan padecer fronte á poboación maioritaria. O PDI participa activamente nesta unidade como ferramenta básica de axuda á superación. No ano 2010, organizamos as I Xornadas sobre Discapacidade, co firme compromiso de continuar con este labor de sensibilización nos anos vindeiros.





11. ACTUACIÓN SOCIAL

Ademais dos servizos financeiros, o transporte urbano e os comedores dos campus (*para ver con máis detalle, pódese consultar a sección "Estudando"*), a UDC garante e presta unha óptima atención aos fillos dos seus traballadores mediante os medios oportunos. A través da **Escola Infantil** da UDC potenciamos e afianzamos ao máximo as posibilidades de desenvolvemento dos rapaces.

En materia de garantías, a UDC cumpre coa normativa no **campo da saúde e do benestar** da comunidade universitaria, e manifesta o seu compromiso coa prevención de riscos laborais, así como coa mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo. Para isto, desenvolvemos e lideramos a implantación e o mantemento dun sistema de xestión da prevención dos riscos laborais, co obxectivo de alcanzar un alto nivel de seguridade e saúde no traballo, en cumprimento da lexislación vixente nesta materia. Garántese a información, consulta e participación dos traballadores da UDC

e facilítase unha suficiente e adecuada formación teórico-práctica a través da coordinación de actividades e a publicación de manuais de uso. Todo baixo a creación dunha cultura preventiva positiva integrada na nosa xestión.

De igual maneira, é un dos nosos obxectivos protexer a seguridade e a saúde do colectivo universitario por medio dunha política de prevención dirixida a eliminar ou minimizar os riscos derivados da actividade laboral nas instalacións da UDC, de modo que se beneficie non só aos traballadores, senón tamén aos usuarios en xeral, desde un punto de vista individual e colectivo.

Cómpre destacarmos as campañas de vixilancia da saúde como a da vacinación da gripe ou a prevención de riscos nos períodos de embarazo e de lactación materna. Neste sentido, a UDC ten como proxecto dotarse dun plan de universidade saudable, que terá por finalidade impulsar programas e actividades que permitan que o conxunto da comunidade universitaria gañe en saúde.

12. XESTIÓN EFICIENTE

O PDI é o grupo de interese con maior peso de representación na UDC. Os órganos de goberno da propia UDC, centros, departamentos ou institutos están dirixidos por el. Todos os seus membros teñen cabida: doutores funcionarios, doutores laborais, profesores axudantes, bolseiros...

Os Estatutos da UDC recoñécenlle ao PDI, durante un mandato de 4 anos, o dereito a participar nos **órganos colexiados de goberno** da UDC para promover e defender os seus intereses como colectivo universitario, e participar así nos procesos de progresión e mellora da UDC. En relación con isto cómpre resaltarmos o desenvolvemento do voto electrónico (*para ver con máis detalle, pódese consultar a sección "Estudantado"*).

Como ferramentas para facer valer os seus dereitos e liberdades, O PDI conta co servizo de Asesoría Xurídica, o Valedor Universitario e o Comité de Empresa. Por un lado, ben a título individual, ben a título colectivo, como membro dun órgano colexiado, o PDI conta co apoio consultivo e o asesoramento en cuestións xurídicas do equipo da **Asesoría Xurídica** da UDC, o cal lle prestará representación e defensa en xulgados e tribunais en toda clase de procesos, de calquera orde, grao e xurisdición. Polo outro, o **Valedor Universitario** é o órgano unipersoal responsable do cumprimento do respecto polos dereitos e liberdades do persoal da UDC.

Canto ao **Comité de Empresa**, trátase do corpo representativo do PDI, responsable da defensa dos seus intereses e da mellora das súas condicións laborais e profesionais nas negociacións colectivas, así como do exercicio do dereito de información e consulta e da participación no proceso de toma de decisións na xestión e goberno da UDC. O Comité está integrado por traballadores elixidos libremente polos seus compañeiros, delegados de persoal ou representantes sindicais. Desempeñan un papel esencial na organización sindical, tanto porque son quen está en contacto directo cos traballadores como porque están posicionados no interior da UDC con pleno coñecemento do proceso produtivo. Os representantes sociais da UDC pertencen á Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino), Comisións Obreiras (CC.OO.), a Unión Xeral de Traballadores (FETE-UXT) ou a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF).

No ámbito da **calidade**, o pleno cumprimento dos requirimentos da integración no espazo europeo de ensino superior foi sen dúbida unha das nosas principais preocupacións, baixo os estándares dunha política de garantía da calidade e a adaptación de todos os centros e títulos, o que se levou a cabo incorporando criterios de avaliación e mellora da calidade. Neste sentido, os títulos de grao e mestrado foron implantados grazas á posta en marcha do programa FIDES-AUDIT, o cal garante a verificación e a posterior acreditación das novas titulacións, e pretende que os centros dispoñan dun proceso sistemático de recollida de evidencias que permita cumprir os futuros criterios de acreditación do ensino universitario. Neste proceso, garantimos un soporte metodolóxico á docencia en consonancia coa aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Por outra banda, e para avanzarmos na conversión das materias dos antigos títulos ao sistema ECTS, convocamos por sexto ano os grupos intra ou interdepartamentais de calidade. Iniciar accións de coordinación docente entre materias dun mesmo curso ou un mesmo módulo nos novos títulos de grao ou mestrado foron os cometidos dos **251** grupos e **902** docentes que participaron.

No campo da **política e xestión laboral**, no ano 2010 baseámonos no principio de promoción mediante a cualificación. Para desenvolver este principio empregamos ferramentas como a disposición transitoria III dos Estatutos; o compromiso de estabilidade para os axudantes; o programa de promoción para os titulares de escola e os profesores colaboradores; o programa de promoción do PDI acreditado; o programa de promoción dos investigadores contratados Isidro Parga Pondal e os acordos acadados nos convenios colectivos de 2006 e 2010 para o PDI laboral do sistema universitario galego.

A aplicación deste principio permitiunos pasar de 577 a 733 profesores permanentes doutores no período 2004-2010, o que supuxo un incremento do 27% no colectivo. Así, despois da modificación da Lei orgánica de universidades no ano 2007, este pasa a constituír o núcleo fundamental do PDI da UDC. Este incremento medio do 3,8% anual é maior nos últimos tres anos, o que evidencia a adecuación das medidas adoptadas e unha mellora cualitativa, fundamental desde o punto de vista estrutural, do noso cadro do PDI.

PROGRAMA DE PROMOCIÓN E ESTABILIZACIÓN DO PDI	2009	2010
Número total de prazas convocadas	75	97
Número de prazas de contratado doutor	23	44
Número de prazas de titular	15	19
Número de prazas de catedrático	12	13
Número de prazas de axudante doutor	14	21
Número de prazas de axudante	11	–

No tocante á xestión vinculada á tramitación e xestión de expedientes relativos á vida administrativa e laboral do PDI, a UDC conta cun servizo que cobre por completo esta tarefa, o **Servizo de PDI**.

No ano 2010 pechamos o II Convenio colectivo do PDI laboral das tres universidades do sistema universitario galego, por unanimidade con todas as centrais sindicais con representación no sector (CC.OO., CIG, UXT e CSI-CSIF). Este convenio mantén a filosofía de empregar como referencia as condicións do PDI funcionario equivalente, tanto no salario como na xornada laboral. Amplía o ámbito de aplicación ao PDI en formación contratado en réxime laboral con base en programas estatais, autonómicos e das propias universidades equivalentes aos anteriores; e desenvolve amplamente o título de licenzas, vacacións e excedencias ao incorporar as mellores condicións da normativa funcional estatal e autonómica.

Así mesmo, aprobamos a adscrición funcional de materias de grao para os efectos de encarga docente, na liña de ir adaptando a normativa á nova estrutura académica dos graos e aproveitando as experiencias previas. Tras a recomendación da Conferencia Sectorial de PDI das Universidades Españolas de asignar a docencia considerando os recursos humanos dispoñibles e tendo en conta a súa cualificación, acordamos tomar como base para esta organización as áreas de coñecemento en que estaba encadrado o PDI desde a Lei de reforma universitaria.

A nova organización dos estudos de grao, aconsella procurar unha medida organizativa que corres-

ponda a un número intermedio entre as 5 ramas de coñecemento da nova estrutura e as 146 áreas da anterior organización. Nesta liña, aprobamos que os centros propuxesen a adscrición das materias a un mínimo de 3 áreas (coas excepcións que corresponderen) tendo en conta os seguintes factores:

- a) A afinidade dos contidos da materia coa área de coñecemento, tendo en conta tamén as actividades de investigación e a transferencia do coñecemento.
- b) A adscrición previa das materias equivalentes dos anteriores plans de estudo seguindo o cadro establecido na memoria do grao para as validacións.
- c) As orientacións dos libros brancos da correspondente titulación ou as directrices propias do título de grao.

Esta nova organización, con arredor de 50 agrupacións de áreas, debe permitir conseguir os obxectivos máis que razoables marcados pola CRUE e aprobados polo Claustro Universitario dentro das liñas xerais orzamentarias.

No tocante ás retribucións do PDI da UDC, as seguintes táboas resultan ilustrativas:

RETRIBUCIÓN DO ANO 2010: FUNCIONARIOS DE CARREIRA E FUNCIONARIOS INTERINOS

CATEGORÍA		TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO- MAIO	TRIENIO	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO- DECEMBRO	TRIENIO
CAT-UN-UI (Nivel 29)	TC	3.118,99	18.713,94	44,65	2.968,89	23.263,85	42,65
	P6	1.351,16	8.106,96	19,35	1.286,14	10.078,04	18,48
	P5	1.125,97	6.755,82	16,12	1.071,78	8.398,33	15,4
	P4	900,78	5.404,68	12,9	857,43	6.718,72	12,32
	P3	675,58	4.053,48	9,68	643,08	5.039,09	9,24
TIT-UN-UI CAT-EU-EI (Nivel 27)	TC	2.489,53	32.363,89	44,65	2.370,9	18.479,94	42,65
	P6	1.078,48	14.020,24	19,35	1.027,1	8.005,71	18,48
	P5	898,73	11.683,49	16,12	855,91	6.671,38	15,4
	P4	719	9.347	12,9	684,74	5.337,2	12,32
	P3	539,25	7.010,25	9,68	513,56	4.002,93	9,24
TIT-EU-EI (Nivel 26)	TC	2.201,58	13.209,48	44,65	2.097,35	16.291,53	42,65
	P6	953,74	5.722,44	19,35	908,59	7.057,63	18,48
	P5	794,78	4.768,68	16,12	757,16	5.881,38	15,4
	P4	635,83	3.814,98	12,9	605,73	4.705,12	12,32
	P3	476,87	2.861,22	9,68	454,31	3.528,93	9,24
M.TALLER (Nivel 24)	TC	2.169,13	13.014,78	35,73	2.089,07	16.414,78	34,77
	P6	939,68	5.638,08	15,48	905,01	7.111,07	15,07
	P5	783,07	4.698,42	12,9	754,17	5.925,85	12,56
	P4	626,46	3.758,76	10,32	603,34	4.740,72	10,05
	P3	469,85	2.819,1	7,74	452,51	3.555,58	7,54

RETRIBUCIÓN DO ANO 2010: PROFESORES ASOCIADOS LRU (contratados administrativos)

CATEGORÍA		TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO- MAIO	TRIENIO	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO- DECEMBRO	TRIENIO
ASOCIADO (Tipo 1)	TC	1.620,41	9.722,44	0	1.544,95	1.2359,58	0
	P6	536,95	3.221,7	0	511,81	4.094,48	0
	P5	447,47	2.684,82	0	426,52	3.412,16	0
	P4	357,98	2.147,88	0	341,22	2.729,76	0
	P3	268,48	1.610,88	0	255,92	2.047,36	0
ASOCIADO (Tipo 2)	TC	1.738,71	10.462,24	0	1.657,32	13.258,54	0
	P6	671,2	4.027,2	0	639,78	5.118,24	0
	P5	559,34	3.356,04	0	533,15	4.265,2	0
	P4	447,47	2.684,82	0	426,52	3.412,16	0
	P3	335,6	2.013,6	0	319,89	2.559,12	0
ASOCIADO (Tipo 3)	TC	2.080,7	12.484,18	0	1.982,21	15.857,66	0
	P6	830,29	4.981,74	0	790,92	6.327,36	0
	P5	691,93	4.151,58	0	659,1	5.272,8	0
	P4	553,54	3.321,24	0	527,28	4.218,24	0
	P3	415,15	2.490,9	0	394,47	3.163,76	0
ASOCIADO (Tipo 4)	TC	2.478,3	14.869,78	0	2.359,93	18.879,42	0
	P6	1.319,69	7.918,14	0	1.256,37	10.050,96	0
	P5	1.099,76	6.598,56	0	1.046,98	8.375,84	0
	P4	879,81	5.278,86	0	837,58	6.700,64	0
	P3	659,85	3.959,1	0	628,19	5.025,52	0

RETRIBUCIÓNS DO ANO 2010: PROFESORES AXUDANTES LSU (contratos administrativos)

CATEGORÍA		TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO- MAIO	TRIENIO	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO- DECEMBRO	TRIENIO
AXU-UN (1.ª etapa)"	TC	1.408,68	8.452,08	0	1.342,92	10.743,36	0
AXU-UN (2.ª etapa)"	TC	1.662,11	9.972,66	0	1.583,68	12.669,44	0
AXU-EU	TC	1.146,42	6.878,52	0	1.093,77	8.750,16	0

A retribución máxima dun profesor visitante ou asociado formúlase da seguinte forma:

$$2 * 41.997,79 = 83.995,58\text{€}.$$

E a retribución máxima anual (ano natural) dun profesor emérito é de 66.193,41€.

RETRIBUCIÓNS DO ANO 2010: PROFESORES CONTRATADOS LABORAIS (LOU)

CATEGORÍA		TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO- MAIO	TRIENIO	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO- DECEMBRO	TRIENIO
AXUDANTE	TC	1.515,2	9.091,2	44,65	1.439,44	11.515,52	42,65
AXUDANTE DOUTOR	TC	1.846,21	11.077,26	44,65	1.753,9	1.4031,2	42,65
COLABOR. INT. SUBST.	TC	2.193,28	13.159,68	44,65	2.089,44	16.230,09	42,65
	P6	950,14	5.700,84	19,35	905,16	7.030,99	18,48
	P5	791,78	4.750,68	16,12	754,3	5.859,16	15,4
	P4	633,43	3.800,58	12,9	603,44	4.687,33	12,32
	P3	475,07	2.850,42	9,68	452,59	3.515,57	9,24
	P2	416,61	2.400,36	8,10	397,76	3.167,88	8,10
C. DOUTOR E VISITANTES	TC	2.480,14	14.880,84	44,65	2.361,96	18.410,25	42,65
	P6	1.074,41	6.446,46	19,35	1.023,22	7.975,47	18,48
	P5	895,34	5.372,04	16,12	852,68	6.646,2	15,4
	P4	716,28	4.297,68	12,9	682,15	5.317,01	12,32
	P3	537,21	3.223,26	9,68	511,62	3.987,81	9,24
ASOCIADOS E LECTORES	TC	1.898,63	11.391,78	44,65	1.808,35	1.4466,8	42,65
	P7	1.403,35	8.420,1	22,57	1.337,83	10.702,64	21,56
	P6	827,16	4.962,96	19,35	787,93	6.303,44	18,48
	P5	689,32	4.132,92	16,12	656,61	5.252,88	15,4
	P4	551,45	3.308,7	12,9	525,29	4.202,32	12,32
	P3	413,58	2.481,48	9,68	393,97	3.151,76	9,24
	P2	375,12	2.175,60	8,10	357,56	2.862,72	8,10
ASOC.	P6	534,92	3.209,52	19,35	509,88	4.079,04	18,48
	P5	445,78	2.674,68	16,12	424,91	3.399,28	15,4
	P4	356,63	2.139,78	12,9	339,93	2.719,44	12,32
	P3	267,46	1.604,76	9,68	254,95	2.039,6	9,24
ASOC. CC SAÚDE	P3	267,46	1.604,76	9,68	254,95	2.039,6	9,24

Canto aos complementos retributivos do PDI da UDC, veñen establecidos nas seguintes táboas:

COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR MÉRITOS DOCENTES (máximo 6)

Funcionarios de carreira e funcionarios interinos/profesores contratados laborais

NIVEL	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO-MAIO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO-DECEMBRO
29 CD	1	156,39	1.876,68	1	148,58	1.782,96
27 CD	1	126,67	1.520,04	1	120,34	1.444,08
26 CD	1	107,2	1.286,4	1	101,84	1.222,08

COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS

Funcionarios de carreira e funcionarios interinos/profesores contratados laborais

TIPO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO-MAIO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO-DECEMBRO
LABOR DOCENTE	1	83,33	1.000	1	80	960,04
LABOR INVEST.	1	75	900	1	72	864
EXC. CURR.	1	37,5	450	1	36	432
XESTIÓN	1	20	240	1	19,2	230,4

COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE (sexenios do ensino secundario)

Funcionarios de carreira e funcionarios interinos/profesores contratados laborais

TIPO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO-MAIO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO-DECEMBRO
1.º período	1	61,68	740,16	1	59,21	710,52
2.º Período	1	79,3	951,6	1	76,13	913,56
3.º Período	1	105,76	1.269,12	1	101,53	1.218,36
4.º Período	1	149,8	1.797,6	1	143,81	1.725,72
5.º Período	1	44,05	528,6	1	42,29	507,48


COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE POR ACTIVIDADE INVESTIGADORA (máximo 6)

Funcionarios de carreira e funcionarios interinos/profesores contratados laborais

NIVEL	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XANEIRO-MAIO	Nº DE AVALIAC.	TOTAL MENSUAL	TOTAL XUNO-DECEMBRO
29 CD	1	156,39	1.876,68	1	148,58	1.782,96
27 CD	1	126,67	1.520,04	1	120,34	1.444,08
26 CD	1	107,2	1.286,4	1	101,84	1.222,08

Para ver con máis detalle a política de xestión pódese consultar a sección “Administración”.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)



O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC é o grupo que traballa nas áreas funcionais da administración e os servizos. Presta apoio tanto ao

resto dos grupos de interese como ao conxunto da universidade no seu funcionamento.



1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A **estrutura do PAS** é a seguinte:

ESTRUTURA DO PAS	2009	2010
Número de PAS	768	760
Número de PAS funcionario (%)	456 (59,37)	448 (58,95)
– Número de mulleres (%)	–	341 (76,12)
– Número de homes (%)	–	107 (23,88)
Número de PAS laboral (%)	312 (40,62)	312 (41,05)
– Número de mulleres (%)	–	124 (39,74)
– Número de homes (%)	–	188 (60,26)
Ratio estudantado/PAS	25,63	27,49
Ratio PDI/PAS	0,50	0,50

O deseño dos novos títulos de grao e de mestrado implica a posta en marcha da convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC, a sexta no ano 2010, así como para a adaptación aos novos procedementos e ferramentas á disposición do PAS en función das novas necesidades desta universidade. Estes contratos procuran mellorar as áreas e os procesos que xestiona o PAS para mellorar a eficacia dos servizos universitarios establecendo novos e mellores procedementos de xestión.

2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

Apoiamos a actitude emprendedora do PAS. Neste sentido, tanto o **Viveiro de Empresas** de Base Tecnolóxica como a **Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de mercados laborais na UE** permiten ao PAS materializar as súas ideas empresariais de base tecnolóxica co fin de lles dar entrada a novas empresas no mercado laboral nacional e europeo, ao lle prestar apoio no desenvolvemento e na xestión dos seus proxectos. *Para ver con máis detalle a actividade de emprendemento pódese consultar a sección “Estudantado”.*



3. INTERNACIONALIZACIÓN

O panorama social actual impón a condición do dominio de varias linguas como premisa fundamental para o desenvolvemento dun traballo. As estadías noutras universidades estranxeiras supoñen para o PAS, ademais da aprendizaxe ou o perfeccionamento dunha lingua, a posta ao día nos novos métodos e técnicas de xestión, o que amplía a súa experiencia laboral.

No campo da **mobilidade** o PAS da UDC participa en dous programas:

- a) O programa Stella Intercontinental Staff Mobility, que facilita e promove o intercambio de PAS entre as universidades que son membro do Grupo Compostela de Universidades (CGU) durante dúas semanas, na UE e América. O obxectivo deste programa é proporcionarlle ao PAS a oportunidade de aumentar a súa experiencia intercultural e compartir experiencias na xestión de persoal.
- b) O Programa Erasmus Staff Mobility for Training, que xorde no marco do programa de aprendizaxe permanente Erasmus para os centros de ensino superior pertencentes á UE.

O PAS, consciente do importante que é a formación nunha segunda e nunha terceira lingua, acode ao **Centro de Linguas** como un membro máis da comunidade universitaria. Neste sentido, a Comisión de Formación convoca axudas para os seus estudos no Centro de Linguas. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección “Estudantado”.*

4. MEDIO

Transporte e mobilidade, uso ecolóxico das instalacións e recursos (auga, enerxía, papel...), xestión de residuos e medio atmosférico, eficiencia enerxética... son temas de constante actualidade e de permanente preocupación para o PAS.

A **Oficina de Medio Ambiente** (OMA) é a responsable da realización das diferentes actuacións de tipo ambiental, e o PAS participa dunha forma moi activa nos programas de actividades que organiza. *Para ver con máis detalle a política ambiental pódese consultar a sección “Cidadanía”.*

5. TIC

O permanente contacto do PAS coas novas tecnoloxías fai que a súa formación nesta materia sexa un aspecto sobresaliente: sistemas operativos, sistemas de xestión de proxectos, deseño gráfico... A **Aula de Formación Informática** (AFI) permítelle ao PAS estar en continua adaptación ás novidades do mercado tecnolóxico a través dos diferentes cursos que imparte, e atinxir un grao de maior especialización e calidade no servizo prestado. Trátase de aproveitar os recursos tecnolóxicos de que dispón a UDC e propiciar así a súa modernidade.

A UDC comprométese a axilizar e simplificar os procedementos de xestión.

Os servizos proporcionados polas TIC facilitan o traballo do PAS nas súas tarefas básicas e nas relacións coa comunidade universitaria, por medio da administración electrónica. Por iso o PAS conta con **1.116** contas de correo electrónico.

Os servizos TIC serven de soporte a todas as áreas e servizos da UDC no seu labor de desenvolvemento de novas aplicacións e procesos informáticos, e como soporte dos sistemas, bases de datos e backups.

O PAS emprega diariamente as seguintes **aplicacións tecnolóxicas**: a páxina web do seu centro ou o sitio web corporativo; a aplicación UDCVirtual e o webmail, o servizo de correo electrónico baseado no programa ZIMBRA; e a aplicación da Secretaría Virtual.

Tamén utiliza **outros servizos tecnolóxicos** como a Oficina de Software Libre (OSL); o acceso á rede wifi a través do portal cativo UDCPortal ou edu-Roam desde calquera centro da UDC; e o servizo de atención telefónica. Como novidade cómpre mencionarmos a consolidación do novo xestor de identidade corporativa, que simplifica o acceso do persoal aos servizos informáticos.

No ámbito da xestión universitaria abóndase a elaboración e a implementación dun almacén de datos (*datawarehouse*) que permitise dispor dun cadro de mando que facilite as tarefas de planificación e a toma de decisións, coa adaptación do *data mart* de xestión académica e a posta en marcha do *data mart* de recursos humanos para os servizos

de PAS. Tamén se realizaron axustes no *data mart* de xestión económica e empezáronse as especificacións de requisitos para o *data mart* de I+D+i.

Na actualidade os distintos *data mart* da UDC constan de 32 áreas de negocio sobre as que están definidas un centenar de informes para o seguimento dos novos títulos. Igualmente, púxose en marcha un programa para a implementación dun sistema de seguimento de expedientes en todos os servizos universitarios, o que supón a previa reenxeñaría dalgúns procesos administrativos e a súa posterior informatización vía web.

Así mesmo, levouse a cabo unha tarefa de renovación da totalidade do hardware de xestión da UDC. O uso das tecnoloxías baseadas en 64 bits e a virtualización da maior parte dos servidores permitirán ofrecer ao longo dos próximos anos unha mellora substancial dos tempos de resposta e dispoñibilidade do sistema. Para este sistema de virtualización elixiuse a plataforma VMware, que permite o desdoblamento e a duplicidade da información aloxada. Tamén se puxo en funcionamento un CPD de apoio que permite manter os servizos críticos da UDC operativos ante calquera problema no CPD principal.

Destaca, ademais, o desenvolvemento de novos módulos de Xescampus, o sistema de xestión académica. Xescampus representa a solución para a xestión académica da UDC, baixo unha concepción integral da oferta académica e da xestión. O seu deseño organizouse partindo dun concepto modular que permitise a evolución continua a partir da integración de novos módulos, e tiña en conta tamén a adaptación aos requisitos do Espazo Europeo de Ensino Superior. De igual maneira, prevé e incorpora a interacción con terceiros (entidades financeiras, SUG, ACSUG).

Arestora atópase implantado e constitúe a base da xestión académica non só na UDC, senón tamén na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade de Vigo. Xestiona máis de 300 000 expedientes académicos e de 50.000 matrículas por ano.

A cidadanía ten dereito a acceder aos servizos públicos electronicamente. Isto obriga a un profundo cambio na UDC, xa que implica que o inicio, a tra-

mitación e a resolución dos procedementos poidan realizarse a través dos medios electrónicos con plena validez e en plenas condicións de seguridade xurídica. Esta nova forma de xestión constitúe a e-universidade.

A UDC xestiona este proxecto a través dunha plataforma electrónica adecuada para facer efectivo o dereito da comunidade universitaria a se relacionar con ela por medios electrónicos, que lle permite realizar os seus trámites a través da internet desde calquera lugar e en calquera momento, a través do uso de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Configúrase, desta forma, como unha nova forma de atención á cidadanía, pois pode gozarse dunha oficina virtual as 24 horas do día, os 365 días do ano, co único requirimento de conectarse ao sitio web da UDC e dispor do certificado de sinatura dixital ou DNI electrónico.

Entre as accións máis salientables que se van desenvolver progresivamente con vistas á implantación da e-universidade encóntranse estas:

- a) A posta en marcha do portal de sinatura electrónica.
- b) O desenvolvemento do procedemento de sinatura de actas electrónicas.
- c) O desenvolvemento da integración da plataforma en liña.
- d) As áreas de xestión académica, económica, persoal e investigación.
- e) A prestación de servizos de soporte evolutivo para a e-administración e outras aplicacións propias.
- f) O desenvolvemento dun portal do emprego da UDC.
- g) O desenvolvemento dun sistema de facturación integrado coa xestión económica.
- h) O desenvolvemento dun portal económico para centros de gasto.



6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O PAS é un elemento básico na difusión e o uso da lingua galega. A UDC, a través do **Servizo de Normalización Lingüística** (SNL) dota o PAS do soporte técnico necesario na extensión da lingua galega e ofrécelle un servizo de tradución e corrección de documentación administrativa co fin de axudar a solucionar aquelas dúbidas que poidan xurdirlle no desenvolvemento do seu traballo. No ano 201, organizamos para o PAS cursos de linguaxe administrativa; calidade lingüística; redacción e comunicación a través do correo electrónico; e técnicas de expresión oral. Un total de **4** cursos en que participaron **67** membros do PAS.

Así mesmo, o PAS tamén é membro da comisión de normalización lingüística do centro en que leva a cabo o seu papel profesional.

7. COMUNICACIÓN

O PAS atópase na mesma liña informativa do PDI. Neste sentido, *para ver con máis detalle a actividade de comunicación pódese consultar a sección "PDI"*.

8. CULTURA

O PAS ten ao seu alcance unha oferta máis que variada de actividades para escoller e desenvolverse na que máis lle agrade: música, cinema, imaxe, teatro, danza e literatura. Para ver con máis detalle a actividade cultural *pódese consultar a sección "Estudantado"*.

9. DEPORTE

Para ver con máis detalle a actividade deportiva, pódese consultar a sección "Estudantado". Toda a oferta deportiva da UDC está ao servizo do PAS, que participa moi activamente en actividades de competición, formación, natureza e mar.

10. COMPROMISO SOCIAL

Igualdade de xénero, cooperación para o desenvolvemento e voluntariado social, e atención á diversidade: velaquí os piares do compromiso social da UDC.

A **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX) créase para mediar no caso de posibles diferenzas de tratamento ou discriminacións que poidan xurdir por causa de xénero e solucionalas, co fin máis inmediato de elaborar un plan de igualdade para a UDC. A UDC defende e cree nunha política de oportunidades, nun sistema de retribución igualitario, na promoción por capacidade e por méritos obxectivos... Na igualdade de xénero, en definitiva.

Estes valores institucionais plásmanse de xeito específico tanto no Diagnóstico sobre a igualdade de xénero, recentemente aprobado, como no vindeiro plan de igualdade de xénero da UDC. En ambos os documentos, e polo que se refire ao PAS, concréntanse medidas tendentes a evitar a discriminación de xénero no acceso e nas condicións de traballo, con especial atención ás materias de conciliación da vida laboral e familiar.

Estas medidas constitúen o plan de acción básico da UDC en clave de igualdade de xénero para o vindeiro período. Sen prexuízo diso, o obxectivo a curto prazo da OIX é ampliar estas tarefas cara ás materias de sexualidade e opción sexual, co obxectivo de sensibilizar a comunidade universitaria, tamén o PAS, en relación con tales vectores de discriminación, así como de evitar situacións descaeste.

Os proxectos de cooperación ao desenvolvemento e os proxectos de voluntariado social son dirixidos e coordinados pola **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV). O PAS pode, mediante a colaboración con esta, comprometerse con accións solidarias no seu contorno e en países en vías de desenvolvemento. *Para ver con máis detalle a actividade da OCV, pódese consultar a sección "Cidadanía".*

Co cometido de lles facer fronte ás diferenzas funcionais que poida padecer o PAS, polas súas condicións físicas diminuídas, no seu posto de traballo, o II Convenio colectivo do PAS recolle que a UDC adoptará as medidas necesarias para facilitar o seu acceso.

Ademais, e se for preciso, cando existan postos vacantes a UDC poderá asignarlle ao PAS un novo posto de traballo máis axeitado ás súas capacidades, logo do informe do Comité de Empresa, nestes supostos:

- a) Diminución da capacidade legalmente recoñecida que impida ou dificulte gravemente o desempeño do seu posto de traballo.
- b) Obtención da declaración de incapacidade en calquera dos seus graos, para o que se estará ao disposto na Lei 13/1982 de integración social de minusválidos e na normativa que a desenvolve.
- c) Embarazo, cando o posto poida prexudicar a saúde da muller ou a do feto.



11. ACTUACIÓN SOCIAL

Os servizos que lle prestamos ao noso persoal son múltiples, tanto para satisfacer as súas necesidades como as dos seus familiares máis próximos. Garántense prestacións económicas e sociais, alén de servizos financeiros, transporte urbano e comedores nos campus (*para ver con máis detalle, pódese consultar a sección “Estudantado”*).

No ámbito das **prestacións económicas**, establecemos axudas aos herdeiros do PAS en concepto de indemnización por falecemento, compatibles con calquera tipo de axuda similar. Na mesma liña de axudas, o PAS que teña baixo a súa dependencia directa e legal persoas dependentes que vivan ás súas expensas percibirá unha axuda máxima de 150 €/mes até completar, se for o caso, o importe do salario mínimo interprofesional. En caso de incapacidade temporal do PAS, a UDC completará as percepcións recibidas até o 100% das súas retribucións mensuais durante os meses de duración desta. Así mesmo, considérase tamén a posibilidade de conceder anticipos reintegrables.

E no ámbito das **prestacións sociais**, o PAS conta coa Escola Infantil para os seus fillos, cos mesmos dereitos de admisión e réxime económico que o PDI. Facilitamos os medios para conseguir que a matrícula nos centros da institución e nas escolas oficiais de idiomas sexa gratuíta para o PAS activo ou xubilado, para o seu cónxuxe ou a persoa con quen conviva maritalmente, e para os fillos ao seu cargo. Así mesmo, propiciamos o establecemento de convenios con outras universidades públicas de fóra do SUG ofrecendo a gratuidade para os seus traballadores.

Facilitámoslle ao PAS levar a cabo estudos para obter títulos académicos ou profesionais recoñecidos oficialmente, a realización de cursos de perfeccionamento profesional e o acceso a cursos de capacitación ou de reconversión profesional. A UDC determinará a asistencia obrigatoria a aquelas actividades formativas necesarias para o bo desempeño das tarefas propias do seu posto de traballo.

Neste sentido, e dentro das dispoñibilidades orzamentarias, dedicaremos unha partida para financiar un plan de formación que se negociará dentro da **Comisión de Formación** conforme aos Estatutos da UDC. Esta comisión vela por un plan integral de

formación, no marco da aprendizaxe e o enriquecemento continuo, que potencia o talento do PAS e as súas posibilidades de promoción. No ano 2010 aprobou o II Plan de formación.

Nesta liña, e co obxecto de financiar accións dirixidas ao PAS, constituíuse un fondo de acción social equivalente, cada ano, ao 1,5% da masa salarial anual, que garante como mínimo os fondos necesarios para contratar un seguro de asistencia sanitaria de prestacións análogas ás vixentes na data de sinatura deste convenio.

Noutra orde de cousas, a UDC, en cumprimento de toda a normativa en materia de saúde e benestar da comunidade universitaria, manifesta o seu compromiso coa prevención de riscos laborais, así como coa mellora continua das condicións de seguranza e saúde no traballo. Así, o II Convenio colectivo do PAS da UDC recolle o dereito dos traballadores a participaren neste eido por medio dos seus representantes, os delegados de prevención.

Para estes efectos, e como órgano paritario e colexiado de consulta, creouse un **Comité de Seguranza e Saúde Laboral** que vela pola adopción, o mantemento e o perfeccionamento de medidas axeitadas na materia. Apoia o labor deste comité o **Servizo de Prevención de Riscos Laborais**, cuxos técnicos elaboran periodicamente estudos sobre os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais no ámbito da UDC.

Por outra parte, durante o período de embarazo e o de lactación as traballadoras teñen dereito ao cambio de posto de traballo se for o caso de que, segundo a prescrición dun facultativo da sanidade pública ou do **Servizo de Vixilancia da Saúde**, se certificase que as condicións do que ocupa resultan nocivas para a súa saúde ou a do feto, ou impiden o normal desenvolvemento da actividade que desempeña.

Nestes supostos asegurárase que a traballadora non sufra ningunha mingua dos seus dereitos económicos, e que poida volver incorporarse ao seu posto cando remate a circunstancia que dese lugar ao cambio. Neste sentido, a UDC ten como proxecto dotarse dun plan de universidade saudable, que terá por finalidade impulsar programas e actividades que permitan que o conxunto da comunidade universitaria gañe en saúde.



12. XESTIÓN EFICIENTE

Os Estatutos da UDC recoñécelle ao PAS, durante un mandato de 4 anos, o dereito a participar nos **órganos colexiados de goberno** da UDC para promover e defender os seus intereses como colectivo universitario, e participar así nos procesos de progresión e mellora da UDC. En relación con isto cómpre resaltarmos o desenvolvemento do voto electrónico (*para ver con máis detalle, pódese consultar a sección "Estudantado"*).


Alén do dereito de representación, do **Valedor Universitario**, do servizo de **Asesoría Xurídica** e do Comité de Empresa como ferramentas para facer valer os seus dereitos e liberdades, o PAS está representado polos seguintes **sindicatos**: a CUT, a CIG-PAS laboral e CC. OO. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección "PDI"*.

No Convenio colectivo atópase a política de conciliación familiar e estabilidade laboral da UDC así como os aspectos tocantes a todos aqueles asuntos de preocupación, motivación ou interese para o PAS. O convenio pódese consultar na páxina web da UDC.

A provisión ordinaria de vacantes procuramos realizala con carácter anual, e preceptivamente cada dous anos, mediante a convocatoria pública de concurso segundo o previsto nos Estatutos e no Convenio colectivo. As vacantes resultantes ao seu remate serán ofrecidas a través dunha convocatoria pública e a súa cobertura realizarase polo sistema de promoción interna e acceso libre de acordo co réxime concurso-oposición. Pola súa vez, as vacantes que non foren cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse á provisión externa. As convocatorias de prazas por quenda de promoción interna e acceso libre establecerán listaxes de agarda das persoas aspirantes segundo a orde da puntuación obtida no proceso de selección, as cales servirán para a selección de traballadores contratados temporalmente: contratación de substitución ou interinidade, contratación temporal ou contrato de relevo.

Para ver con máis detalle a política de xestión pódese consultar a sección "Administración".

CIDADANÍA



A resposta ás necesidades da cidadanía é unha das razóns de ser dunha universidade pública como a UDC. A UDC está preto dos temas de interese social, non xa como feitos obxectivos, senón como parte da propia institución, o que a converte en algo máis que un centro de reflexións sobre o saber ou un foro de debate e de diálogo entre estudantes, docentes, científicos e cidadáns.

Traballamos para que a cidadanía poida ter resposta ás súas inquedanzas no ámbito da xeración e difusión do coñecemento, nas oportunidades de formación, na investigación e no apoio a unha sociedade máis xusta, equilibrada e cívica.

O noso traballo a prol da cidadanía é patente en todos os ámbitos, e maniféstase de forma palpable nos proxectos en colaboración con entidades e organizacións representativas.

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A UDC comprométese a ter unha oferta que responda ás demandas da sociedade do século XXI.

Facilitar unha oferta docente ao alcance de toda a cidadanía é unha das nosas preocupacións centrais e o motivo polo cal nos últimos anos vimos levando a cabo un importante esforzo para adaptar as estruturas e os medios de que dispón a UDC ao novo paradigma, ás novas necesidades dun ensino superior centrado na aprendizaxe e na potenciación da calidade dos plans de estudo cara á converxencia no espazo europeo de ensino superior (EEES). Tal proceso de adaptación foi abordado no marco do compromiso asumido nos plans operativos anuais que desenvolve o Plan estratéxico 2005-2010 da UDC, co fin de reorientar os recursos dispoñibles.

Aínda que a UDC se caracteriza polo seu perfil eminentemente tecnolóxico, cun **37%** da oferta total de graos e cun **28%** da oferta total de mestrados nesta rama, no ano 2010 presentamos un amplo catálogo de titulacións nos diferentes ámbitos científicos:

- a) Artes e Humanidades
- b) Ciencias Sociais e Xurídicas
- c) Ciencias da Saúde
- d) Ciencias
- e) Enxeñaría e Arquitectura

Un **51,6%** dos estudos da UDC son únicos no SUG. Un **38%** deles pertence á rama tecnolóxica. *Para ver con máis detalle a oferta académica da UDC pódese consultar a sección “Estudantado”.*

No ano 2010 incorporamos a matemática María Wonenburger ao noso Claustro de Honra. Son xa 19 os persoeiros do mundo da ciencia, a cultura, a política e a economía que recibiron a distinción de doutor ou doutora honoris causa pola UDC.

Neste último exercicio participamos en dúas propostas do Programa campus de excelencia internacional (CEI). A primeira, “Tecnoloxías para a sustentabilidade económica, social e ambiental”,



liderada pola UDC e coa participación da Universidade de Vigo; aínda que acadou unha boa valoración, non lle foi conferida a cualificación de CEI rexional. E a segunda, “Campus do Mar”, liderada pola Universidade de Vigo, que obtivo a cualificación de CEI rexional.

Actualmente traballamos nunha nova proposta que incide nunha maior especialización e na participación activa das institucións de ensino superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

Estamos centrados no fomento do espírito emprendedor e da cultura empresarial, e motivamos a nosa comunidade universitaria a desenvolver novas iniciativas empresariais e de transferencia do coñecemento que permitan a posta en valor para a sociedade.

Contribuímos dunha forma máis que proveitosa ao desenvolvemento do sistema produtivo e socioeconómico do contorno. Proba diso son:

- a) as unidades de apoio ao **emprendemento**, identificadas no Servizo de Apoio ao Emprendemento e Emprego (SAEE) e no labor da Fundación da Universidade da Coruña (FUAC);
- b) as unidades de apoio á **creación de empresas**, representadas polo Viveiro de Empresas de Base tecnolóxica e pola Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de mercados laborais na UE;
- c) as ferramentas de asesoramento para a **busca de emprego**, como o Portal de Emprego e a Feira Europea de Emprego;
- d) desenvolvemento continuo de **programas de prácticas** xestionados pola propia UDC ou pola Fundación da Universidade da Coruña (FUAC);
- e) e a continua **colaboración universidade-empresa**, como os estudos de empregabilidade ou os modelos de colaboración como as cátedras empresariais...

Para ver con máis detalle os servizos de emprendemento e emprego pódense consultar as seccións "Estudantado" e "Empresa".

Ademais, a **Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación** (OTRI) actúa como enlace entre o PDI e as empresas, e fomenta as relacións entre ambos os sectores. Para isto identifica tanto a oferta xerada polo PDI da UDC como a demanda do mundo empresarial, xurdida das súas necesidades en materia de tecnoloxía e I+D, co fin de facer

efectiva a transferencia de resultados da universidade á empresa.

Contamos, así mesmo, coa **Unidade de Divulgación e Cultura Científica**, que ten como obxectivos o fomento do interese do público en xeral polos temas científicos e o incremento do nivel de alfabetización científica da sociedade, alén de maximizar o retorno de información en forma de coñecemento científico; a **FUAC**, que potencia a súa capacidade de xestión en temas de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación a través da certificación de proxectos de I+D+i e da sinatura de proxectos ao abeiro do artigo 83 da Lei 6/2001, de 21 de decembro, orgánica de universidades; e o **Parque Tecnolóxico**, como parte da estratexia universitaria de desenvolvemento rexional, xurdido da necesidade de crear un espazo físico real e compartido para a relación universidade-empresa, partindo da premisa de aproveitar as fortalezas da UDC para deseñar os seus contidos. *Para ver con máis detalle a actividade dos servizos de investigación e coñecer a composición do Parque Tecnolóxico pódese consultar a sección "Empresa".*



3. INTERNACIONALIZACIÓN

A UDC comprométese a potenciar as relacións internacionais.

A **Oficina de Relacións Internacionais (ORI)** é o servizo que desenvolve e propón as liñas de actuación en materia internacional, alén de coordinar as actuacións dos diferentes colectivos implicados neste ámbito. A ORI dá a coñecer a UDC tanto a potenciais usuarios doutros países como a responsables de relacións internacionais doutras universidades, co fin de abrir novas vías de cooperación.

Grazas a esta actuación, aseguramos a nosa presenza constante nos principais foros universitarios internacionais, en especial na European University Association (EUA), así como tamén participamos activamente na creación do EEES, no Consello Universitario Iberoamericano (CUIB) e na construción do espazo iberoamericano do coñecemento (EIC), impulsando os procesos de converxencia universitaria. Esta participación en foros e encontros internacionais ou feiras acostuma facerse, na maioría das ocasións, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, como acción de proxección conxunta.

Traspasar os límites nacionais co fin de nos converter nunha universidade de referencia internacional, o intercambio da nosa comunidade universitaria coa doutras rexións, a promoción da mobilidade e o aumento de convenios subscritos con outras universidades son accións que forman parte do proceso vital da internacionalización desta universidade. No ano 2010, á UDC fóronlle concedidos pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) 8 novos proxectos de cooperación interuniversitaria (PCI) no ámbito da investigación, a docencia e as redes temáticas con América Latina. Como consecuencia do conxunto de proxectos concedidos, realizáronse un total de 23 accións de acollida por parte da UDC entre PDI e estudantado.

Por outra banda, participamos nalgúns certames internacionais de primeiro nivel para promover a nosa oferta educativa e investigadora, como o Study World 2010 de Berlín, evento a que asistiron 180 universidades de 29 países europeos e en que España foi o país convidado; asistimos a Europograos 2010 México, cunha asistencia de preto de 13

500 estudantes; e participamos en NAFSA, a conferencia de internacionalización do ensino máis importante no mundo, na cal puidemos ampliar as nosas redes de contactos e dar a coñecer a nosa oferta académica aos máis de 8000 representantes das institucións de ensino superior.

No que ten a ver coa Universidade Sénior, desenvóléronse o programa Erasmus Mundos e as Accións Jean Monnet. Cabe salientarmos a nosa participación en Hannover (Alemaña) no primeiro dos encontros de docentes da Asociación de Aprendizaxe Grundtvig da UE, que se está a desenvolver con diferentes institucións de Portugal, Finlandia, Reino Unido, Italia e Alemaña. Así mesmo, participamos activamente nas reunións de coordinadores que tiveron lugar en Portugal e Finlandia; na última edición das Xornadas “Pegadas Españolas en Flandes” en Gante e no World Council of Comparative Education Societies, en Istambul; e no Obradoiro Europeo “Rosalía de Castro”, financiado con cargo a un programa de aprendizaxe permanente, renovado no ano 2010, co HET Perspercief de Gante, Bélxica. Son proxectos en que só está presente, do panorama nacional, a UDC.

Presentamos unha ampla oferta de cursos de idiomas abertos á cidadanía e atendemos as súas necesidades lingüísticas: linguas estranxeiras (inglés, francés, alemán, italiano e portugués) ou linguas nacionais (español e galego) para os chegados doutros países. O **Centro de Linguas**, como responsable da difusión do patrimonio lingüístico e cultural de Galicia entre a cidadanía, organiza os citados cursos e numerosas actividades de formación. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección “Estudiantado”.*

4. MEDIO

A pesar de a que ao longo da década dos 90 moitas universidades iniciaron procesos de ambientalización a nivel interno (atención á xestión dos residuos e á formación ambiental) e a nivel externo (políticas de sustentabilidade), a UDC non contou até o curso 2003/2004 coa Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental (VIXA). Desde a VIXA traballamos na xestión ambiental e das infraestruturas, e valoramos as sinerxías que se dan e poden aproveitarse entre ambas.

No ano 2005 incorporámonos ao Grupo de Traballo da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) para a Calidade Ambiental e o Desenvolvemento Sustentable, e desde o ano 2008 coordinamos un grupo de traballo centrado no urbanismo e o ordenamento do territorio en relación cos campus, denominado “O urbanismo nos campus”. Tamén formamos parte da Rede de Enerxía Sustentable da Coruña, para o cal se adquiriu un novo compromiso ambiental co fin de paliar as consecuencias do cambio climático. Nun futuro estudarase a adhesión a outras declaracións internacionais que teñan como obxectivo o fomento da sustentabilidade.

Este marco de relacións e participación extrauniversitaria é fundamental para definir a nosa visión estratéxica da sustentabilidade. A isto cómpre sumármolles unha característica positiva moi consolidada, como é o perfil ambiental de moitas titulacións e programas de mestrado e doutoramento. Este é un factor positivo de grande importancia, xa que reflicte a dispoñibilidade de medios internos de grande alcance para a proxección da UDC no eido da sustentabilidade.

Neste sentido, estamos a participar en foros que teñen como obxectivo a definición e a creación dun sistema de indicadores de sustentabilidade ambiental nas universidades. Un sistema ao redor do cal debuxamos os diferentes ámbitos en que se encañan as diversas actuacións da UDC en materia ambiental.

Eixe 1. Indicadores sintéticos integrados

1. A caracterización do contorno natural e humanizado.

A singularidade do campus de Elviña ten como elemento máis destacable a súa excepcional relación co patrimonio cultural, arqueolóxico e arquitectónico. O Castro de Elviña e a Igrexa Parroquial de San Vincenzo de Elviña (catalogada como ben de interese cultural), xunto cos moitos elementos que conforman o seu contorno (equipamentos tradicionais como hórreos, fontes, lavadoiros...) e a paisaxe humanizada de Elviña deben ser pezas fundamentais da relación do campus e da vida universitaria co territorio.

Porén, a pesar da súa proximidade física, na actualidade estes dous elementos atópanse afastados da vida no campus. No caso do Castro, distanciados pola falta de conexións que favorezan a accesibilidade; e no caso de San Vincenzo, por se atopar a igrexa illada pola avenida de Lavedra. Por iso traballamos en reforzar o papel referencial de ambos e en establecer un diálogo intenso destes elementos co campus, a través do deseño de contornos cualificados de aproximación, co obxectivo de romper a condición de estrañamento arestora dominante.



Nesta imaxe resaltamos o espazo verde e de recreo da UDC. O espazo público da UDC está clasificado pola súa funcionalidade, é dicir, polo tipo de uso que se lle dá: tránsito de vehículos, tránsito de peóns e espazo de recreo. Dentro deste último entrarían elementos como as prazas, os parques e os xardíns, os espazos residuais, e outros (áreas de uso local, exterior do rueiro e prazas pequenas).

A UDC participa con un representante na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da provincia da Coruña, prestando o seu asesoramento para a conservación e recuperación do patrimonio cultural do noso país.



2. A caracterización dos campus no ordenamento territorial

As nosas instalacións deben de estar dotadas dunha boa accesibilidade para a poboación que habita o territorio a que a UDC ofrece o seu servizo. Un bo transporte público convértese así nunha condición fundamental para fortalecer tanto o sistema universitario de Galicia como a propia UDC, na procura de evitar o factor de “deslocalización do estudante” diante dos novos retos do espazo europeo de educación superior e a crecente globalización.

O ordenamento territorial, o urbanismo, a edificación e as infraestruturas condicionan en boa medida a sustentabilidade da actividade universitaria. A análise destes factores permite identificar os seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitar a accesibilidade mediante a creación de redes de proximidade.
- b) Avanzar na sustentabilidade do modelo de mobilidade da UDC.
- c) Mellorar a integración física e social dos espazos e da actividade universitaria na estrutura urbana.
- d) Potenciar a complexidade e diversificación funcional do espazo universitario.

A caracterización da UDC no ordenamento territorial debe facerse en relación con tres escalas diferenciadas. A seguir relaciónanse coas medidas específicas que estamos a adoptar:


- a. Rexional: relación universidade-territorio
 - Mellorar a accesibilidade aos campus na escala rexional A Coruña-Ferrol: ferrocarril, liñas de autobuses e estación intermodal.
 - Aproximar a UDC á comunidade universitaria, dotando os campus de residencias universitarias.
- b. Urbana: relación universidade-cidade
 - Dotar os campus das instalacións necesarias para colaborar coas empresas da rexión urbana da Coruña-Ferrol.
 - Mellorar o transporte público urbano e potenciar os modos alternativos.
 - Fortalecer a integración entre os equipamentos universitarios e o tecido urbano, entre a comunidade universitaria e a cidadanía.
- c. Campus
 - Dotar de complexidade funcional o espazo universitario.
 - Crear espazos públicos de interacción entre centros.
 - Priorizar a mobilidade non-motorizada (a pé, en bici).
 - Restaurar o patrimonio natural, agrícola e forestal.
 - Analizar e diagnosticar a edificación (existente e nova).

3. A caracterización da xestión ambiental (a pegada ecolóxica)

A pegada ecolóxica é posiblemente o indicador máis coñecido para medir a sustentabilidade. Cando falamos da pegada ecolóxica da UDC, estamos a falar da compoñente “profesional” da comunidade universitaria. Os factores de impacto que se incluíron no cálculo foron aqueles cuantitativamente máis significativos. A sistemática de cálculo baseouse na procura do valor da pegada ecolóxica a través dun proceso de cálculo que tivo en conta características de segmentación espacial e as categorías dos indicadores empregados.

Canto á segmentación espacial, e tendo en conta as características da UDC, os cálculos obtivéronse de forma individual para 8 espazos concretos (7 campus e a Reitoría), o que permitiu facer as oportunas comparacións de eficiencia e eficacia. Así, a partir dos valores parciais puidemos obter a pegada ecolóxica global da UDC.

Entre as compoñentes que non foron contabilizadas no cálculo merece unha mención especial a derivada da alimentación que, ao igual que outras compoñentes (vivenda, lecer...) non é específica da actividade universitaria. Porén, a UDC no seu conxunto pode condicionar esta compoñente, por exemplo, en función da oferta que teñen os servizos de restauración que acolle. O mesmo ocorrerá coa vivenda no futuro, ao estar previsto contar con prazas de residencia nos campus.



A través do convenio asinado pola UDC coa Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, recolléronse nun informe os resultados da pegada ecolóxica, que a seguir presentamos de xeito sintético:

I. Edificación, consumo de electricidade e combustibles fósiles (gasóleo)

A pegada total destes compoñentes resultou de 1806,8 Ha. A pegada ecolóxica garda unha relación directa coas emisións de CO₂. As emisións totais por estes tres conceptos atinxen os 11.328.699 kg de CO₂ anuais, dos cales un 48,7% é debido ao consumo de electricidade, un 27,1% á edificación e un 24,2% ao consumo de gasóleo para a calefacción.

EDIFICACIÓN E CONSUMO DE ENERXÍA NOS EDIFICIOS E PEGADA ECOLÓXICA ASOCIADA

ÁREA DA UDC	EDIFICACIÓN (m ²)	ELECTRICIDAD (kWh)	GASÓLEO (l)	EMISIÓN CO (kg)	PEGADA (Ha)*	PER CÁPITA (Ha/persoa)*
Maestranza	9.660	517.699	3.932	312.863	49,9	0,211
Riazor	28.574	301.982	97.996	676.592	107,9	0,066
Elviña	114.211	7.728.702	362.665	5.170.305	824,6	0,070
A Zapateira	72.860	3.953.640	221.015	2.499.773	398,7	0,074
Oza	8.539	492.365	39.401	386.025	61,6	0,059
Bastigueiro	17.069	599.024	164.970	851.607	138,8	0,141
Esteiro	33.368	1.181.435	92.319	1.054.276	168,1	0,078
Serantes	10.849	383.622	43.002	377.258	60,2	0,043
TOTAL	295.129	14.158.469	1.025.300	11.328.699	1.806,8	0,074

* Pegada parcial das tres componentes indicadas

II. A pegada da mobilidade

Nas seguintes táboas resúmense os datos básicos de caracterización da mobilidade das persoas na

UDC. A partir destes datos, facendo uso dos factores de emisión por modos, estimáronse as emisións de CO₂ para a poboación universitaria por medios e colectivos.

EMISIÓN ESTIMADAS DE CO₂ ORIXINADAS POLOS DESPRAZAMENTOS DOS MEMBROS DA UDC AOS CENTROS UNIVERSITARIOS (T CO₂)

TOTAL UDC	MEDIO DE TRASPORTE							Total
	Automóbil	Bicicleta	Bus Urbano	Bus Interurb.	Moto	Pé	Tren	
Campus (total zona)								
A Zapateira	51,4	0,06	37,1	6,7	0,06	4,1	0,59	100
Bastiagueiro	56,3	4,48	1,1	22,1	0,76	15,2	0	100
Elviña	52,8	0,12	34,2	6	0,22	5,9	0,81	100
Esteiro + Serantes	46,2	0,45	4,1	11,7	0	37,1	0,35	100
Maestrana	42,6	0	14,8	111	0	25,9	5,56	100
Oza	43,9	0,26	25,6	4,5	0	23,8	1,93	100
Riazor *	37,3	0,13	14,9	8,2	0	38,1	1,49	100
Colectivo (total)								
Estudiante	47,4	0,22	29,5	8,1	0,12	13,9	0,78	100
PAS	80,8	2,16	4,7	3,8	0,60	7,6	0,34	100
PDI	73,3	0	8,6	4,8	0	11,1	2,27	100
TOTAL XERAL	50,2	0,33	27,3	7,8	0,15	13,5	0,80	100

* Inclúe os centros adscritos (total Riazor 1.629 persoas)

KM PERCORRIDOS ANUALMENTE

Colectivo	MEDIO DE TRASPORTE							Total
	Automóbil	Bicicleta	Bus Urbano	Bus Interurb.	Moto	Pé	Tren	
Estudiante	37.793.542	38.809	14.162.733	19.431.960	94.105	4.602.52	1.307.929	76.432.030
PAS	4.008.118	0	120.363	738.567	0	86.916	74.517	5.028.481
PDI	5.325.890	21.327	143.193	1.031.512	4.867	146.948	27.176	6.700.915
TOTAL XERAL	46.127.550	60.136	14.426.289	21.202.039	98.972	4.836.817	1.409.622	88.161.425
%	52,32	0,07	16,36	24,05	0,11	5,49	1,6	100

EMISIÓN ESTIMADAS DE CO₂ ORIXINADAS POLOS DESPRAZAMENTOS DOS MEMBROS DA UDC AOS CENTROS UNIVERSITARIOS (T CO₂)

Colectivo	MEDIO DE TRASPORTE							Total
	Automóbil	Bicicleta	Bus Urbano	Bus Interurb.	Moto	Pé	Tren	
Estudiante	7.003,7	0	424,9	583	5,7	0	39,2	8.056,4
PAS	639,2	0	3,6	22,2	0	0	2,2	667,2
PDI	1.008,5	0	4,3	30,9	0,3	0	0,8	1.044,8
TOTAL XERAL	8.651,4	0	432,8	636,1	5,9	0	42,3	9.768,5
%	88,6	0	4,4	6,5	0,1	0	0,4	100

Aproximadamente o 50% da comunidade universitaria fai uso do automóbil particular para os seus desprazamentos á UDC. A continuación aparecen, por orde de importancia, o autobús (35%) e os desprazamentos a pé (13,5%). Os restantes medios son marxinais: tren (0,80%), bicicleta (0,33%) e motocicleta (0,15%). As emisións de CO₂ totais resultan de 9.768,5 t anuais. Do 50-52% da comunidade universitaria e dos percorridos, o automóbil particular é responsable do 89% das emisións. O outro 50% da

comunidade universitaria, como usuaria de medios de desprazamento menos impactantes, achega só o 11% das emisións totais.

Finalmente realizouse unha aproximación á pegada ecolóxica asociada á mobilidade, que resulta de 1.558 Ha totais para o conxunto da comunidade universitaria. Esta cifra incluíu a achega dos centros adscritos de Riazor, mais de descontar estes centros a pegada debida á mobilidade sería de 1.513 Ha.

PEGADA ECOLÓXICA DA UDC (HA) POR COLECTIVOS

	Estudiantado	PAS	PDI	Total
Pegada (ha)	1.284,9	106,4	166,6	1.558*
Pegada (%)	82,5	6,8	10,7	100
Pegada (ha/persoa)	0,058	0,138	0,115	0,064

* 1.513 ha se non incluímos os centros adscritos de Riazor



III. Papel, auga e residuos

O consumo total de papel estimouse en 169.263 kg anuais (1.436 folios por persoa e ano, polo xeral cada folio pesa 80 g), segundo a distribución da se-

guinte táboa. Do total, un 11,8% é papel reciclado. As emisións totais, de acordo cos factores de emisión indicados máis arriba, resultaron de 286.877 kg de CO₂/ano.

CONSUMO DE PAPEL NA ACTIVIDADE UNIVERSITARIA

	Número de folios	% PR
Total estudantes (c)	12.908.829	16
Fotocopias reprografía (b)	10.949.300	14,7
Papel reprografía a centros de dptos. (a)	750.550	15
Adquisición dos centros distinta de reprografía, d))	7.110.655	8,1
Adquisición dos departamentos distinta de reprografía, e)*	2.133.197	8,1
TOTAL	33.852.531	11,8

b) Fotocopias estudantes e persoal* Estimación provisional

O uso de papel reciclado está máis estendido entre o estudantado (16%) que nas adquisicións dos centros e departamentos (por debaixo do 8,1%). Para os servizos reprográficos, a porcentaxe de papel reciclado foi dun 14,7-15% en total (papel e fotocopias). Ora ben, malia que segundo os resultados da enquisa o 38% do PDI e o 30% do PAS afirman facer uso de papel reciclado, as cifras netas de cantidades de papel reciclado en relación co total foron moi inferiores. Por outra banda, unha parte importante do persoal da UDC afirmou que non ten acceso ao papel reciclado, unha percepción que tamén é común entre o estudantado.

O consumo global de auga foi de 68.360 m³, claramente inferior ao consumo de anos anteriores, segundo se mostra na seguinte figura. De acordo co factor de emisión de 0,5 kg CO₂/m³, resultan unhas emisións globais de 34.180 kg de CO₂ anuais.

Por outra banda, obtivéronse das empresas subministradoras os consumos específicos de enerxía por m³ servido. Este consumo varía non só de Ferrol á Coruña, senón tamén dentro da Coruña en función da localización dos puntos de consumo e da enerxía de bombeo necesaria. Os factores obtidos resultaron de 0,1056 kWh/m³ para Ferrol;

0,0587 para Elviña, a Maestranza, Riazor, Oza e Bastiagueiro; e 0,7237 para A Zapateira. A aplicación destes consumos, tendo en conta as emisións por kWh de electricidade consumida, levaríanos a unhas emisións totais de 5.725 kg de CO₂/ano.

A xeración de residuos compoñese de residuos perigosos (RP) e residuos asimilables a urbanos (RU). A xeración de RP resultou de 11.039 kg, dos cales foron obxecto de recollida selectiva máis do 80%. Empregáronse os factores de emisión estimados por Maraño et al. (2008), expresados en Ha/t RP, que se indican na seguinte táboa xunto cos datos de xeración.

Ao tomar en consideración o factor de conversión de Ha a t de CO₂ empregado polos mesmos autores, de 4,57 t CO₂/Ha, obtivéronse os índices de emisión en kg CO₂/kg RP indicados na seguinte táboa. E a partir destes datos calculáronse as emisións de CO₂ asociadas.

XERACIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS E EMISIÓN DE GEI ASOCIADAS

TIPO DE RESIDUO	RP 2008 UDC KG	Factor de emisión		Emisión Kg CO ₂
		Ha/t RP	Kg CO ₂ /kg RP	
Disolventes	2.862	0,0354	0,162	463
Envases	1.900	0,0280	0,128	243,1
Baterías	161	0,0496	0,227	36,5
Ácidos e álcalis	3.435	0,0417	0,191	654,6
RL mesturados	2.175	0,0590	0,270	586,4
Outros RL	506	0,0590	0,270	136,4
TOTAL	11.039	0,042	0,1921	100

Rec. Selectiva (%) 80,3

Pola súa vez, a xeración de RU estimouse en 557.180 kg, cunha recollida selectiva do 38%. O factor de emisión empregado foi de 0,61 kg CO₂/kg para os RU mesturados e de 0 para os residuos obxecto de recollida selectiva neta. Mentres que o nivel de recollida selectiva dos RP pode considerarse axeitado (80%), á recollida selectiva dos RU (actualmente menor do 40%) deberáselle prestar máis atención.

As emisións asociadas resultaron de 2.120 kg de CO₂ (RP) e 211.670 kg de CO₂ (RU). No caso dos RP a

distribución por campus é desigual, xa que a maior parte son xerados nun número limitado de centros. No caso dos RU dispuxemos da estimación global, e non dunha distribución por zonas dos campus. Por iso, co obxectivo de desagregar as emisións por zonas, considerouse unha distribución proporcional ao tamaño da comunidade universitaria en cada unha das zonas.

As emisións globais asociadas ao consumo de auga e de papel, e á xeración de residuos, resultou de 534.847 kg/ano.

EMISIÓN DE CO₂ (KG CO₂/ANO) ASOCIADAS Á XERACIÓN DE RESIDUOS E AO CONSUMO DE PAPEL E AUGA NO ANO 2008

ÁREA DA UDC	AUGA	PAPEL	RESIDUOS
Maestranza	125	2.762	2.038
Riazor	2.119	19.064	14.066
Elviña	17.119	137.183	101.663
A Zapateira	6.957	62.810	47.678
Oza	1.012	12.206	9.006
Bastiagueiro	4.082	11.235	8.362
Esteiro	1.434	25.138	18.720
Serantes	1.334	16.478	12.257
TOTAL	34.180	262.877	213.790

IV. A pegada ecolóxica da UDC

A seguinte táboa recolle as emisións de CO₂ contabilizadas en cada un dos factores tomados en

consideración. A emisión total de gases con efecto invernadoiro (GEI) derivada da actividade da UDC atinxiu á cantidade anual de 21.348 t.


EMISIÓN ESTIMADAS DE CO₂ ORIXINADAS POLOS DESPRAZAMENTOS DOS MEMBROS DA UDC AOS CENTROS UNIVERSITARIOS (T CO₂)

ÁREA DA UDC	EDIFICACIÓN	ELECTRICIDADE	GASÓLEO	MOBILIDADE	AUGA	PAPEL	RESIDUOS	TOTAL
Maestranza	100,46	201,9	10,5	67	0,12	2,87	2,04	384,9
Riazor	297,17	117,77	261,65	201,33	2,12	8,34	14,07	902,45
Elviña	1.187,8	3.014,19	968,32	4.992,2	17,12	142,68	101,66	10.423,96
Zapateira	757,74	1.115,92	590,11	2.293,5	6,96	65,33	47,68	4.913,23
Oza	88,8	192,02	105,2	268,6	1,01	12,7	9,01	677,34
Bastiagueiro	177,52	233,62	440,47	329,5	4,08	11,68	8,36	1.205,24
Esteiro	347,02	406,76	246,49	804,78	1,43	26,15	18,72	1.905,35
Serantes	112,83	149,61	114,82	527,52	4,33	17,14	12,26	9.35,51
TOTAL	3.069,34	5.521,8	2.737,55	9.484,43	34,18	286,88	213,79	21.347,98
TOTAL (%)	14,4	25,9	12,8	44,4	0,2	1,3	1,0	100,0

As emisións medias anuais per cápita situáronse en 906 kg de CO₂, cunha faixa de variación por zonas que vai dos 649 aos 1.631 kg de CO₂ por persoa e ano.

As compoñentes da pegada ecolóxica, expresada en Ha de bosque necesario para absorber estas emisións de CO₂, xunto coas hectáreas de territorio directamente ocupado polas diversas zonas dos campus da UDC, indícanse na seguinte táboa. O territorio directamente ocupado, en total 69,2

Ha de terreo, resultou tamén unha compoñente relativamente reducida (2% do total), polo que en consecuencia podemos concluír que son catro as compoñentes realmente determinantes da pegada ecolóxica da UDC, por orde de magnitude: mobilidade, consumo de electricidade, edificación e gasóleo (ou combustible para a calefacción). Así, a mobilidade achegou o 43,5% da pegada total, o consumo de electricidade o 25,4%, a edificación o 14,1% e o consumo de gasóleo o 12,6%.



EMISIÓN DE CO₂ (T/ANO) POR FACTORES DE XERACIÓN E TOTAL PARA A UDC

ÁREA DA UDC	EDIFICACIÓN	ELECTRICIDADE	GASÓLEO	MOBILIDADE	AUGA	PAPEL	RESIDUOS	TERRITORIO	TOTAL	PER CÁPITA
Maestranza	16	32,2	1,7	10,7	0,02	0,5	0,3	1,9	63,3	0,268
Riazor	47,4	18,8	41,7	32,1	0,34	1,3	2,2	2,1	146	0,213
Elviña	189,4	480,7	154,4	796,2	2,73	22,8	16,2	40	1702,6	0,145
Zapateira	120,9	183,7	94,1	365,8	1,11	10,4	7,6	11,8	795,4	0,148
Oza	14,2	30,6	16,8	42,8	0,16	2	1,4	1,6	109,6	0,105
Bastigueiro	28,3	37,3	70,3	52,6	0,65	1,9	1,3	8,4	200,6	0,209
Esteiro	55,3	73,5	39,3	128,4	0,23	4,2	3	3,6	307,5	0,143
Serantes	18	23,9	18,3	84,1	0,21	2,7	2	1,3	150,5	0,107
TOTAL	489,5	880,7	436,6	1512,7	5,45	45,8	34,1	70,7	3475,5	0,147
TOTAL (%)	14,1	25,4	12,6	43,5	0,16	1,3	1,0	2	100	-


Para ver con máis detalle a evolución das actividades destes tres centros tecnolóxicos, no ano 2010, pódese consultar o Informe do Reitor 2010.

A pegada ecolóxica total estimouse en 3.475 Ha de bosque galego. A pegada ecolóxica per cápita media resultou de 0,147 Ha/persoa e variou na faixa de


0,105 Ha/persoa a 0,268 Ha/persoa dunha a outra zona dos campus. O tipo de actividade predominante en cada unha das zonas é o principal factor que explica esta variación. A pegada ecolóxica total equivaleu a 50 veces o territorio ocupado polos campus da UDC.




RESIDUOS ASIMILÁBEIS A URBANOS




RESIDUOS PERIGOSOS DE LABORATORIO



DISTRIBUCIÓN DA PEGADA ECOLÓXICA DA UDC POR ZONAS



DISTRIBUCIÓN DA PEGADA ECOLÓXICA DA UDC POR COMPONENTES



Vinculadas ao informe, organizáronse xornadas de formación e exposicións en colaboración coa Sociedade Galega de Ensino Ambiental (SGEA).



4. O compromiso ambiental

Como ente público, e dada a nosa finalidade docente e educativa, temos que ser referentes e exemplo para a cidadanía. A sensibilización da comunidade universitaria en temas como o cambio climático, a redución e a reutilización de residuos, e a optimización dos consumos de auga e enerxía é unha das nosas finalidades.

Actualmente identificamos unha serie de pasos para seguir nunha estratexia de actuación universitaria para a sustentabilidade, os cales serven de base para a elaboración da Guía da sustentabilidade, a creación da Comisión Ambiental, a estruturação e dotación da Oficina de Medio Ambiente (OMA), a elaboración de plans ambientais sectoriais e de centro, e a publicación periódica do Informe de sustentabilidade.

Os pasos son estes:

- a. Establecer un compromiso institucional e unha visión estratéxica da sustentabilidade.
- b. Desenvolver unha estrutura que asegure o compromiso e a actuación dentro do goberno da UDC.
- c. Fomentar e consolidar o compromiso de base da comunidade universitaria.
- d. Desenvolver e manter un servizo técnico que asegure o desenvolvemento das políticas de sustentabilidade.

- e. Institucionalizar os resultados, mediante procedementos de seguimento e avaliación da sustentabilidade.

A elaboración e implantación de plans ambientais sectoriais está a levarse a cabo coa participación especial do Servizo de Arquitectura e Urbanismo (SAU), así como doutros servizos. Á súa vez, os centros deben elaborar os respectivos plans de ambientais de centro.


Como medidas transversais, aplicamos criterios de compra verde nas contratacións. Deste xeito, temos en conta que a xestión ambiental da UDC tamén depende da xestión das empresas que lle proporcionan servizos ou bens. Da mesma forma, as condicións ambientais e de sustentabilidade están presentes nos concursos de obras e infraestruturas. Así, primamos:


- a. a compra de bens que cumpran con criterios ambientais e de equidade;
- b. a elección de empresas de servizos que contén con certificacións ambientais;
- c. e a adquisición de produtos locais e servizos de empresas locais, na procura de evitar a deslocalización e o beneficio das multinacionais fronte ás pequenas empresas e aos produtos locais.

A OMA desenvolve e mantén un servizo técnico, de coordinación e promoción que asegura a execución das políticas de sustentabilidade, a través dun ca-

dro de persoal técnico suficiente para desenvolver as súas tarefas, e dun cadro asesor, constituído preferentemente por expertos sectoriais da UDC: PDI, PAS ou estudantado. Aínda que non conta cunha estrutura definitiva, un dos obxectivos postos en marcha é o de crear unha estrutura de funcionamento axeitada ás nosas posibilidades, que a permita continuar avanzando na participación de acti-

vidades e proxectos, con independencia dos que xa dirixe. Para o desenvolvemento dos nosos traballos contamos coa colaboración de bolseiros, estudantes de último curso ou na etapa de elaboración do proxecto de fin de carreira de varias titulacións: estudantes de Arquitectura, Enxeñaría de Camiños, Portos e Canais, Dereito... Mantense así unha relación directa cos centros e co estudantado.





A ambientalización da UDC há de ser un proceso continuado, de avaliación e actualización periódica, e de corresponsabilidade nos distintos niveis

Avanzar na sustentabilidade require a promoción da sensibilidade ambiental da comunidade universitaria e da súa participación na toma de decisións. Con esta finalidade, está en proceso de creación unha comisión ambiental. Tamén está en marcha a elaboración dunha guía para a sustentabilidade que fai unha proposta de indicadores ambientais, coa consideración de que a mellor forma de proceder á avaliación dos resultados da aplicación dun plan de sustentabilidade é a través da medición de diferentes indicadores. Así, está prevista a elaboración periódica dun informe de sustentabilidade que siga a estrutura e a evolución destes indicadores.

Eixe 2. Xestión ambiental

Este segundo eixe reflicte en detalle os resultados da xestión, a calidade e o impacto ambiental da UDC. Trátase das liñas relacionadas co consumo de recursos e a xeración de residuos e emisións, en que salienta a cuestión da mobilidade e, de forma singular, a xestión e a conservación da biodiversidade como obxectivo preferente.

5. Mobilidade

Entre os efectos negativos que ten o transporte en vehículo privado dos membros da comunidade universitaria sobre o medio pódense citar o ruído, as emisións contaminantes, o gasto enerxético e a ocupación de espazo no campus.

O vehículo privado supón impactos por viaxeiro moi superiores aos do transporte público e a conxestión do tráfico incrementa aínda máis os efectos negativos. O emprego do transporte público e un mellor aproveitamento dos vehículos privados, aumentando a súa ocupación, reducirían estes impactos, que quedarían practicamente eliminados de se empregar a bicicleta ou os desprazamentos a pé. Para reducir os impactos da mobilidade da comunidade universitaria pode traballarse para favorecer un uso máis eficiente dos vehículos privados, promovendo o emprego de medios de transporte máis sustentables ou reducindo a necesidade e lonxitude dos desprazamentos. Na actualidade estase a traballar en materializar as posibles medidas que axuden a cumprir estes obxectivos.

Nesta liña, priorizamos o fomento, entre todos os membros da comunidade universitaria, do sentido da responsabilidade pola conservación e mellora do medio, a través do programa de préstamo de bicicletas. Así mesmo, preparamos estudos sobre a circulación pola cidade da Coruña e o acceso aos campus de forma segura para os membros da comunidade universitaria.



6. Enerxía

No ano 2006 comezamos a traballar neste eido, cos primeiros estudos e actuación a favor da eficiencia enerxética e a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). Desde entón o criterio ambiental ten enorme importancia nas decisións técnicas do SAU, sempre desde a perspectiva do aforro enerxético e a sustentabilidade.

Realizamos algunhas actuacións con moi bos resultados, como a substitución de luminarias convencionais por outras de alta eficacia na iluminación interior de aulas; a sectorización da instalación de calefacción en edificios con desequilibrios; actuacións de rehabilitación ambiental mediante arquitectura bioclimática; controis da ganancia solar e ventilación natural e sistemas solares térmicos para a produción de auga quente con uso nas duchas e o quecemento da piscina; as primeiras instalacións fotovoltaicas; o cambio de lámpadas na iluminación exterior; e a rehabilitación da central de produción de calor da Zapateira.

No ano 2008, a Xunta de Galicia presentou o Plan galego de acción contra o cambio climático cuxo obxectivo prioritario era diminuír as emisións difusas de gases efecto invernadoiro (GEI). O obxectivo correspondente ás universidades foi a redución de 0,28 millóns de t de CO₂ eq/ano-1. Conscientes da necesidade de traballar para acadar estes obxectivos, contamos cunha dotación orzamentaria específica para o noso plan enerxético.

Así, o potencial para a adopción de medidas tendentes á eficiencia e ao aforro enerxético, e de incorporación de enerxías renovables de xeración *in situ*, maniféstase moi elevado. A relación que segue é o resultado de estudos realizados nas nosas instalacións.

a. Actuacións de mellora na iluminación interior

- Aproveitamento da luz solar de forma controlada, de forma pasiva ou automatizada.
- Evitación das ganancias térmicas durante o verán mediante sistemas de sombreamento que permitan a entrada de luz.
- Substitución de luminarias abertas por estancas de alta eficiencia e de doado mantemento para talleres.



- Realización de limpeza e substitución programada de lámpadas para dispor duns niveis de iluminancia adecuados.
- Sectorización da iluminación mediante control en función da iluminación exterior.
- Control da iluminación mediante detectores de presenza e temporizadores para aseos e corredores.
- Cambio de lámpadas de incandescencia (convencional e halóxena) por lámpadas con menores perdas térmicas como as de fluorescencia ou LED segundo o uso concreto.

Neste campo de actuacións, destacaron no ano 2010 dúas obras:

1) A obra para a mellora do sistema de xestión da iluminación no Centro e Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC). O sistema consiste na mellora do sistema de regulación da iluminación, ventilación e control solar, para se adaptar de forma eficiente e flexible á compartimentación a que foi sometido o edificio segundo as necesidades das empresas e grupos de investigación que nel se aloxan. Así mesmo, a automatización das lamas de regulación solar para conseguir un aproveitamento óptimo da luz solar e do sombreamento nas horas de incidencia directa do sol. Este sistema per-

mite a avaliación dos aforros reais conseguidos nunha instalación de forma que serve para que a UDC valore a implementación deste sistema no resto de edificios. A obra foi subvencionada no 33% polo INEGA.

2) A obra para dotar a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física dunha acometida eléctrica con potencia suficiente. A través dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación, posibilitouse o funcionamento adecuado da iluminación deportiva e da calefacción das pistas cubertas.

b. Actuacións de mellora na iluminación pública

- Substitución de lámpadas de vapor de mercurio por lámpadas de vapor de sodio ou lámpadas de haloxenuros metálicos de última xeración.
- Instalación de redutores-estabilizadores de fluxo nos circuitos de iluminación.
- Instalación de reloxos astronómicos.
- Substitución de lámpadas de globo por outras que eviten o fluxo no hemisferio superior, para evitar a contaminación lumínica.
- Eliminación de lámpadas de halóxenos ou outras ineficientes.

c. Mellora dos usos enerxéticos para calefacción e acondicionamento térmico

- Renovación das salas de caldeiras antigas (aquelas con máis de 30 anos poden mellorar o seu rendemento até un 30%, con grandes aforros anuais tanto económicos como ambientais).
- Substitución do sistema de calefacción eléctrica por sistemas de calefacción por auga centralizados ou sistemas de bomba de calor.
- Substitución do combustible gasóleo por combustible gas con melloras económicas e ambientais importantes para grandes consumos.
- Mellora do sistema de climatización e os ceramentos das piscinas.
- Sistemas de produción de ACS de alto rendemento e con achega de enerxías renovables.
- Mellora dos illamentos nas edificacións e instalacións, de forma priorizada en edificacións con malas condicións de illamento, con vidros sinxelos, ou en carpintarías sen rotura de ponte térmica.
- Sectorización da calefacción, que redonda nun maior confort para os usuarios e nunha maior sustentabilidade ambiental (evita que se teña que abrir as fiestras no inverno para regular a temperatura por desequilibrios na instalación).
- Substitución de sistemas de climatización antigos (máis de 15 anos) por outros de alta eficiencia.
- Adopción de sistemas de climatización pasiva: ensombrecemento (vexetais e sistemas téxtiles), creación de correntes naturais controladas mediante fiestras de apertura automática programada, ou ventilación de baixo consumo (ventiladores de teito para desestratificación).

Neste campo de actuacións, no ano 2010 salientaron catro obras:

1) A obra para implantar o sistema de refrixeración no CPP do Centro e Investigación en Tecnoloxías da Infor-

mación e as Comunicacions (CITIC), con aproveitamento da calor residual para a climatización dos espazos ocupados. A obra foi financiada polo INEGA nun 13,21%.

2) O estudo con que se pretende valorar a viabilidade dunha instalación de coxeración na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. A idea é que esta actúe como produtora de enerxía con base na queima de gas, retribuindo por réxime especial a venda da enerxía eléctrica. Aproveitaría a calor residual do proceso para usos térmicos en calefacción, piscina ou refrixeración, dando lugar a trixeración. A obra foi subvencionada no 75% polo INEGA.

3) A realización da acometida de gas por parte da empresa distribuidora Gas Galicia e a parte superior das chemineas da sala de caldeiras da Zapateira, as cales irán integradas dentro dun proxecto de adecuación da zona da antiga sala de caldeiras e a parte traseira da Facultade de Ciencias. Conséguese, con esta obra, traballar cun combustible máis limpo e económico, aumentar a eficiencia das caldeiras e conseguir así un aforro anual de máis de 60.000 €. En paralelo, realizouse o proxecto de dotación de calefacción centralizada para a ampliación da Escola Técnica de Arquitectura, co obxecto de aumentar a eficiencia e diminuír os custos de mantementos globais. Os resultados foron dun 49,81% de redución no consumo de enerxía primaria e un aforro anual de 202 t CO₂/ano. Foi unha obra subvencionada no 10% polo INEGA.

4) A incorporación de válvulas termostáticas e de bombas de caudal variable no Centro Universitario de Riazor (CUR), no Centro Cultural de Riazor (CCR) e na Facultade de Dereito. Actuouse nos centros que teñen unha maior representatividade, aulas de estudo, ou aqueles onde a regulación da temperatura con base noutros sistemas é moi complexa. Así, posibilitouse regular a temperatura independentemente ao gusto de cada usuario, ao tempo que se intentou sensibilizalos para que deixen as válvulas configuradas nunha temperatura de 20°C (adhesivo). O fin é reducir as emisións contaminantes á atmosfera e as emisións de efecto invernadoiro (GEI), reducir a dependencia enerxética do exterior e reducir a enerxía consumida nun 12% por cada sistema instalado, xa que cada grao que aumenta a calefacción, supón un incremento do 7% do consumo enerxético. Na mesma liña, no caso do aire acondicionado, cada grao que baixa, supón un incremento do 8% de consumo enerxético.



d. Instalación de enerxías renovables

Contamos xa con numerosas instalacións de enerxía solar, as cales poden clasificarse en 3 grupos segundo o seu principio de funcionamento: termoeléctricas, térmicas e fotovoltaicas.

Actualmente están en execución as seguintes instalacións:

- Para o Centro de Investigacións Tecnolóxicas en Enxeñaría e Edificación Civil (CI-TEEC): dúas instalacións solares térmicas, unha de 9 kWp e outra para usos de ACS.
- Para o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA): instalación solar fotovoltaica de 5,88 kWp.
- Para o Centro Cívico Universitario (CCU) do campus de Esteiro (Ferrol): instalación dunha cuberta solar fotovoltaica de 12,6 kWp con 13,18 kWp reais. Supón un aforro de 7,57 t CO₂/ano e uns ingresos anuais de 4.588 €, así como sensibilización ambiental e instalación demostrativa para a Escola Politécnica Superior e a Escola Universitaria Politécnica. Obra subvencionada no 11% polo INEGA e no 50% por un convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Grazas a estas subvencións, a amortización prevese en menos de 5 anos.

Estas medidas permitirían dar unha produción anual preto dos 20.000 kW que ademais suporía o aforro de 20 t de CO₂ e 50 kg de óxidos de xofre.

Neste campo de actuacións, destacaron no ano 2010 dúas obras:

1) A implantación do sistema de control ambiental bioclimático na aula de estudo do edificio Xoana Capdevielle. Solucionouse un problema de sobrequecemento da aula durante o verán a través dunha enredadeira como sistema de sombreamento pasivo. Esta medida acompañouse da colocación dun sistema automático de apertura de fiestras na parte superior da aula, e a incorporación de ventiladores que funcionan a unha velocidade variable: no inverno, baixa velocidade, para botar a calor á zona ocupada; e no verán, alta velocidade, para favorecer o confort térmico por unha maior velocidade do aire que inflúe de forma importante na sensación térmica. Así, evítase a instalación dun sistema de aire acondicionado. De igual maneira, permítese un aforro en calefacción, ao baixar a calor durante o inverno por medio dos ventiladores de teito e pechar os ocos de ventilación na cuberta controlándoos mediante as fiestras motorizadas.

2) O proxecto de climatización por hidrotermia no Club Universitario. Trátase dunha tecnoloxía similar á xeotermia, mais con intercambio de auga. A situación do centro fai recomendable esta instalación pola maior eficiencia e constancia do rendemento ao longo do ano, e pola maior durabilidade da maquinaria ao non actuar contra o aire directamente, o que provocaría unha corrosión prematura como ocorre con outras máquinas de climatización. Este proxecto integra os criterios actuais máis innovadores, en que os maiores custos de investimento se ven xustificadas polos altos prezos da enerxía, en incremento progresivo.

e. Adopción de sistemas de xestión e monitorización, auditorías e difusión

- Recollida remota de consumos de auga, combustibles e enerxía eléctrica; xeración de enerxía renovable e seguimento da eficiencia nas instalacións da UDC.
- Uso sistemático da auditoría enerxética como ferramenta para o estudo exhaustivo das instalacións de consumo enerxético.
- Actualización do prego de condicións técnicas de aforro enerxético e de mellora ambiental para as novas edificacións e as reformas que cumpra levar a cabo na UDC.
- Difusión e publicidade das medidas adoptadas como ferramenta para a concienciación da comunidade universitaria e a divulgación das alternativas máis sustentables.

Neste campo de actuacións, no ano 2010 salientaron tres obras:

1) O sistema de control de accesos, CCTV e control de intrusión para edificios da UDC. Trátase dun sistema centralizado de control de acceso xa implantado na Escola Universitaria de Terapia Ocupacional e no Centro e Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC). Actualmente está pendente de obra civil no aparcadoiro do Edificio de Servizos Centrais de Investigación para a automatización das súas barreiras. O sistema permitirá ter un xestor de permisos único para toda a UDC, cun posto centralizado que permita coñecer en cada momento os usuarios que hai dentro dun edificio (relevante no caso de evacuación de emerxencia) e limitar as zonas de acceso, así como ter un maior control dos roubos.

2) As auditorías no edificio de departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura e da iluminación exterior do campus da Coruña. A primeira fórmulase como o punto de partida para realizar melloras de eficiencia no edificio, co fin de dar un servizo desde a sala de caldeiras centralizada da Zapateira. O aforro tras a implantación de medidas sitúase sobre as 84,41 t CO₂/ano. A obra foi subvencionada no 75% polo INEGA. E a segunda constitúe o estudo de eficiencia enerxética no campus da Coruña. Fórmulase como o paso previo para a realización dun proxecto técnico-paiaxístico para os campus de Elviña-A Zapateira, no que se fomentará o emprego de criterios eficientes na iluminación, mais tamén a mellora da calidade do servizo, reforzando a iluminación en puntos singulares ou de tráfico conflitivo e regulando os apagados-acendidos de forma adecuada para diminuír o consumo global de enerxía. Paralelamente, realizáronse melloras na iluminación co cambio do tipo de iluminación e coa incorporación do sistema de reloxo astronómico na regulación dos acendidos. No ano 2009 comezouse o cambio de lámpadas de vapor de mercurio (HPL) de 250 W (14 000 lm) por VSAP de 150 W (17 000 lm), co aforro dun 40% de enerxía e a obtención de máis luz. A amortización está prevista para menos de 2 anos, cun aforro de 84,31 t CO₂/ano. Así mesmo, cómpre mencionarmos a auditoría da iluminación pública levada a cabo por ATISAE nos departamentos da Escola Técnica Superior de Arquitectura e da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Todas as obras foron financiadas no 75% polo INEGA.

3) O sistema de control SCADA para a automatización de instalacións, que permitirá supervisar a distancia as instalacións, verificar rendementos e sacar históricos de consumos eléctricos, hidráulicos e de calefacción. Está instalado nos servidores centrais da UDC, o que ofrece unha máxima seguridade e o control da xestión da rede polo Servizo de Xestión de Rede e o Servizo de Sistemas. Permitirá actuar sobre as instalacións e apagar e acender en función das necesidades desde calquera ordena-

dor que se queira configurar. Neste sentido, no edificio Xoana Capdevielle levouse a cabo o control de rego e o sistema bioclimático de refrixeración e calefacción; a monitorización dos parámetros de temperatura e humidade do Arquivo Central con históricos destes valores; e a integración dos controis de temperatura para novos despachos do CUFIE e do SEINFE.

Nos últimos anos véñse contando coa axuda de organismos estatais e autonómicos que traballan en materia enerxética e ambiental, por medio da concesión de axudas e o establecemento de convenios de colaboración: co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), a Consellería de Industria ou a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. No ano 2010 recibimos una axuda de 32.000 €. A busca de financiamento para poder acometer estas medidas convértese nun importante obxectivo na UDC.

Así mesmo, coordináronse as seguintes inspeccións periódicas, obrigadas pola normativa: inspeccións da baixa tensión, centros de transformación, depósitos de gasoil, instalacións térmicas e inspeccións anuais de tomas de terra. E realizáronse os pregos de condicións técnicas para mantementos, subministracións e proxectos de novas edificacións.

Grazas a estas medidas, no ano 2010 reducimos as emisións CO₂ en 208 t, un 2,52%.

Por último, cómpre salientarmos o **Proxecto de urbanización do Parque Tecnolóxico**. Este proxecto trata de resolver e unificar a conexión e interrelación entre espazo público e subministracións dentro do Parque Tecnolóxico da forma máis eficiente e sustentable posible. Estase a realizar un estudo para a planificación da conectividade dos novos edificios á área do Parque Tecnolóxico, co obxecto de fixar criterios de eficiencia tanto ambiental como económica e propoñer unha única alta en servizos de gas, electricidade e auga.

Tamén se teñen en conta outros aspectos como a depuración de augas para o seu uso en cisternas e urinarios, a separación de augas grises e negras e o que será o proxecto estrela nas instalacións da UDC: a realización dun sistema de calefacción centralizada (*central heating*) que combinará á perfección o uso da biomasa (0% emisións) e o gas para dar lugar a un abaratamento no futuro mantemento das edificacións. Este proxecto integra os criterios actuais máis innovadores con vistas a atinxir a eficiencia e sustentabilidade ambiental e económica.

7. Auga

O sistema da auga nos campus de Elviña e A Zapateira ten unha compoñente natural formada, fundamentalmente, polo río Lagar e o regato de Elviña (nos treitos que non están canalizados), unha serie de mananciais que nacen no campus e todo o sistema de drenaxe natural tanto superficial como subterráneo. Tamén existe unha rede antrópica de fluxos de auga que está composta polas redes de abastecemento (auga potable), saneamento (augas residuais e parte das augas dos mananciais anteriormente citados), drenaxe artificial (superficies impermeabilizadas como a edificación e o viario coas súas beiravías, que recollen as augas de escorrentía procedente da chuvia) e, finalmente, os tramos canalizados dos ríos Lagar e de Elviña.

Marcámonos os seguintes obxectivos para o uso sustentable da auga:

- a. Acadar un axeitado estado ecolóxico dos cursos fluviais e das distintas fontes e mananciais que xorden no campus.
- b. Achegarse o máximo á autosuficiencia na demanda do recurso que é a auga a través da aplicación de distintas estratexias.
- c. Non trasladar a contaminación producida no campus fóra dos seus límites a uns niveis que sexan ambientalmente inaceptables.
- d. Elaborar un programa de seguimento ambiental en que se avalíen os avances acadados nas distintas estratexias formuladas, a través dun panel de indicadores de sustentabilidade, e cumprir con el.
- e. Elaborar un programa de divulgación da xestión sustentable da auga para a súa difusión tanto no contorno universitario como no exterior.

A través do proxecto SOSTAUGA perseguimos por en valor a auga e os ecosistemas asociados no ámbito dos campus de Elviña e da Zapateira. Tratamos de preservar e potenciar un elemento chave do patrimonio sociocultural e ambiental deste territorio mediante o seu estudo técnico e o desenvolvemento

posterior dunha serie de actuacións en liña cos anteriores obxectivos:



- a. Conseguir un axeitado estado ecolóxico dos fluxos e masas de auga existentes nos campus a seguir as directrices da Directiva marco da auga da UE.
- b. Avanzar cara a unha xestión sustentable da auga en que se alcance a máxima autosuficiencia posible na demanda do recurso mediante a implementación de medidas de aforro no consumo, a redefinición sustentable dos actuais usos da auga segundo a súa calidade, a optimización do aproveitamento das augas residuais, e a minimización das perdas que puideren producirse nos sistemas infraestruturais de transporte.
- c. Favorecer a potenciación das oportunidades únicas que ofrece a existencia de cursos fluviais, zonas húmidas e mananciais; intentar renaturalizar no posible estes elementos e mellorar os índices de biodiversidade.
- d. Promover a divulgación dos resultados do estudo no ámbito universitario local e galego, así como entre a cidadanía.

No ano 2010 foron captados 75.627 m³ procedentes de augas superficiais, incluídas augas procedentes de zonas húmidas, ríos, lagos e océanos. Estímase unha cantidade considerable do encoro de Cecebre, incluído na Rede Natura 2000 como zona de protección internacional.

A súa materialización dispónse a través das seguintes medidas:

1. Medidas de reutilización

- Captación de auga da chuva para aproveitala en operacións de rega e determinados usos, como por exemplo os inodoros. Pode chegar a un 45% do consumo da edificación.
- Reutilización de augas grises (lavabos e duchas) para a rede de abastecemento a inodoros e urinarios (cisternas e fluxores). A reutilización de augas permite sacarlle un maior partido á auga da rede antes de devolvela ao medio e ofrece así unha xestión máis eficiente (polo alongamento do ciclo de vida da auga). Outra posibilidade é utilizar esta auga como auga para a rega ou para a limpeza de exteriores. Este sistema permite un aforro que pode ir do 30 ao 45% de aproveitamento de auga.
- Depuración de augas negras para a súa reutilización na rega. Poden preverse sistemas de depuración locais mediante fosas asépti-

cas ou balsas de depuración natural. Existen sistemas de depuración de augas fecais que permiten obter un bo grao de limpeza, o que fai idónea a auga para a súa utilización en rega, pois conservan elementos minerais naturais como o potasio, o fósforo e o nitróxeno. En calquera caso habería que avaliar a súa idoneidade en función do uso previsto.

2. Sistemas de aforro

No tocante aos sistemas de aforro do consumo de auga, no ano 2010 continuouse coa instalación de fontes refrixeradas en diversos centros. O fin é evitar o uso de envases de plástico e o custo do transporte derivado da comercialización das botellas, así como aforrarlle á comunidade universitaria o gasto de 0,60 € por cada botella de auga mineral. O obxectivo de ofrecer un subministro de calidade, económico e sustentable de auga para beber é reducir a xeración de residuos de envases e outros custos ambientais asociados ao consumo de auga embotellada.



Rede natural do sistema auga nos campus de Elviña e A Zapateira da UDC.



Rede artificial do sistema auga nos campus de Elviña e A Zapateira da UDC.

Así mesmo, cambiáronse 52 billas monomando por billas perlizadoras temporizadas na Facultade de Ciencias, e estableceuse a súa instalación nas novas obras como un criterio ambiental máis no prego de condicións técnicas da UDC. O sistema permite temporizar a descarga e que esta sexa máis eficiente grazas a unha inxección de aire que reduce o consumo de auga sen diminuír a confortabilidade no seu uso. Estímanse unhas posibilidades de aforro do 77% anual.


Nesta mesma liña, coa instalación de cisternas de descarga interrompida e outros sistemas aforradores de auga, iniciouse unha campaña de sinalización de cada un destes dispositivos mediante adhesivos que se dispuxeron en cada equipamento, de cara a que os usuarios fosen coñecedores da funcionalidade de aforro da auga.



Outras actividades desenvolvidas foron a xestión das redes para controlar as fugas dispositivos antifugas en laboratorios e cocinas, un sistema de contadores monitorizados para detectar consumos en momentos en que non deberían producirse e fugas en tubaxes inaccesibles– e a mellora das redes soterradas nos campus. Destaca o diagnóstico que puña de relevancia a necesidade de realizar un levantamento da rede de saneamento nos campus para ver as posibilidades de aforro na depuración de augas, a reutilización de augas pluviais e mananciais e a verificación da correcta separación das distintas augas para poder avaliar tamén a capacidade futura da rede segundo a planificación de nova obra para a UDC.

No campus da Zapateira prevense melloras das canalizacións tanto no ámbito das comunicacións como da electricidade. Sobre o primeiro, prevese a retirada dos cables de fibra que discorrican pola fachada da Facultade de Ciencias para soterralos e mallar as canalizacións en toda a praza. E sobre o segundo, prevese dar un servizo de iluminación único desde o aparcadoiro da Facultade de Ciencias, que mellorará o control e a eficiencia da instalación cun futuro proxecto.

% DE COLECTORES SEGUNDO O TIPO DE AUGAS





8. Residuos

Na UDC xeramos residuos específicos: residuos perigosos de laboratorio, residuos de aparatos eléctricos e electrónicos RAEE, cartuchos e tintas de impresión; e residuos asimilables aos urbanos: papel, envases e materia orgánica.

Tanto a xestión de residuos como a actividade universitaria, en xeral, deben incorporar os novos criterios de sustentabilidade no ciclo de vida dos produtos e actividades, co obxectivo de minimizar o impacto ambiental nas diferentes fases do proceso. A xerarquía de xestión implica a prioridade da redución en orixe, a reutilización e a reciclaxe (os 3 “r”), por esta orde. Os principios de proximidade e responsabilidade do produtor requiren da UDC a adopción das medidas necesarias para a prevención e a xestión sustentábel dos residuos xerados, das cales se derivan beneficios ambientais e sociais e unha maior eficiencia.

Con base nestes principios e nas obrigas derivadas da lexislación vixente, entre os obxectivos da xestión de residuos na UDC salientamos os seguintes:

- a. Elaborar un plan de recollida selectiva e xestión de residuos.
- b. Dotar os distintos centros dun modelo de xestión intracentro que permita acadar ele-

vadas porcentaxes de recollida selectiva e reciclaxe.

- c. Atender os requirimentos dos servizos municipais de xestión do lixo, segundo a localización do centro, de acordo coas características dos respectivos plans municipais.
- d. Definir e avanzar na adopción de sistemas de prevención, con especial atención aos residuos de envases, optando por sistemas sen envase ou por envases retornables.
- e. Reducir a cantidade total de residuos xerados na actividade universitaria, e dos residuos perigosos en particular.
- f. Acadar un elevado nivel de emprego de materiais reciclados e de baixo impacto ambiental (compra verde).

O papel

O papel usado é un dos residuos común á práctica totalidade das dependencias universitarias, alén de se tratar do residuo que se xera en maiores cantidades. A súa recollida selectiva, tanto en cantidade como en calidade, é de grande importancia, e require dun sistema de segregación e recollida intracentro, previo á recollida municipal. A prevención

ou minimización da xeración de residuos de papel implica revisar o seu uso.

A promoción dos materiais reciclados é un dos obxectivos xerais das políticas de sustentabilidade ambiental, mais cómpre invertir a situación actual, en que maioritariamente se emprega papel de fibra virxe, en favor do papel de fibra reciclada. Neste sentido, un obxectivo específico da UDC é reducir a xeración de papel, especialmente o proveniente da publicidade (folletos, catálogos e revistas publicitarias) e a prensa gratuíta.

A materia orgánica: compostaxe.

Nos campus universitarios xéranse diversos tipos de residuos orgánicos, desde os máis tradicionais (restos de colleitas e cultivos que aínda se practican dentro do campus, das limpeza forestais, ou os residuos vexetais da xardinaría), até os residuos de cociña e comidas dos diversos comedores universitarios.

Todos eles teñen a súa orixe na produción vexetal dos solos, e a súa reciclaxe pasa por devolvelos a eles para reintegrar no sistema agrícola materia orgánica e nutrientes. O ideal para estes residuos é o seu tratamento conxunto, co obxectivo de xerar emendas e fertilizantes orgánicos de elevada calidade. Nesta liña, a UDC conta cos composteiros, recipientes onde se bota a materia orgánica para a súa transformación en compost.

A través do Grupo de Investigación en Enxeñaría Química Ambiental participamos no desenvolvemento de numerosos programas e na elaboración dunha guía da compostaxe, un pequeno manual que axudará a resolver as dúbidas das persoas que se animen a seguir esta experiencia. A promotora destas actuacións e doutras, como obradoiros en compostaxe doméstica, é a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).



9. Atmosfera (contaminación, ruidos, radiacións)

O aire do campus está afectado fundamentalmente pola proximidade de importantes focos emisores de carácter industrial e polo tráfico rodado, en especial da avenida de Alfonso Molina, principal arteria de entrada e saída da Coruña. No referente á comunidade universitaria, as emisións proceden principalmente da propia actividade, das caldeiras de calefacción e do tráfico interno.

Para acadar unha xestión sustentable do aire ambiente dos campus cómprenos coñecer a súa calidade e avalialo con respecto ás normativas de aplicación e a outros contornos urbanos; e coñecer e avaliar as súas fontes de emisión (orixe externa e afección da contaminación atmosférica no ciclo hidrolóxico do campus).

Isto concrétase nas seguintes medidas de actuación:

- a. Realizar campañas de medición da calidade do aire ambiente nos campus.
- b. Inventariar as fontes de emisión que actúan dentro dos campus e efectuar unha monitorización automatizada (en liña) das fontes fixas.
- c. Estimar a carga contaminante ocasionada polas fontes fixas e móbiles dentro do campus.
- d. Coñecer a incidencia das emisións externas aos campus na calidade do aire dos campus.
- e. Determinar a incidencia da contaminación atmosférica no ciclo da auga, no solo e na biosfera.
- f. Modelizar a calidade do aire nos campus.
- g. Desenvolver as accións informativas sobre contaminación atmosférica e medidas para reducila.



10. Biodiversidade

Establecemos varios obxectivos dentro do marco xeral da ambientalización da UDC, con que se pretende mellorar a xestión ambiental e fomentar a participación dos diferentes sectores implicados. Dentro deste propósito encadramos a necesidade de coñecer a biodiversidade existente no campus, e establecer as áreas de maior interese para a súa conservación ou recuperación, coa implicación da comunidade universitaria.

O Monte da Fraga

Nunha primeira fase de actuación, as accións centráronse nos campus da Zapateira e Elviña (un total de 58,6 Ha). Analizouse a riqueza florística da zona, así como a distribución e o interese das especies que a poboan. Neste proceso involucrouse estudantes de cursos superiores da licenciatura de Bioloxía e persoal bolseiro da OMA. Como resultado deste traballo, levado a cabo coa colaboración da Consellería de Medio Rural, identificáronse arredor de 200 especies e establecéronse as zonas de maior interese no Monte da Fraga.

O Monte da Fraga é un espazo natural de 2,5 Ha situado entre as facultades de Ciencias e de Filoloxía, no cal poden diferenciarse distintas áreas: unha zona axardinada, un pequeno bosque asociado a un manancial, zonas abertas de matogueira dominada polo toxo e unha plantación de eucalipto. Como resultado do estudo cómpre sinalarmos a diversidade observada en dúas destas áreas: no bosque e na matogueira atlántica.

Así mesmo, e para completar a información existente sobre a flora do campus universitario, identificáronse as especies ornamentais que se atopan nas zonas axardinadas e estableceuse que cómpre un estudo en maior detalle da flora invasora e das medidas para o seu control e erradicación. De momento, é salientable a existencia no campus de máis dunha vintena de especies invasoras.

Como actuacións de futuro, o primeiro obxectivo é consolidar e ampliar as actuacións xa detalladas. Tamén é necesario abordar o estudo da riqueza faunística asociada aos diferentes ambientes e fomentar o uso destes espazos, desde un punto de vista docente ou social, realizando actividades de sensibilización.

Eixe 3. Investigación e aprendizaxe sustentables

11. Sensibilización e voluntariado

O voluntariado ambiental é o conxunto de iniciativas desenvolvidas por persoas que, individualmente ou a través de grupos sociais, de forma libre, altruísta e sen ánimo de lucro, dedican parte do seu tempo libre á tarefa de mellorar o medio e conservar os recursos naturais. É unha actividade que se leva a cabo a través de actuacións directas sobre o contorno ou de sensibilización ambiental, concretadas en proxectos ben estruturados para produciren un impacto social e ambiental positivo na nosa universidade.

A formación ambiental é unha ferramenta imprescindible para que o voluntariado ambiental poida desenvolver as súas tarefas, e require unha preparación específica, impartida por persoas cualificadas, coa participación activa do propio voluntariado. Con esa formación pretendemos:

- a. Crear un marco teórico-práctico común a todos os participantes acerca dos conceptos de medio, sustentabilidade e voluntariado ambiental (e o seu ámbito de actuación).
- b. Facilitar o labor dos participantes mediante a súa capacitación para o desenvolvemento de labores concretos neste tipo de proxectos.
- c. Apoiar, a través do seguimento, tanto a formación como as accións de voluntariado.



Todo o programa debe realizarse no marco do ensino ambiental para o desenvolvemento sustentable, xa que se considera unha ferramenta de apoio imprescindible na formación dos participantes. Como práctica que acompañe o esforzo formativo, promovemos campañas de voluntariado en temas específicos, como o Proxecto Ríos. Trátase dun programa que busca coñecer, inspeccionar e avaliar a situación ambiental tanto dos ríos que transcorren polo espazo do campus como do contorno asociado a eles. Prestamos especial atención ao estudo da flora invasora no campus e ás fórmulas de custodia do territorio. Todas as actividades están relacionadas coa custodia do territorio.

Tamén realizamos unha campaña de concienciación sobre o cambio climático dirixida á comunidade universitaria, co obxecto de informar, concienciar da grave problemática e animar a combater e adoptar solucións.

12. Ambientalización curricular

A ambientalización dos programas universitarios ten como principio fundamental incidir transversalmente en todas as actividades académicas, tanto as relativas á docencia e á investigación como aquelas encadradas na xestión de recursos, co tripo obxectivo da aprendizaxe, a I+D e a achega á sustentabilidade da propia UDC.

O futuro proxecto de ambientalización curricular estruturarase nas seguintes fases de intervención:

- a. Avaliación diagnóstica dos departamentos e centros.
- b. Deseño e implementación de propostas de actuación.
- c. Definición, seguimento e avaliación dos indicadores de sustentabilidade curricular.



13. Custos e inversións no medio

Os custos da eliminación de residuos e tratamento de emisións, e os custos de remediación, foron os seguintes:

Xestión de Residuos Perigosos e RAEE	52.362 €
Servizo de sumidoiros	11.358 €
Canon de saneamento	20.159 €
Medicións analíticas	1.764 €

Investiuse en prevención e xestión ambiental, así como en protección ambiental, os seguintes importes:

Persoal empregado en educación e formación	20.000 €
Servizos externos de xestión ambiental	40.000 €
Gastos orixinados pola instalación de tecnoloxías máis limpas	299.496 €
Custos do tratamento de residuos, emisións e remediación	85.643 €
Custos de prevención e xestión ambiental	359.496 €

No tocante á materia de urbanismo, a UDC deseñou un Plan director de infraestruturas para os campus da Coruña e Ferrol co obxecto de planificar o conxunto das intervencións que deben acometerse neles. Neste plan considéranse tanto os edificios como os espazos públicos, as instalacións relativas á adaptación ao espazo europeo de ensino superior (EEES) e as diversas normativas da construción, así como as directrices fundamentais do seu crecemento. No ano 2009 finalizamos a súa redacción e servirá de guía para o futuro desenvolvemento urbanístico da UDC.

As obras que se levaron a cabo nos campus da UDC ao longo do ano 2010 foron estas:

I. Campus da Maestranza (A Coruña)

- Club Náutico Universitario: redacción do proxecto de rehabilitación e licitación da obra
- Novo equipamento e distribución dos postos de traballo no segundo andar da Reitoría, da Facultade de Ciencias e na Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos

II. Campus da Zapateira (A Coruña)

- Cátedra da Madeira na Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Proxecto de ampliación da Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Reforma da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica para a adaptación ao EEES
- Novos despachos no aparcadoiro da Facultade de Ciencias
- District heating
- Proxecto de reparación da praza da Zapateira
- Reforma da Facultade de Ciencias para a adaptación ao EEES

III. Campus de Elviña (A Coruña)

- Ampliación do CITIC
- Ampliación do CITEEC
- Construción da CICA
- Área Científica do Parque Tecnolóxico
- Obra de accións previas, cimentacións, soteiramento da instalación e iluminación na área deportiva e das pistas do Campus Center
- Oficinas bancarias e servizos universitarios
- Reforma da Facultade de Ciencias da Educación para a súa adaptación ao EEES
- Reforma da Facultade de Dereito para a súa adaptación ao EEES (interior, exterior e pintura)
- Administración conxunta da Facultade de Economía e Empresa

- Restauración exterior e proxecto de reurbanización do contorno da Casa do Lagar
- Proxecto de adaptación ao EEES da Facultade de Informática (aulas e laboratorios)
- Reforma do Edificio Xoana Capdevielle: despachos do CUFIE
- Proxecto "Tecnolóxico da 3.ª idade"
- Proxecto "Centro de día-gardaría"

IV. Campus de Riazor (A Coruña)

- Proxecto de reforma do acceso e do teatro, e substitución de carpintarías (espazos exteriores) do Centro Cultural de Riazor

V. Campus de Bastiagueiro (Oleiros-A Coruña)

- Proxecto e obra da nova conserxaría nas pistas de atletismo da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

VI. Campus de Esteiro (Ferrol)

- Adaptación das aulas da Escola Politécnica Superior ao EEES
- Ampliación do CIT no edificio do comedor do campus de Esteiro
- Construción do Centro Cívico Universitario de Ferrol (CCU): acondicionamento interior e urbanización do contorno, e redacción do proxecto de licitación de ambas as obras
- Pintado da Facultade de Enfermaría

Para ver con máis detalle a evolución das actuacións urbanísticas, así como a súa valoración orzamentaria, no ano 2010 pódese consultar o documento Accións 2010: plans, proxectos e obras e o Informe do Reitor 2010.

Destacamos o proxecto do Campus Center. En grandes liñas, consiste na reordenación dunha extensa área triangular do campus de Elviña, parcialmente ocupada na actualidade por 3 edificios (Pavillón de Estudantes, Pavillón Polideportivo e Edificio Graderío) e unhas pistas deportivas, mediante un edificio híbrido con usos administrativos, de servizos universitarios e deportivos que relacione os edificios

e xere a fachada da UDC á área máis intensiva da cidade compacta da Coruña.

Ademais, o ámbito do concurso introduce a reordenación do espazo público entre os edificios (preservando o campo de fútbol existente e as pistas de atletismo) e o estudo das posibilidades de intermodalidade que aparecen no contorno do apeadeiro de Renfe no ámbito de actuación. A idea parte da necesidade de aproveitar este cúmulo de confluencias para crear e potenciar o nacemento dunha megaestrutura que dote dun foco de centralidade territorial e urbana o campus e forneza un nodo de relación coa cidade e o territorio.

Así mesmo, apoiámonos no Centro de Extensión Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para levar a cabo a tarefa de sensibilizar e xerar unha conciencia crítica, individual e colectiva á hora de tratar os problemas ambientais, así como traballar na procura de solucións e fomentar as boas prácticas cidadás neste eido.

O CEIDA está situado no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), e configúrase como o foro perfecto para que a cidadanía reflexione sobre o patrimonio do contorno da UDC, no ámbito natural, histórico e cultural. O seu labor materialízase en cursos e programas de formación ambiental, exposicións, xornadas, publicacións como a revista *Ambiental-Mente Sustentable...* Os temas tratados son o medio mariño, o cambio climático, o medio forestal, a conservación do medio... Ademais, difunde todo tipo de material formativo e divulgativo, e fomenta o coñecemento dos valores ambientais en toda Galicia.

Tratamos de lles dar publicidade ás medidas e actuacións nesta materia, co obxectivo de servirmos de exemplo, informarmos e sensibilizarmos a cidadanía no tocante á adopción de criterios de aforo e eficiencia enerxética, enerxías renovables e sustentabilidade en xeral. Así, na nosa intención de achegar puntualmente información sobre o estado dos campus aos nosos usuarios, facemos públicas na páxina web todas as accións e actuacións postas en marcha, así como a documentación dos proxectos que se foren acometer.



5. TIC

A UDC, como institución moza, goza dun espírito innovador, baseado na renovación tecnolóxica periódica, nunha administración electrónica moderna e no desenvolvemento constante de novas aplicacións e procesos informáticos. Para isto, a UDC apóiase no **Servizo de Informática e Comunicacións (SIC)** e a **Unidade Técnica de Calidade (UTC)**, que vela pola calidade dos novos servizos, apoia á difusión dunha cultura tecnolóxica de calidade e facilita tanto as relacións entre os membros da comunidade universitaria como as relacións da UDC con outras universidades e coa administración.

A rede wifi implantada en toda a UDC (que foi a primeira universidade galega do SUG en contar con sis-

tema wifi), a Oficina de Sólftware Libre (OSL) e a Biblioteca Virtual Galega son aplicacións empregadas non só pola comunidade universitaria, senón tamén por todo aquel que se achega á UDC. Nesta liña, a UDC pon ao servizo de todos os seus usuarios o Centro de Atención aos Usuarios en horario de mañá e tarde, así como unha caixa de suxestións que no ano 2010 rexistrou un total de **696** observacións.

Para fomentar este espírito innovador, a UDC conta coa **Aula de Formación Informática (AFI)**. O seu cometido é a realización de cursos destinados a completar os coñecementos en novas tecnoloxías, tanto da comunidade universitaria como da cidadanía do seu contorno, nos campus da Coruña e de Ferrol. *Para ver con máis detalle a oferta formativa da AFI pódese consultar a sección "Estudantado".*

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A UDC comprométese a fomentar a normalización da lingua galega.

Comprometidos coa cultura e a lingua de Galicia, comezamos no seu día o proceso para nos adaptar ao marco legal vixente nesta materia coa redacción do Regulamento de usos da lingua galega. A súa culminación viría da man da aprobación do Plan de normalización lingüística.

En xuño do ano 2009 constituíase a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, integrada polos reitores das tres universidades galegas, os responsables dos respectivos servizos de normalización lingüística, así como representantes do PDI e da Xunta de Galicia. Na súa orixe está a sinatura dun convenio de colaboración para rendibilizar os recursos destas universidades e presentar propostas de actuación á Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxecto de fomentar a lingua galega no ámbito universitario galego. Unha das actuacións máis relevantes do traballo desta comisión foi a campaña “En galego tamén se fai ciencia”, desenvolvida en 2010 polos servizos de normalización e audiovisuais das tres universidades galegas.

Desde o **Servizo de Normalización Lingüística** (SNL) prestamos asesoramento e efectuamos traballos de traducións e corrección: **1.624** e **4.010** páxinas respectivamente no ano 2010, unhas cifras que descenden de ano a ano en paralelo ao aumento dos usuarios que asisten aos cursos de formación e que adquiren seguranza no uso da lingua. O fin que perseguimos é mellorar as competencias lingüísticas e as actitudes sobre a lingua da cidadanía en xeral e da comunidade universitaria en particular.

Organizamos o VI Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística Traballando en Lingua baixo o lema “Creatividade para a lingua”, en que se combinaron sesións teóricas e sesións prácticas; as VII Xornadas sobre Lingua e Usos, dedicadas este ano ao uso da lingua galega no ámbito da sanidade; a Xornada de Formación para as Comisións de Normalización, a que asistiron membros destas nos diferentes centros e onde expuxeron as súas expe-

riencias persoas que se ocupan da dinamización da lingua na Administración local.

Cómpre salientarmos a páxina web do servizo, que ao longo do ano recibiu arredor de **11.000** visitas, o que supuxo un total de máis de **15.000** páxinas vistas. Así mesmo, alén de seguir dispendo de acceso a todas as publicacións editadas en papel polo servizo, tamén se acrecentaron novos recursos só dispoñibles en liña.



7. COMUNICACIÓN

A UDC comprométese a potenciar a proxección da imaxe da UDC.

A UDC traballa para que os fluxos de información sexan constantes: a nivel interno, mellorando a comunicación entre os profesionais da UDC; e a nivel externo, facendo chegar á cidadanía o resultado da nosa oferta e do noso esforzo, algo de que é exemplo esta Memoria RSU.

Como fito salientable, desde o ano 2010 contamos cun novo instrumento de traballo para o Gabinete de Prensa: unha nova sala de prensa na Reitoría, doadamente accesible desde a rúa, dotada con 2 proxectores e 2 pantallas, sistema de son e conexións de audio integradas nos asentos. Este espazo cobre, por outro lado, a demanda dunha sala alternativa ao Paraninfo, máis pequena e versátil, apta para cursos ou conferencias na cidade.

Por outra banda, no ano 2010 o sitio web corporativo aumentou o seu número de visitas nun 31,76%.

A nivel interno destacan accións como os **3.199** impactos no medio galego e os **74** impactos no medio nacional, e a elaboración dos resumos de prensa diarios. E a nivel externo, a publicación de **376** notas de prensa, a inserción de publicidade, a asistencia técnica a cargos da UDC...

En particular, podemos resaltar as accións de captación do estudantado: postos da UDC en feiras; publicidade institucional nos medios escritos e electrónicos con máis pulo de Galicia, así como na radio a través de cuñas radiofónicas; vídeos institucionais (campañas e cortinas), mostra dos nosos múltiples recursos audiovisuais; e a revista *Avanzada*, dirixida á mocidade. De igual forma, non podemos deixar de mencionar a edición e distribución dos seguintes materiais:

- a) Un folleto da UDC coas titulacións de grao e posgrao dirixido a **262** institutos de Galicia.
- b) O libro de información sobre a UDC *Argumentos para elixir UDC*, cunha tiraxe de **2.500** exemplares en galego, **1.500** en español e **1.000** en inglés.

c) O folleto *Argumentos para elixir UDC*, con información sobre as titulacións de grao e posgrao da UDC para o curso 2010/2011. Editáronse **8.400** exemplares en galego, 2100 en español e **1.350** en inglés.

Así mesmo, é de salientar a atención a un total de **2.140** chamadas e correos electrónicos en demanda de información sobre a nosa universidade; e a preparación de 17 programas de radio, emitidos en directo desde os nosos centros, con Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.

A UDC caracterízase por ser un espazo de socialidade aberto á modernidade, de vangarda no cultural e de accesibilidade no deportivo. A UDC, como comunidade institucional, transmite valores de modernidade e de avance por ser unha universidade nova. A innovación e a colaboración co tecido industrial son as súas razóns de ser, o que a converte en punta de lanza da transformación de Galicia, como elemento de impulso fundamental do cambio industrial do seu contorno. Xorde desta forma a revista **U+S Blogspaper**, ligada ao Consello Social, cunha tirada total de **2.600** unidades en edición de papel, repartidas entre as entidades, públicas e privadas colaboradoras da UDC, ás cales van directamente dirixidas.



8. CULTURA

A UDC comprométese a impulsar as súas actividades culturais e á súa apertura á sociedade en xeral.

O papel da UDC non se limita á docencia nin aos traballos en gabinetes e laboratorios. A UDC debe formar, antes que profesionais, persoas, cidadáns con sentido crítico, que saiban responder cos seus saberes e coas súas actitudes ante a cidadanía. Para este fin, como universidade pública, procura un amplísimo programa de actividades de extensión deportiva, cultural e solidaria.

A publicación e edición de numerosos libros e revistas, alén das actas dos congresos e reunións de carácter sociocultural desenvolvidas na UDC, e diversas monografías e manuais, son responsabilidade da **Comisión de Publicacións**.

A visibilidade e promoción da nosa produción é un reto que compartimos con outras universidades. Así, estivemos en feiras do libro (Madrid, Frankfurt, A Coruña, Guadalaxara e Liber); colaboramos co proxecto Cumulum, que se desenvolveu con ocasión do Día do Libro; inserimos fichas de novidades bibliográficas en diferentes medios e cedemos de balde exemplares das nosas publicacións a di-


versas institucións que nolos solicitaron para as súas bibliotecas. Tamén contribuímos a algúns dos eventos máis destacados do ano 2010 en Galicia, como foron o Xacobeo ou o Día das Letras Galegas dedicado a Uxío Novo Neira, celebrados respectivamente coa publicación dos libros *Mi sombra en el camino* e *A man que caligrafando pensa*.

Así mesmo, xestionamos a produción, a promoción e a distribución dun total de 21 volumes, en formato de libro impreso, CD ou publicación en liña, e 11 volumes de publicacións periódicas.

Con actividades socioculturais como música e teatro, cinema e imaxe, obradoiros... a UDC aposta por estender a cultura dentro e fóra da institución, implicarse na vida cidadá e intervir de xeito expansivo no enriquecemento cultural da cidadanía. A UDC busca achegar a actividade cultural a esta, especialmente nas áreas que non son ofrecidas de xeito habitual polas canles culturais de maior potencial, é dicir, búscase traballar en áreas que non teñan a suficiente oferta no resto dos diferentes estamentos culturais da área de influencia desta universidade. *Para ver con máis detalle a actividade cultural pódese consultar a sección "Estudantado".*

En ligazón directa co mundo da cultura, a UDC proxecta inaugurar no ano 2011 un novo centro cultural bautizado co nome de "Normal", facendo un chiscadela de ollo á antiga Escola Normal de Maxisterio, máis coñecida como "La Normal". Preténdese tamén dar unha idea do carácter pouco normal que terá a programación deste centro, cunha oferta cultural diferenciada, moi ligada á mocidade, con temas como o skate, a arte urbana, grafitos... aberta a toda a cidadanía. O centro disporá dunha grande área expositiva; un auditorio polivalente totalmente acristalado, que poderá servir para dar charlas, ver proxeccións (cunha pantalla que se ve polas dúas caras) ou consultar revistas e todo tipo de publicacións; e un espazo que poderá ser destinado a outras actividades. A outra novidade deste inmoble será que a Universidade Sénior vai situarse no seu primeiro andar, unha vez finalicen as obras que se están executando.

Noutra orde de cousas, organizamos 2 campamentos de inglés no verán: un no campus de Elviña, a que asistiron 26 rapaces de entre 4 e 12 anos; e outro no campus de Ferrol, en que participaron 60 rapaces.



9. DEPORTE

A UDC comprométese a incrementar o aproveitamento das instalacións deportivas.

Promovemos e fomentamos a actividade física, con diferentes modalidades deportivas que reforzan a imaxe deportiva da nosa universidade, a través da Área de Deportes. Contamos cun amplo abano de instalacións para a práctica de tenis, fútbol, baloncesto, pádel... ximnasio, tatamis... de que pode gozar toda a cidadanía grazas ao abono de deporte UDC (pagamento dunha tarifa externa e sen necesidade de empadramento). O abono non é obrigatorio; porén, o seu uso repórtalles vantaxes aos seus usuá-

rios, ao lles proporcionar a gratuidade no uso das instalacións deportivas e descontos nas actividades. *Para ver con máis detalle a actividade deportiva, pódese consultar a sección “Estudantado”.*

Como actos puntuais destacan a celebración do Día do Deporte e o Premio do Deporte UDC. Así mesmo, cómpre non esquecermos o Campionato Galego de Deportes; o Campus Mauro Silva, organizado coa colaboración de Radio Voz e dos xogadores do Real Club Deportivo da Coruña; os campamentos multideportivos, dirixidos a nenos de entre 6 e 12 anos, en que participaron 83 rapaces; e os campamentos de verán, dirixidos a nenos de entre 6 e 12 anos, en que participaron 200 rapaces.



10. COMPROMISO SOCIAL

A UDC comprométese a fomentar unha cultura crítica, solidaria e participativa.

As liñas estratéxicas do noso compromiso social son tres: a igualdade de xénero; a cooperación para o desenvolvemento e o voluntariado social; e a atención á diversidade.

Da primeira destas liñas é responsable a **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX), servizo que centraliza toda a información sobre as situacións de desigualdade de xénero que poidan xurdir, así como sobre as súas causas e consecuencias, ofrece canles de xestión do conflito ás persoas afectadas e facilita, posteriormente, o seu coñecemento á comunidade universitaria e á cidadanía.

Apoiamos a consecución da igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, e procuramos a creación de sinerxías no labor a prol da igualdade de xénero. Alén diso, somos plenamente conscientes de que a OIX constitúe unha das unidades da UDC cunha maior responsabilidade de cara á cidadanía, toda vez que se as problemáticas de discriminación de xénero poden darse na UDC, non se dan en menor medida no conxunto da sociedade. Na asunción do compromiso e a responsabilidade da UDC, pretendemos contribuír ao debate sobre a materia no noso eido de incidencia, como contribución á construción dunha cidadanía crecentemente libre da discriminación de xénero.

Isto implica que as reflexións na materia realizadas ou impulsadas desde a OIX distan de se limitar ao eido académico. Lonxe diso, pretendemos cooperar na difusión dos debates sobre xénero coas redes organizadas da cidadanía, con vocación de dinamizar eses debates e dotalos de perspectivas innovadoras. Nesa tarefa, queremos establecer sinerxías e colaboracións coas organizacións de mulleres e coas redes activas en materia de xénero e de sexualidade.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV) é a responsable da segunda das liñas. Difunde e coordina as tarefas en materia de cooperación ao desenvolvemento e voluntariado social. O seu labor favorece o intercambio de información e de experiencias nestes campos entre a cidadanía e a co-

munidade universitaria, así como fomenta a creación dunha masa crítica e solidaria.

No campo da **cooperación para o desenvolvemento**, a OCV realiza tamén intensas colaboracións coas seguintes ONG: Enxeñaría sen Fronteiras-Galicia, Acsur-Las Segovias, Entreculturas, Intermón-Oxfam, Survival, e InteRed Galicia. *Para ver con máis detalle esta actividade pódese consultar a sección "Estudiantado".*

No ano 2010 integrámonos na Comisión de Cooperación para o Desenvolvemento, adscrita ao Comisión Española Universitaria de Relacións Internacionais (CEURI), unha das comisións sectoriais da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). E subscribimos o Código de conduta das universidades sobre cooperación para o desenvolvemento, como símbolo do compromiso solidario da UDC e da súa vontade de axustar as actividades de cooperación para o desenvolvemento.



to aos procedementos e criterios éticos que o dito código establece.

No campo do **voluntariado social** a OCV presenta as seguintes actividades:

1. Programas propios: actividades lúdicas (albergue de acollida de nenos de Bañobre), apoio ás tarefas escolares (barrios do Portiño e As Rañas), actividades lúdicas (Hospital Materno Infantil Teresa Herrera), charlas-colquio culturais (Centro Penitenciario de Teixeira), mobilidades e recollida de apuntamentos (Programa de acompañamento de estudantes discapacitados), rutas (con persoas sen fogar ou en risco de exclusión social).
2. Programas en colaboración con outras entidades: acompañamento a enfermos de cancro (Asociación Española contra o Cancro), apoio escolar aos menores en idade escolar dos campamentos xitanos (Fundación Secretariado Xitano), alfabetización de adultos e apoio escolar a nenos (Ecodesarrollo Gaia), clases de español á poboación senegalesa (Asesor-Teranga), estimulación cognitiva con enfermos de alzheimer (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer, AFAL-Ferrolterra), actividades de dinamización (Centro de Atención ao Minusválido Físico), actividades para mulleres sen teito (Fundación Fogar Santa Lucía), accións de sensibilización polo cambio climático (Sociedade Galega de Historia Natural) e actividades cos maiores (Residencia Abrente Ferrol).
3. Actividades con outras institucións: a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, Secretaría Xeral de Emigración, Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa UE), a Plataforma Coruñesa de Voluntariado, os Concellos da Coruña e Ferrol e a Fundación Ronsel.

Somos conscientes do importante que é que a cidadanía colabore activamente en todas as accións. No entanto, aínda que non cómpre estarmos feitos dunha pasta especial para prestar axuda, sempre é útil e necesaria a **formación**. Desta forma, ideamos

dous tipos de cursos, por un lado, as liñas formativas e de sensibilización orientadas á cooperación para o desenvolvemento: cursos de introdución ao desenvolvemento e de especialización en cooperación internacional e xestión de ONG; xornadas de sensibilización sobre inmigración e interculturalidade, así como sobre as crises esquecidas (conflictos bélicos, refuxiados e acción humanitaria); e polo outro, cursos de voluntariado que abranguen desde unha formación inicial e básica en que os voluntarios coñecen os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levarán a cabo, até a formación continua, en que se incide en aspectos específicos que se vinculan a cada un dos programas desenvolvidos.

É dicir, actividades, proxectos, campañas de sensibilización... e tamén formación. Formación en temas como a cultura xitana, a intervención social con menores e adolescentes en risco de exclusión social, a animación hospitalaria, a psicoloxía oncolóxica, a promoción de actitudes e condutas saudables, as habilidades sociais para o trato con persoas sen fogar e con persoas con discapacidade física, os primeiros auxilios na infancia, os traballos manuais aplicados ao trato con enfermos oncolóxicos, os primeiros auxilios psicolóxicos, a educación multicultural, a animación sociocultural e a dinamización de grupos.

A terceira liña de actuación do compromiso social é a atención á diversidade, ámbito do que é responsable **Unidade Universitaria de Atención á Diversidade** (ADI) do Centro Universitario de Formación de Innovación Educativa (CUFIE). *Para ver con máis detalle a actuación desta unidade pódese consultar a sección "Estudantado".*

11. ACTUACIÓN SOCIAL

A nosa actuación social non só está dirixida aos membros da comunidade universitaria, senón que implica a toda a cidadanía e máis en concreto a mocidade. O **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiantado** (SAPE), con presenza nos campus da Coruña e o de Ferrol, informa, asesora e orienta tanto academicamente, sobre os estudos e as súas saídas profesionais, como no tocante a cuestións de índole xuvenil: subvencións, axudas, asociacionismo, residencias, alugueres...

Así mesmo, no campo dos servizos non podemos esquecer os comedores universitarios, con prezos reducidos, de que pode facer uso toda a cidadanía. *Para ver con máis detalle a actividade do SAPE e os servizos que presta, así como o servizo dos comedores, pódese consultar a sección “Estudiantado”.*

A UDC pon á disposición da cidadanía a **Biblioteca Universitaria**, cunha capacidade total de **1.546** postos. *Para ver con máis detalle as prestacións da Biblioteca Universitaria pódese consultar a sección “Estudiantado”.*

Organizamos ao ano un alto número de congresos, cursos (incluídos os de verán), xornadas e seminarios. A **Oficina de Cursos e Congresos** (OCC), ademais de apoiarnos neste labor, achega as actividades universitarias como complemento da súa formación a todos os colectivos da cidadanía, acredita a realización das actividades para poder xustificar os coñecementos dos asistentes e facilita os medios para a súa realización. A **Sección de Protocolo** asesora ben na coordinación destes, ben na coordinación dos actos institucionais, co fin de conservar as tradicións e os usos propios da nosa institución, promover e difundir a súa imaxe máis institucional ante toda a cidadanía.

Por outra banda, a UDC, como labor social, aposta pola extensión da cultura universitaria a toda a cidadanía e ofrece unha resposta intelectual ás persoas que non tiveron a oportunidade de acceder a estudos avanzados ou ben desexan ampliar e actualizar os seus coñecementos, como formación continua. Así, co fin de dotar de interxeracionalidade a oferta formativa, e pensada para favorecer a integración e a participación das persoas maiores no mundo universitario, ofrecemos estudos espe-

cialmente pensados para eles na **Universidade Sénior**.

A Universidade Sénior da UDC é unha das que mellor funciona de España. Destaca por ter máis demanda de prazas que oferta, o que se materializa no número de estudantes matriculados, maior que nas universidades de Santiago de Compostela e Vigo xuntas. Actualmente conta con **598** estudantes matriculados (maiores de 50 anos e en situación de inactividade laboral) e con numerosos estudantes oíntes, antigos estudantes que desexan continuar asistindo ás clases.

O estudiantado recibe unha formación de calidade e ten acceso a todos os servizos da UDC. A Universidade Sénior permite o acceso, vía matrícula extraordinaria, ao curso de determinadas materias do grao de Humanidades (campus de Ferrol) e Socioloxía. O procedemento para acceder a unha titulación oficial é, vía ordinaria, mediante o exame para maiores de 25 ou 40 anos, segundo proceder.

No ano 2010 a UDC participou no IV Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores no SUG, que tivo lugar na Universidade de Vigo. Temos que remarcar, ademais, que a directora da Universidade Sénior da UDC forma parte do órgano executivo da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores, a través dunha vogalía. Desde esta posición desenvolve un papel fundamental para conseguir que a titulación obteña o carácter oficial de grao e que se poidan configurar validacións a nivel europeo.

12. XESTIÓN EFICIENTE

A cidadanía toma parte activa na gobernación da UDC a través da súa representación no **Consello Social**. Este órgano colexiado de goberno está integrado por 27 membros, dos cales 20 son nomeados en representación dos intereses sociais de Galicia: 6 son designados polo Parlamento de Galicia, 6 pola Xunta de Galicia, 4 polas organizacións empresarias, 2 polos sindicatos e 2 polas corporacións locais dos concellos en que os campus están situados, A Coruña e Ferrol.

Para ver con máis detalle a política de xestión pódese consultar a sección “Administración”.

EMPRESA



A empresa é un grupo de interese clave para a universidade en varios sentidos. Por un lado, é un dos ámbitos onde o estudantado porá en práctica todos os coñecementos adquiridos durante a súa época formativa; e, polo outro, a empresa por si mesma tamén desempeña un importante papel na formación continua dos egresados da UDC.

Así mesmo, a empresa é motor da innovación, pois a innovación vai progresando segundo as súas demandas e necesidades. A empresa, como axente social, demanda da UDC profesionalización e transferencia de coñecementos. A UDC inflúe na formación dos mozos e profesionais, na súa escala de valores, na súa maneira de interpretar o mundo e de se com-

portar nel e, pola súa vez, incide na deontoloxía profesional e orienta a definición da ética profesional de cada disciplina e o seu rol social.

Por iso, a empresa ten un claro interese na calidade académica da formación do estudantado e no bo facer investigador. Así mesmo, no actual mundo competitivo, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación son elementos fundamentais para garantir a competitividade das empresas e, nese labor, a capacidade e a experiencia dos equipos humanos da UDC constitúe un factor clave, como así o demostran os resultados dos proxectos de investigación dos últimos anos.


1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

O futuro da actividade dunha empresa e o seu éxito pasan por dispor de empregados cunha adecuada formación de acordo coas súas necesidades e pola incorporación de novos perfís de actuación. Neste sentido, unha formación completa e de calidade é requisito imprescindible para que o nivel de empregabilidade e incorporación ao mercado laboral do estudiantado sexa o óptimo.

Por iso, é importante que na universidade os estudantes se formen e se desenvolvan actitudinal e aptitudinalmente. Así, contamos cunha ampla oferta de estudos, que dan resposta a todas as necesidades das empresas actuais: graos, mestrados e cursos de formación específica, nas áreas de coñecemento que o mundo empresarial demanda:

- a) Ciencias Sociais e Xurídicas
- b) Ciencias da Saúde
- c) Ciencias
- d) Enxeñaría e Arquitectura

E accións complementarias como os programas de doutoramento ou de terceiro ciclo, ofrecidos tanto polos centros da UDC como polos institutos universitarios de investigación. *Para ver con máis detalle a oferta académica pódese consultar a sección de "Estudiantado".*



2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN


O esforzo da UDC para cualificar os seus profesionais permítelles presentar uns bos resultados de inserción laboral: a UDC supera en 4 puntos á media das universidades públicas españolas. As cifras de ocupación dos titulados da UDC superan nun 3,97% a media dos titulados no conxunto do sistema universitario español segundo o informe elaborado pola ANECA (datos do Informe de empregabilidade dos titulados da UDC presentado no ano 2009). A porcentaxe media de inserción laboral dos estudantes da UDC é do 72% a menos dun ano da súa titulación.

A maior nivel de estudos, maior rango de salario. A máis formación, menos paro. Segundo o último informe de empregabilidade, o 42% dos titulados perciben o estrato de salario máis alto, máis de 1.200 €/mes. A taxa de paro en España no ano 2010 era do 21,18% entre as persoas con estudos de nivel de secundaria, mentres que para os universitarios o nivel de paro reducíase ao 8,8%.

A valoración da empresa é moi positiva, pois o 88% das empresas da Coruña e Ferrol están satisfeitos co rendemento e a cualificación destes, segundo o Informe do Observatorio Ocupacional de empregabilidade dos titulados da UDC, ano 2009.

Os servizos da UDC vinculados co emprendemento e co emprego impulsan numerosas iniciativas para axudar os nosos titulados a conseguiren un emprego. Para facilitar a incorporación do estudiantado ao mundo laboral e á empresa contamos co **Servizo de Orientación Laboral** e o **Servizo de Autoemprego**, ambos dependentes do **Servizo de Apoio a Emprendemento e Emprego** (SAEE), a través dos cales o estudiantado pode resolver todas as súas dúbidas relacionadas coas saídas profesionais, as ofertas de emprego e de prácticas profesionais, a creación de empresas... Como dato salientable, no ano 2010 o Servizo de Autoemprego axudou a crear **16** empresas.

Para o desenvolvemento destas tarefas, a UDC emprega dúas ferramentas: o **Portal de Emprego** e a **III Feira Europea de Emprego**. A través do Portal de Emprego, as empresas que teñen asinado un convenio de colaboración coa UDC poden ofrecer



postos vacantes de prácticas e emprego. O obxectivo da UDC a este respecto é prestarlle á empresa un medio máis de publicidade co fin de axudar a integrar nos seus equipos o estudiantado e os egresados da UDC. No ano 2010, **416** empresas empregaron esta ferramenta, por medio da cal se xestionou un **22,13%** de prácticas e ofertas de emprego máis que no ano 2009.

No tocante á segunda, a Feira Europea de Emprego, por primeira vez de carácter virtual (2.0), foi organizada pola UDC en colaboración coa Deputación da Coruña e xestionada pola FUAC. A Feira nace como o foro de reunión perfecto (presentacións de empresas, mesas redondas, obradores EURES...) para iniciar contactos profesionais entre a empresa e os egresados da UDC, co fin de poder difundir os perfís requiridos e as súas necesidades de recursos humanos. Desta forma, na edición do ano 2010 recibimos **178.882** visitas, atendemos **4.980** usuarios e foron entregados nas casetas das empresas **1.836** currículos.

Outra ferramenta que lle permite á empresa coñecer de preto o capital humano da UDC é o **Observatorio Ocupacional**. É o servizo dedicado a actividades de investigación relacionadas co mercado laboral e coa incorporación dos egresados da UDC a el. A UDC ofrécelle á empresa, a través deste servizo, unha visión real do proceso de transición dos

egresados ao mercado laboral. O exemplo máis claro é o estudo sobre as competencias profesionais dos universitarios publicado, que analiza o que a empresa demanda dos egresados para tratar así de minimizar a diferenza entre os coñecementos e as habilidades adquiridos polo estudiantado e o que realmente demandan del os empregadores.

A formación procura impartir non só coñecementos senón tamén competencias e habilidades profesionais aplicadas á empresa.

Marca salientable das relacións establecidas entre a empresa e a UDC son os convenios de colaboración ou de cooperación educativa. Mediante a sinatura destes convenios, as empresas incorporan aos seus equipos estudiantado ou persoas que se acaban de titular na UDC, que participan nos programas de prácticas profesionais ou bolsas de formación xestionadas pola propia UDC ou pola **Fundación Universidade da Coruña** (FUAC). As prácticas teñen como obxectivo complementar a formación dos estudantes. A empresa capta, forma e adecúa o estudiantado ao posto en prácticas, e tamén ao posible futuro posto de traballo. A FUAC conta cun amplo abano de posibilidades no tocante aos programas de prácticas que a empresa pode ofrecer. *Para ver con máis detalle a oferta de programa de prácticas pódese consultar a sección "Estudiantado".*

Partindo da máxima de que a cooperación entre o mundo universitario e o mundo empresarial debe intensificarse, centrámonos en que unha das formas máis eficaces de facelo é a través da creación de novas empresas, especialmente de base tecnolóxica. Este é un mecanismo fundamental polo cal os coñecementos, tanto xerais como técnicos, adquiridos e desenvolvidos polas universidades son transferidos directamente ao sector industrial.

Na UDC, a creación de empresas de base tecnolóxica xorde no **Viveiro de Empresas**, servizo dependente da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Apoia a actividade de emprendemento dos membros da comunidade universitaria a través do asesoramento dunha consultoría que lles axuda a concretar o plan de empresa, e mediante actividades como as xuntanzas das empresas derivadas (*spin-off*) da UDC, polas que se realizan intercambios de experiencias e propostas de actividades conxuntas.

No ano 2010 lanzáronse dúas convocatorias para acceder a este viveiro, na primeira das cales entraron Goovent Technologies, Torus e Trileuco Solutions, mentres que na segunda accederon Avansig e Humigal. Así mesmo, a Agricin e Brigantium asignóuselles un consultor de apoio para axudalas a estudar a súa viabilidade, concretar os produtos, facer a análise de mercado e precisar o plan de empresa. A composición do Viveiro de Empresas da UDC a finais de 2010 é a seguinte: Galebook, Temias Desenvolvemento, Avansig, Humigal, Goovent Technologies, Trileuco Solutions e Bilega Energía.

A **Unidade de Apoio a Proxectos Europeos de I+D e Captación de Mercados Laborais na UE**, que tamén depende da OTRI, encárgase da análise, a busca e a captación de nichos de mercado. Proponlles aos membros da comunidade universitaria a posibilidade de crear empresas nos países membros da UE, co fin de promover a integración da comunidade universitaria da UDC no mercado laboral europeo.

De igual forma, e como apoio á UDC, a FUAC desenvolve as súas tarefas mediante os axentes de emprego propios, os cales prestan asesoramento para a posta en marcha dunha empresa, e promoven programas como a Aula de Unidade de Promoción Económica, que facilita ferramentas para a mellora da empregabilidade do estudiantado, ou o Plan experimental de emprego UNINSERT, na mesma liña que o anterior malia que cun carácter máis práctico, porque ademais de formación e asesoramento teórico presta formación práctica.

Os nosos recursos humanos e materiais constitúen motivos fundamentais para que a empresa conte coa UDC como ferramenta fundamental no desenvolvemento dos seus traballos de investigación.

A UDC ten na investigación un dos seus piares fundamentais, por un lado, como soporte dunha docencia de maior calidade e competitividade e, polo outro, como forma de lle devolver progreso á cidadanía de que se nutre.

Ademais dos recursos humanos, ofrecémoslle ao ámbito empresarial unha importante rede de laboratorios repartidos entre os nosos diversos centros



e o Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI), situado no campus de Elviña. É dicir, unha infraestrutura para levar a innovación alén dos nosos límites, xa que contamos coas últimas tecnoloxías en equipamentos.

A UDC comprométese a desenvolver o Parque Tecnolóxico.

Contribuímos ao progreso e á innovación coa posta en marcha do **Parque Tecnolóxico**. O Parque Tecnolóxico é un complexo de centros de investigación que se reparten entre os campus da Coruña e Ferrol, entendido como unha estrutura de colaboración rexional entre a UDC e a empresa, como parte da estratexia universitaria de desenvolvemento rexional. O Parque, realidade apoiada de forma decidida tanto pola administración como polo sector empresarial, xorde da necesidade de crear un espazo físico real e compartido para a relación universidade-empresa, partindo da premisa de aproveitar as fortalezas da UDC para deseñar os seus contidos.

Velaquí os cometidos dos centros de innovación tecnolóxica e investigación que o conforman:

- a) Promover a investigación e a transferencia de tecnoloxía.
- b) Facilitar a interrelación da empresa e a administración coa UDC en aspectos de asesoría técnica, formación, información... no ámbito de cada un.
- c) Procurar a transferencia de coñecemento e tecnoloxía no ámbito de cada un aos seus

grupos de interese, especialmente para mellorar a competitividade das empresas do sector.

- d) Buscar a mellora da calidade e a excelencia dos grupos de investigación da UDC.

Os centros de innovación tecnolóxica impulsados pola UDC e nela situados son os seguintes:

O **Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)**, composto por 6 laboratorios, está situado no campus de Ferrol. Lonxe de ser apenas un centro que presta os seus servizos á comunidade universitaria, a vocación do CIT é a de ser un espazo de traballo para os diferentes grupos de investigación que alí realizan a súa actividade coa idea de colaborar co contorno industrial e, así mesmo, aspirar ao seu propio financiamento.

Os servizos do CIT son estes:

- a) Investigación aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e o deseño, e a fabricación de prototipos.
- b) Asesoramento e consultoría tecnolóxica: diagnósticos científicos e auditorías, estratexia tecnolóxica e xestión da innovación, servizos de información e consulta tecnolóxica, comercialización da carteira tecnolóxica e lexislación.
- c) Servizos técnicos: ensaio e análise, e control de calidade dos produtos.

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS	2009	2010
Número de integrantes dos grupos de investigación	102	92
Número de investigadores contratados con cargo a proxectos	34	42
Número de técnicos especialistas	6	5
Número de contratos con empresas	–	–
Número de convenios con empresas	43	45
Número de empresas con que traballou	44	37
Número de proxectos con financiamento público	–	–
Número de proxectos activos durante o ano	45	36
FINANCIAMENTO TOTAL (€)	1.496.039,50	1.118.972,23

Durante o ano 2010 no CIT traballouse en 36 proxectos de investigación financiados por entidades públicas. Na sección dos contratos realizados con empresas, en que se inclúen contratos de asistencia técnica e contratos ou convenios para a realización de ensaios ou análises puntuais, apréciase un aumento da actividade, o que demostra o bo resultado dos esforzos por achegarse ao contorno industrial.

O **Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil** (CITEEC), creado por iniciativa da UDC a través de fondos FEDER e achegas da Xunta de Galicia, está situado no campus de Elviña. A súa misión é a mellora da investigación e o estudo no ámbito da construción, na vertente da edificación e a enxeñaría civil, sempre desde a óptica de análise experimental.

A actividade do centro desenvólvese principalmente nas seguintes áreas:

a) Fomento da investigación de base coa realización de estudos que amplíen o coñecemento nos campos afíns á enxeñaría civil. A realización de teses de doutoramento e memorias de licenciatura é o mecanismo polo que se promove este tipo de investigación, moi ligada aos departamentos universitarios.

b) Investigación aplicada mediante calquera dos mecanismos de captación de recursos cos fondos da Xunta de Galicia, Ministerio de Educación... que serven de apoio para a realización de proxectos de investigación.

c) Asesoría a empresas e institucións mediante convenios de colaboración que faciliten a investigación e o estudo de modelos físicos.

CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑARÍA CIVIL

	2009	2010
Número de integrantes dos grupos de investigación	79	77
Número de investigadores contratados con cargo a proxectos	17	16
Número de técnicos especialistas	6	6
Número de contratos con empresas	13	13
Número de convenios con empresas	–	–
Número de empresas con que traballou	–	–
Número de proxectos con financiamento público	–	–
Número de proxectos activos durante o ano	17	18
Financiamento total (€)	1.428.180,31	816.395,56
Número de convenios tramitados pola FICG con execución en laboratorios do CITEEC	–	12
FINANCIAMENTO DA XESTORA CITEEC SL (€)	61.289,88	45.372,93

O **Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns** (CITIC) est3 situado no campus de Elvi3a. O CITIC persegue potenciar o avance das tecnolox3as da informaci3n e as comunicaci3ns, e fomentar a transferencia 3 sociedade deste coñecemento como veh3culo para mellorar as pr3cticas relacionadas co desenvolvemento e aplicaci3n do s3ftware, as3 como a innovaci3n en produtos e servizos para a sociedade da informaci3n.

Os servizos do CITIC son os seguintes:

a) Investigaci3n e desenvolvemento (desenvolvemento tecnol3xico, investigaci3n apli-

cada e dese3o e fabricaci3n de prototipos) no 3mbito do s3ftware, mediante a contrataci3n de proxectos con empresas, ben directamente ou ben a trav3s de convocatorias competitivas.

b) Asesoramento e auditor3a tecnol3xica (diagn3sticos cient3ficos, tecnol3xicos e auditor3as, asesoramento en incorporaci3n de novas tecnolox3as na empresa).

c) Servizos t3cnicos (normalizaci3n, certificaci3n e homologaci3n, e control de calidade do s3ftware).

CENTRO DE INVESTIGACI3N EN TECNOLOX3AS DA INFORMACI3N E AS COMUNICACI3NS

	2009	2010
N3mero de integrantes dos grupos de investigaci3n	103	106
N3mero de investigadores contratados con cargo a proxectos	5	14
N3mero de t3cnicos especialistas	3	3
N3mero de contratos con empresas	12	22 (novos) + 12
N3mero de convenios con empresas	-	-
N3mero de empresas con que traballou	-	-
N3mero de proxectos con financiamento p3blico	2	2
N3mero de proxectos activos durante o ano	2	34
FINANCIAMENTO TOTAL (€)	782.078,31	1.177.125,52

No ano 2010 a procedencia do financiamento dos proxectos do CITIC foi a seguinte: **44,7%** p3blico (**526.035,20 €**) e **55,3%** (**651.090,3 €**) privado; mentres que no ano 2009 foi como segue: **54,5%** p3blico (**426.232,68 €**) e **45,5%** (**355.845,63 €**) privado.

Para ver con m3is detalle a evoluci3n das actividades destes tres centros tecnol3xicos no ano 2010 p3dese consultar o Informe do reitor 2010.

A3nda en fase de construcci3n, co remate e equipamento previsto para o ano 2011, o **Centro de Investigacións Cient3ficas Avanzadas** (CICA) ten como obxectivo acoller os grupos de investigaci3n da UDC que traballan en proxectos relacionados coa enerx3a e os recursos naturais.

En fase de proxecto, o **Centro de Innovaci3n Tecnol3xica para a Terceira Idade e Colectivos de Persoas Dependentes** (ASISTA) ten como obxectivo acoller os grupos de investigaci3n da UDC que traballan na 3rea sanitaria da UDC, en concreto aqueles que pescuden innovaci3ns tecnol3xicas para a terceira idade. A UDC 3 adem3is patr3no da Fundaci3n Centro Tecnol3xico T3xtil Galego, con sede provisional no Parque Tecnol3xico da UDC.

Situados no Edificio de Servizos Centrais de Investigaci3n (ESCI), e constitu3dos por unha serie de laboratorios dotados de persoal altamente especializado en investigaci3ns cient3ficas e cun equipamento de alto nivel tecnol3xico, os **Servizos de Apoio 3 Investigaci3n** (SAI) prestan os seus servizos 3s instituci3ns p3blicas e privadas: asesoramento cient3fico e apoio na resoluci3n de problemas t3cnicos



e experimentais, así como posta a punto de novas metodoloxías de análise propias co fin de mellorar e ampliar as prestacións das diferentes unidades. *Para ver con máis detalle o seu labor pódese consultar a sección “PDI”.*

O respecto dos principios éticos e o cumprimento da normativa xurídica aplicable a cada un dos traballos de investigación realizados deben serlle garantidos por parte da UDC á empresa, dada a importancia que esta lle presta á dimensión ética da investigación. Por iso a UDC conta cun **Comité de Ética** que vela polo cumprimento das boas prácticas de investigación en relación cos dereitos fundamentais das persoas, o benestar dos animais e os intereses vinculados coa defensa e a protección do medio.

A UDC comprométese a promover a transferencia dos resultados da investigación á sociedade e a actuar como axente de desenvolvemento rexional.

Como unha das principais fontes de coñecemento, a UDC desempeña no proceso de innovación tecnolóxica un papel cada vez máis importante. A canle que difunde este coñecemento é a **Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI)**, que é o organismo de interface entre a UDC e a empresa.

A súa misión é fomentar as relacións entre ambos os sectores, a través da identificación tanto da oferta xerada polos equipos investigadores da UDC como da demanda das empresas, xurdida das súas necesidades en materia de tecnoloxía e I+D. Se non se ofrecen respostas ás demandas da empresa, a UDC pódese afastar rapidamente das pulsións do cambio económico do seu contorno. O fin é, precisamente, facer efectiva a transferencia de resultados. Para iso, a OTRI conta cunha base de datos en que se recollen as liñas de investigación e a oferta da UDC, a través da cal establece reunións coas empresas dos sectores en que os grupos de investigación teñen fortalezas.

Así mesmo, a OTRI presta asesoramento aos equipos investigadores da UDC a través da elaboración de contratos de investigación e propostas de proxectos de I+D, da solicitude de patentes... É dicir,

apoiando as actividades desenvolvidas polos investigadores.

No ano 2010, por medio da OTRI, na UDC tramitamos **14** rexistros de sóftware e **5** solicitudes de novas patentes nacionais, **1** patente internacional e **1** modelo de utilidade. Así mesmo a Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) concedeu **5** novas patentes tramitadas en anos anteriores

Por outra banda, alén de transferir os resultados das súas investigacións, o PDI transfire tamén os coñecementos científicos xerados na súa actividade, ao promover a ciencia no seu contorno e procurar incrementar o nivel de alfabetización científica da cidadanía. Para isto foi creada a **Unidade de Divulgación e Cultura Científica**. Na súa actividade, baseada en ciclos e obradoiros e de grande amplitude, colabora entre outras coas seguintes institucións: Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), Real Academia das Ciencias Exactas Físicas e Naturais, Rede de Bibliotecas do Concello de Oleiros e Unicaja-ASECI (Asociación Española de Ciencia e Imaxe Científica).

A **FUAC**, como unidade de interface, pon ao servizo da empresa local, nacional ou internacional, en xeral, e as pemes, en particular, a súa capacidade de xestión en temas de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación por medio da sinatura de proxectos: contratos de investigación ou asistencias técnicas.

A certificación de proxectos de I+D+i que leva a cabo a FUAC supón para a empresa importantes beneficios:

- a) Demostrar ante calquera parte interesada a natureza científico-técnica dunha actividade.
- b) Identificar posibles proxectos e/ou actividades de I+D+i.
- c) Axudar a establecer un correcto rexistro das actividades e homoxeneizar a súa xestión.
- d) Servir de soporte para a presentación de valoracións previas e consultas vinculantes á Dirección Xeral de Tributos, co que se permite obter unha seguridade total na aplicación das deducións.

e) Potenciar a marca de excelencia e prestixio para a súa imaxe corporativa.

f) Gozar das últimas novidades canto á aplicación dos incentivos fiscais.

Asumimos o noso compromiso coas necesidades de innovación do tecido empresarial do contorno poñendo á disposición das empresas todo o potencial científico e tecnolóxico dos nosos grupos de investigación, ben por medio dos institutos universitarios de investigación, ben por medio das cátedras empresariais. Os primeiros cobren unha ampla oferta no campo docente: programas de terceiro ciclo, mestrados e cursos de especialización.

O fin da actividade dos **institutos universitarios de investigación** é a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e da investigación científica e técnica nos campos en que cada instituto destaca, así como a súa transferencia ao campo empresarial a través dos grupos de investigación de cada un. A UDC conta con **6** institutos, que son os seguintes: o Instituto de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, o Instituto de Ciencias da Saúde, o Instituto de Medio Ambiente, o Instituto de estudos Marítimos, e o Instituto de Estudos Irlandeses Emergin. *Para ver con máis detalle a súa actividade pódese consultar a sección "PDI".*

A xeración de coñecemento científico e tecnolóxico e a súa transferencia ao sector produtivo fan necesario que a UDC promova distintos modelos de cooperación que se adapten aos obxectivos formulados por cada unha das entidades colaboradoras. Por iso, as **cátedras empresariais** son a mellor opción para potenciar a relación universidade-empresa de forma estable a longo prazo na área científico-tenolóxico de interese común.

Desta forma, a empresa ten acceso directo tanto aos recursos humanos que posúe a UDC como a determinadas infraestruturas, e pode apoiar diferentes actuacións que foren exclusivas da I+D. As cátedras empresariais créanse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a UDC e a empresa, co fin de establecer unha relación estable continuada entre ambas, de modo que se alcancen resultados que redunden directamente en beneficio de ambas mediante estratexias de docencia, formación e investigación planificadas conxun-



tamente. A cátedra é un modelo de colaboración universidade–empresa cuxo obxectivo é promover a cooperación no desenvolvemento social, cultural, científico e tecnolóxico do noso contorno xeográfico de influencia.

A UDC conta con **4** cátedras:

- a) A Cátedra Bioibérica SA, cuxo obxectivo é a realización e a difusión de traballos de investigación sobre enxeñaría tisular e a nivel de cartílagos articulares dentro da área da patoloxía osteoarticular.
- b) A Cátedra INDITEX RSC, cuxo obxectivo é o estudo e a promoción da responsabilidade social corporativa no mundo empresarial a través de conferencias, seminarios e investigacións, así como a potenciación da responsabilidade social no campo da propia UDC, entendida como responsabilidade so-

cial universitaria, coa realización desta Memoria RSU.

- c) A Cátedra da Fundación Caixa Galicia, cuxo obxectivo é a divulgación e a promoción da cultura emprendedora no marco da relación entre a UDC e as empresas e institucións do seu contorno, a través de diversas actividades: o establecemento de mecanismos que facilitan a transferencia de tecnoloxía entre a UDC e as empresas, o pulo á incorporación dos egresados da UDC no tecido empresarial e a promoción da presenza efectiva da UDC en parques tecnolóxicos, empresas e iniciativas semellantes.
- d) A Cátedra da Empresa Familiar, cuxo obxectivo é o desenvolvemento dunha materia docente no plan de estudos de carácter económico sobre o modelo empresarial familiar, e de liñas de investigación vinculadas.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

Como as empresas, facemos un importante esforzo por fomentar o noso carácter internacional. O poder de atracción dos mellores estudantes estranxeiros, os programas de intercambio de estudantes, PDI e PAS e a súa preparación para o mercado global, o desenvolvemento de colaboracións académicas e de investigación con institucións internacionais... son aspectos en que traballamos con constancia e tesón para establecer as alianzas empresariais máis fortes.

4. MEDIO

De maneira xeral, os impactos ambientais xerados pola UDC pódense clasificar en impactos indirectos (o transporte de toda a comunidade universitaria desde as súas casas até os diferentes centros e os provocados polo consumo de bens e servizos, por exemplo) e impactos directos (consumo de recursos naturais, xeración de residuos perigosos e non perigosos, emisións á atmosfera, por exemplo).

A empresa, como axente activo do contorno, preocúpase pola minimización destes impactos no desenvolvemento das súas actividades e polo cumprimento dunha política axeitada de aforro enerxético no consumo de recursos, é dicir, confía nun adecuado plan de sustentabilidade da UDC que beneficie a todo o seu contorno.

Do mesmo xeito, a accesibilidade aos centros e edificios que compoñen a UDC, a planificación urbana e territorial da UDC de acordo cos plans estratéxicos territoriais das cidades en que están situados

os seus campus, a preocupación pola restauración forestal e paisaxística... son temas de interese para a empresa, pois é consciente de que un contorno sustentable e urbanisticamente ordenado non só é beneficioso para a comunidade universitaria, senón tamén para ela mesma. *Para ver con máis detalle a política ambiental pódese consultar a sección "Cidadanía".*

5. TIC

As TIC na UDC non son apenas unha ferramenta de comunicación (sitio web corporativo, puntos de información, atención telefónica), senón que se trata dun elemento que destaca o carácter tecnolóxico da propia institución pola súa capacidade investigadora e polo desenvolvemento das necesidades da empresa, a través de todas as súas ferramentas de investigación: o amplo equipo de investigadores, os centros tecnolóxicos de innovación e investigación, as liñas de investigación establecidas tanto nos institutos universitarios de investigación como nas cátedras empresariais, o asesoramento prestado pola OTRI e os SAI. *Para ver con máis detalle a oferta en investigación en tecnoloxías pódese consultar o punto "Transferencia do coñecemento e investigación" desta sección.*

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A empresa galega aposta polo fomento do uso da lingua galega como marca de identidade. *Para ver con máis detalle a actividade de normalización lingüística pódese consultar a sección "Cidadanía".*



7. COMUNICACIÓN

A comunicación non só é esencial para a promoción institucional da nosa universidade, mais tamén é garante da necesaria transparencia da súa xestión como servizo público. A proxección da UDC no tecido empresarial necesita máis visibilidade e, sobre todo, máis impacto.

Por iso, a UDC conta con elementos expresamente destinados ao mundo empresarial: a revista **U+S Blogspaper**, en que se publican artigos de investigación, entrevistas a persoeiros da cultura empresarial, reportaxes da actualidade socioeconómica do contorno da UDC... e en que o Consello Social, como órgano colexiado de participación da empresa na UDC, ten un espazo especial. *Para ver con máis detalle a actividade de comunicación pódese consultar a sección “Cidadanía”.*

8. CULTURA

A UDC ofrece un alto número de actividades socioculturais de que as empresas, en particular, os seus empregados poden gozar: música, cinema, imaxe e obradoiros, teatro e danza, literatura... *Para ver con máis detalle a actividade cultural pódese consultar a sección “Estudantado”.*

9. DEPORTE

A UDC ofrece un gran número de actividades deportivas a todos aqueles que se queiran achegar á UDC: deporte recreativo, sala muscular e actividades na natureza e no mar, entre outras. *Para ver con máis detalle a actividade deportiva da UDC pódese consultar a sección “Estudantado”.*



10. COMPROMISO SOCIAL

O cumprimento dos principios de non-discriminación e de igualdade de oportunidades laborais entre homes e mulleres, así como a posición que ocupa a muller no mercado laboral, son temas de grande importancia na actualidade en calquera ámbito de traballo e de especial interese para a empresa. A difusión destes principios e a defensa dos dereitos das mulleres, alén da intermediación nos posibles conflitos de discriminación por cuestión de xénero foron o motivo de creación da **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX).

O seu fin é concienciar o colectivo universitario na liña dos temas de preocupación social do mundo empresarial. Sen prexuízo diso, a OIX, como o conxunto da UDC, ten un compromiso de responsabilidade co seu contorno xeográfico, cultural, social, económico e político, de xeito que os seus obxectivos transcenden o eido académico, na medida en que se pretenden aptos para intervir na mellora da calidade de vida no conxunto da sociedade.

Como resulta evidente, iso inclúe tamén o mundo empresarial. Desde esta perspectiva, a preocupación da OIX pola problemática da discriminación de xénero no ámbito do traballo e da empresa conduce a que a devandita materia sexa abordada en estudos de investigación e seminarios que a OIX pretende impulsar ou reforzar.

Esas análises, en particular as derivadas de estudos realizados por grupos de investigación da UDC con perspectiva de xénero, pónense ao dispor da sociedade e tamén do mundo da empresa, coa expectativa de que estas tarefas poidan contribuír a ir diminuíndo as situacións de discriminación de xénero no contexto laboral e empresarial.

Por outra banda, a cultura do desenvolvemento, a cohesión social, a diversidade cultural, a integración de comunidades minoritarias, a problemática das comunidades urbanas e rexionais, as diferenzas funcionais... son temas de preocupación para a empresa. Estes temas inciden nas decisións políticas, nas iniciativas económicas, nas reformas sociais...

Por iso é tan importante que toda a comunidade universitaria se forme e eduque tendo presente es-

tas inquiredanzas, que non son xa só da cidadanía. Na UDC canalízanse a través da **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV), e as empresas poden participar: programas de voluntariado social, programas de cooperación para o desenvolvemento e liñas formativas e de sensibilización orientadas cara a estes temas. *Para ver con máis detalle o compromiso social da UDC pódese consultar a sección "Cidadanía".*

11. ACTUACIÓN SOCIAL

Ao igual que as empresas, a UDC ten un compromiso de respecto dos dereitos dos traballadores mediante a súa atención e o cumprimento do principio de non-discriminación.

12. XESTIÓN EFICIENTE

A participación nos órganos Colexiados de goberno e na toma de decisións da UDC, como universidade pública, é un dereito da empresa. O **Consello Social**, órgano de participación da sociedade na universidade, garante a presenza da empresa na UDC a través da súa composición. Do Consello Social forman parte por 4 empresarios designados polas organizacións empresariais do contorno da UDC, en representación dos intereses sociais de Galicia.

O beneficio é recíproco, dadas as sinerxías existentes entre ambos os axentes sociais e económicos, e a importancia do necesario aumento das relacións de colaboración e cooperación entre eles.

No ano 2010, os representantes das organizacións empresariais foron estes:

- D. Julio Rivero Gómez
- D. Francisco J. Santiáñez Orero
- D. Enrique Ulloa Canalejo
- D. Antonio Couceiro Méndez

Para ver con máis detalle a política de xestión da UDC pódese consultar a sección "Administración".

ADMINISTRACIONES PÚBLICAS



Cando falamos da administracións públicas referímonos aos poderes públicos nos ámbitos local, autonómico e nacional. As administracións públicas cumpren a función, por un lado, de configurar o marco xurídico en que desenvolvemos as nosas actividades; e, polo outro, de nos garantir a autonomía e os recursos necesarios para cumprir cos nosos cometidos. En correspondencia, marcamos as nosas políticas de xestión, formación e organización coa máxima responsabilidade, no sentido de rendérmolles contas e de facer o uso máis eficaz

dos recursos, na procura, ademais, de contribuírmos axeitadamente ás necesidades estratéxicas locais e autonómicas.

A vida organizacional, os Estatutos, os costumes e a toma de decisións da UDC veñen estipulados nese "contrato social" que asinamos coas administracións públicas: democracia, transparencia, bo goberno, prácticas éticas, respecto dos dereitos laborais, diálogo, prácticas ambientais sustentables...

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A UDC debe utilizar os recursos financeiros de que dispón da maneira máis eficaz posible. Ten a obriga, ante as administracións públicas, da correcta impartición de formación ao estudiantado e de empregar as cualificacións e capacidades transmitidas a este para o ben común da cidadanía. O obxectivo é lograr un rendemento social máximo do investimento de tales recursos.

Por iso, a UDC conta cun amplo catálogo de titulacións nos diferentes ámbitos científicos:

- a) Artes e Humanidades
- b) Ciencias Sociais e Xurídicas
- c) Ciencias da Saúde
- d) Ciencias
- e) Enxeñaría e Arquitectura

Por outra banda, as administracións públicas perseguen xunto coa UDC o cometido de integrar as persoas maiores no mundo universitario por medio de estudos especialmente pensados para eles. Así, no ano 2010, a Universidade Sénior recibiu un impulso externo por medio de dous convenios de colaboración: un coa Consellería de Traballo e Benestar, por un importe de **25.000€**, e outro co Concello de Ferrol, por un importe de **12.000€**.

2. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E INVESTIGACIÓN

A nosa vinculación coas administracións públicas non debe quedar reducida ao desenvolvemento dunha comunidade de profesionais nas diferentes áreas disciplinarias, cada vez mellor formados. Implica, para alén, a aplicación directa dos coñecementos científicos xerados por parte da UDC para resolver os problemas cuxa resolución demanda a cidadanía en xeral.

Como universidade pública, obtemos a maior parte do noso financiamento para a investigación das administracións públicas. Por iso adquirimos o compromiso de aplicar os nosos recursos de forma responsable, cubrindo as necesidades dos nosos grupos de interese, co fin de devolvermos acre-

centados eses recursos en forma de produción de novos coñecementos a través do ensino e a formación, o emprego e o emprendemento, e a divulgación de tecnoloxías de investigación e innovación por medio de novos procedementos industriais ou servizos.

Participamos en todos os procesos socioeconómicos e desempeñamos un papel fundamental nos seguintes ámbitos:

- a) O ensino e a formación e, en particular, a formación de investigadores.
- b) A investigación e a explotación dos resultados desta, grazas á cooperación industrial e ao aproveitamento das vantaxes tecnolóxicas.
- c) O desenvolvemento autonómico e local, ao que pode contribuír de maneira significativa a través da creación de empresas e da creación de emprego.

Neste sentido, o Estado e a Xunta de Galicia, ben a través do Ministerio de Educación, ben a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respectivamente, co fin de establecer un marco efectivo de igualdade para o acceso, a permanencia e o desenvolvemento dos estudos universitarios, desenvolven unha ampla oferta de bolsas: bolsas de mobilidade, bolsas de colaboración en departamentos universitarios, bolsas ao estudo, bolsas ás asociacións de estudantes, premios extraordinarios de fin de carreira...



3. INTERNACIONALIZACIÓN

O prestixio e o recoñecemento no mercado internacional do ensino superior da nosa universidade, a obtención de acreditacións internacionais... son aspectos en que traballamos co fin de potenciar-mos un maior ingreso de recursos económicos por parte das administracións públicas.

As administracións públicas prestan axudas de carácter económico e complementario á comunidade universitaria que goza das bolsas Erasmus, a través do Ministerio de Educación ou da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. E ofrece diversas axudas para a realización de cursos de linguas como o inglés, o alemán ou o francés, no estranxeiro, por medio do Ministerio de Educación, así como para o financiamento de estadias nos países da Unión Europea co fin de favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma, por medio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. MEDIO

A UDC destaca polo seu especial protagonismo na definición dos plans estratéxicos territoriais da Coruña e Ferrol e pola súa participación activa a través de asembleas xerais e comités executivos. Colabora e traballa conxuntamente coas administracións públicas, formulando recomendacións, deseñando estratexias, propiciando liñas de colaboración...

Como servizo de carácter público, temos que supor, tanto para a cidadanía como para a comunidade universitaria, un todo integrado nas cidades da Coruña e Ferrol. Neste sentido, as nosas actuacións en materia de urbanismo, edificación, instalacións e equipamento, desenvolvidas polo Servizo de Arquitectura e Urbanismo (SAU), están encamiñadas a aproximar, na medida do posible, o noso espazo físico aos nosos usuarios. Para iso, contamos coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. *Para ver con máis detalle a política ambiental pódese consultar a sección "Cidadanía".*

A UDC comprométese a facilitar a relación dos campus cos contornos metropolitanos.

A UDC comprométese a adaptar os campus de Ferrol e A Coruña aos principios do urbanismo sustentable e da arquitectura ecolóxica.

A UDC comprométese a desenvolver o planeamento urbanístico dos campus de Ferrol e A Coruña.



5. TIC

As TIC son un elemento que salienta polo especial carácter tecnolóxico da UDC. Como actuación sobresaliente, en colaboración coa Secretaría de Innovación e Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, implantamos a Oficina de Sólware Libre (OSL).

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As administracións públicas, como máximas responsables do desenvolvemento socioeconómico de Galicia, fomentan numerosas iniciativas co fin de potenciar o uso da lingua galega entre a comunidade. Así, e mediante a colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, podemos presentar numerosas propostas de actuación conxunta no marco do Espazo Europeo de Ensino Superior. *Para ver con máis detalle a actividade de normalización lingüística da UDC pódese consultar a sección "Cidadanía".*

7. COMUNICACIÓN

O elemento determinante para a transmisión de información, e dos valores e símbolos da UDC, é a comunicación. A comunicación é esencial para nós como garante da necesaria transparencia da nosa xestión, como servizo público. *Para ver con máis detalle a actividade de comunicación pódese consultar a sección “Estudantado”.*

8. CULTURA

Ofrecemos un alto número de actividades socioculturais de que as administracións públicas, por medio dos seus equipos, poden gozar: teatro e danza, cinema e imaxe, música e literatura, exposicións, ciclos, conferencias, cursos de formación... *Para ver con máis detalle a actividade cultural pódese consultar a sección “Estudantado”.*

Nesta sección cómpre resaltarmos as relacións coas distintas administracións públicas: o Parlamento de Galicia; a Xunta de Galicia: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Economía e Industria, Consellería de Facenda, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Consellería de Sanidade; a Delegación do Goberno en Galicia; a Deputación da Coruña e os concellos da Coruña, Ferrol e Arteixo.

9. DEPORTE

Ofrecemos un gran número de actividades deportivas para todos aqueles que queiran achegarse á UDC: deporte individual e colectivo, deporte recreativo e sala muscular, entre outras. *Para ver con máis detalle a actividade deportiva pódese consultar a sección “Estudantado”.*

10. COMPROMISO E ACTUACIÓN SOCIAL

A difusión da importancia de respectar os principios de non-discriminación e de igualdade de oportunidades laborais entre homes e mulleres, así como a defensa dos dereitos das mulleres e a intermediação nos posibles conflitos de diferenciación por cuestións de xénero, foron o motivo de crear

a **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX) como punto de partida para loitar cun problema que, grazas a iniciativas como esta, está a diminuír. No cadro deste xénero de preocupacións, progresivamente complementadas polas referentes á sexualidade e á opción sexual, a responsabilidade da OIX cara ás administracións públicas percorren fundamentalmente dúas liñas.

a) Unha liña de contribución. É ben certo que o conxunto das administracións públicas contan con unidades o servizos responsables do traballo en materia de igualdade de xénero; mais non o é menos que non todas contan co capital humano para o estudo destas materias de que dispón a UDC. Precisamente por iso, a OIX é consciente de que ten unha responsabilidade concreta no que se refire ao impulso constante das análises en materia de xénero, así como das propostas orientadas a superar as discriminacións.

b) Unha liña de tecido de sinerxías. Aínda que a OIX está comprometida coa contribución ás tarefas de igualdade de xénero que realizan as administracións públicas, tamén recibe achegas desta para desenvolver o seu traballo. Nos últimos anos a OIX contou coas contribucións en forma de axudas ou convenios do Servizo Galego de Igualdade, o Instituto da Muller, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e, sobre todo, a Deputación da Coruña.

A través da **Oficina de Cooperación e Voluntariado** (OCV), canalizamos os intereses da comunidade universitaria en programas de cooperación ao desenvolvemento e de voluntariado social, así como liñas formativas e de sensibilización orientadas cara a estes.

